



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

# **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN  
PROVINCIAL o 25 de febreiro de 2022

## **ÍNDICE DE ASUNTOS TRATADOS**

### **ASUNTOS**

#### **Información e actas**

1. Toma de posesión do deputado do Partido Popular, don Gumersindo Pedro Galego Feal ..... 6
- \*Declaración institucional condenando a agresión a Ucraína, solicitando a retirada das tropas rusas e o respecto ao dereito internacional..... 6
- \*Declaración institucional, 8 de marzo, día das mulleres..... 7
2. Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2022, do 28 de xaneiro. .... 9
3. Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 22 de xaneiro de 2022 ata o 18 de febreiro de 2022. .... 9

#### **Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

4. Aprobación da prórroga do Convenio de colaboración co Concello de Ferrol para Mantemento xeral da casa de acollida, anualidade 2022, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM) ..... 9

#### **Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais**

5. Aprobación técnica do Plan de Vías Provinciais (VIP) 2022, primeira fase ..... 12

#### **Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento**

6. Ratificación da resolución pola que se aproba a nova composición da mesa de contratación permanente da Deputación provincial da Coruña que modifica a designada por Resolución da Presidencia 49986 de 23 de decembro 2021. .... 13
7. Aceptación da encomenda de xestión de diversos expedientes de contratación do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña. .... 16

#### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural**

8. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reafirmado viais

municipais en Vilanova, Perbes e Miño", do Concello de Miño, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0507.0 ..... 19

9. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de vias nas parroquias de Quintas, Paderne, Obre, Adragonte, Vilamourel, Velouzas e Viñas", do Concello de Paderne, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, co código 2019.2000.0215.0 ..... 21

10. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de vias na parroquia de Souto, 2ª Fase", do Concello de Paderne, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0726.0 ..... 24

11. Aprobación do proxecto de terminación do investimento denominado "Mellora de pavimentos e servizos na Rúa Roseiras", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no POS+2020 co código 2020.2100.0049.2 ..... 26

12. Aprobación da modificación da cláusula XIII da vixencia do convenio administrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Realización de actividades que impulsen a proxección e promoción internacional da cidade da Coruña como destino de producións audiovisuais e do turismo cultural". ..... 29

### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

13. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, modificado polo Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, correspondente ao mes de xaneiro de 2022 e da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2022. .... 38

14. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao cuarto trimestre de 2021. .... 39

15. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao cuarto trimestre de 2021..... 39

16. Dación de conta da remisión do Orzamento do exercicio 2022 da Deputación e os seus entes dependentes á Administración do Estado. .... 39

17. Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación Provincial do

exercicio 2021. ....	<b>39</b>
<u>18. Dación de conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local. ....</u>	<b>40</b>
<u>19. Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables nos exercicios 2014 a 2021 (ambos inclusive). ....</u>	<b>40</b>
<u>20. Dación de conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2021. ....</u>	<b>40</b>
<u>21. Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2022 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia. ....</u>	<b>40</b>
<u>22. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2022 de aprobación polo Pleno. ....</u>	<b>40</b>
<u>23. Dación de conta das resolucións de presidencia números 49287/2021, 237/2022 e 2080/2022 polas que se nomea e cesa persoal eventual. ....</u>	<b>43</b>

### **Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible**

<u>24. Aprobación da formalización dun convenio administrativo co concello da Capela, para cofinanciar as actividades do proxecto de "Dinamización, comunicación e xestión do coworking A Capela ", dentro do Plan de Emprego Local .....</u>	<b>43</b>
---	-----------

#### **ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS**

<u>1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a eólica mariña .....</u>	<b>51</b>
<u>2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa dunhas pensións dignas.....</u>	<b>69</b>
<u>3.Moción que presenta o grupo provincial PSdeG-PSOE sobre saúde mental .....</u>	<b>78</b>
<u>4.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para instar á Institución á creación de albergues provinciais para a recollida de animais abandonados, así como a elaboración de programas de concienciación e protección dos mesmos .....</u>	<b>87</b>
<u>5.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para instar ao goberno de España e á Deputación de A Coruña a que se adhiran ao pacto de Estado por Ferrol .....</u>	<b>97</b>
<u>6.Moción que presenta o grupo provincial do PSdeG-PSOE sobre a abolición da prostitución .....</u>	<b>114</b>

<b>ROGOS E PREGUNTAS .....</b>	<b>122</b>
--------------------------------	------------

## **Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 25 de febreiro de 2022.**

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 25 de febreiro de 2022, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

### **Deputados/as**

#### **Asistentes:**

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M <sup>a</sup> Gallego Neira	PP
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedor	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

#### **Excusados:**

Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP

**Actúa como secretaria:** dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:04 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Bos días a todas e a todos. Comezamos o Pleno co primeiro punto da orde do día, que é a toma de posesión do deputado do Partido Popular don Gumersindo Pedro Galego Feal.

### **1.- Toma de posesión do deputado do Partido Popular, don Gumersindo Pedro Galego Feal**

Sra. Secretaria

Na Secretaría Xeral desta Deputación provincial consta a credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central na que se acredita que foi designado deputado provincial don Gumersindo Pedro Galego Feal, en substitución por renuncia de dona Martina Aneiros Barros, por figurar como suplente na lista de candidatos presentada polo Partido Popular nas eleccións locais do 26 de maio de 2019.

Don Gumersindo Pedro Galego Feal formulou declaración sobre as causas de posible incompatibilidade, sobre os seus bens patrimoniais e sobre aquelas actividades que lle proporcionan ou lle poden proporcionar ingresos económicos. Reúne, polo tanto, os requisitos necesarios para a toma de posesión como deputado provincial previa prestación do preceptivo xuramento ou promesa.

Sr. Presidente

Pode entrar o deputado electo no salón de sesións para a toma de posesión do seu cargo, prestando o preceptivo xuramento ou promesa.

Don Gumersindo Pedro Galego Feal toma posesión do seu cargo, con arranxo á fórmula establecida no R.D. 707/1979, de 5 de abril, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

(Entra no salón a Sra. González Castro).

Sr. Presidente

Moi ben. Empezamos coas declaracións institucionais. A primeira condenando a agresión a Ucraína, solicitando a retirada das tropas rusas e o respecto ao dereito internacional.

Sra. Secretaria

### **Declaración institucional condenando a agresión a Ucraína, solicitando a retirada das tropas rusas e o respecto ao dereito internacional**

Onte tivo lugar unha grave agresión a República Popular de Ucraína por parte das

tropas rusas invadindo parte do seu territorio. Unha agresión a un país soberano (lembramos que Ucraína ratificou a súa independencia da Unión soviética en 1991) que, se non se detén, pode desembocar nunha traxedia humanitaria na zona, e en Europa.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación da Deputación da Coruña adopta a seguinte DECLARACION:

1. Condena da agresión de Rusia a Ucraína e a total solidariedade co pobo ucraíno.
2. Petición dun inmediato alto o fogo e a retirada das tropas rusas do seu territorio.
3. Respecto ao dereito internacional, aos dereitos humanos e aos Acordos de Minsk, e traballar pola resolución do conflito no marco da ONU e da OSCE.
4. Retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas para acadar acordos de paz duradeiros.

Sr. Presidente

A segunda declaración institucional, polo 8 de marzo, Día das Mulleres.

Sra. Secretaria

### **Declaración institucional, 8 de marzo, día das mulleres**

Hai máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres.

Neste ano 2022 a Organización das Nacións Unidas escolleu o lema a "Igualdade de xénero hoxe para un mañá sostible" co obxectivo de recoñecer a contribución das mulleres e das nenas de todo o mundo, que están liderando os esforzos ante o cambio climático para construír un futuro máis sostible.

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes). Ademais, debemos recordar que malia as declaracións de intencións, a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Á situación de desigualdade laboral, súmase a desigualdade derivada da precarización e privatización dos servizos públicos, que alimentan unha economía en que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas. Así

mesmo, seguen pendentes compromisos como a demandada ratificación do convenio 189 da OIT, que é clave para a dignificación e protección das traballadoras do fogar.

Así, as Administracións públicas debemos seguir desenvolvendo políticas específicas dirixidas a mulleres en situación de dificultade ou especial vulnerabilidade. Sempre tendo en conta que o enfoque de xénero é transversal a outros moitos ámbitos, como o ambiental, de maneira que se fomenten os programas medioambientais nos que se poña en valor o papel das mulleres na conservación do medio e na xestión dos recursos autóctonos.

Para acabar con todas as fendas de xénero que se identifican en numerosos informes internacionais debe haber unha resposta de continuidade a través da organización de campañas de concienciación social e doutras actividades de sensibilización en favor da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos.

E para iso é fundamental que exista un compromiso rotundo dos partidos políticos, das organizacións sindicais, das administracións e institucións e de todas asociacións en xeral, que abarque actuacións coordinadas e proactivas neste senso, desde a mocidade ata as persoas de maior idade.

Como institución pública que traballa por conseguir unha sociedade en igualdade temos que converter o 8 de marzo en algo máis que unha data no calendario ou unha foto fixa un día no ano, hai que marcarse obxectivos, cumprir compromisos, adoptar decisións que contribúan a mellorar a situación, que dun xeito non demorado describimos neste texto, a rachar coa precarización e a cumprir compromisos que permitan que a sociedade avance na procurada da igualdade real.

Por todo o expresado, o pleno da Deputación da Coruña adopta os seguintes acordos,

1.- Procurar unha sociedade en que impere o modelo coeducativo enfocado á ruptura dos estereotipos de xénero así como valores como o respecto á igualdade e á diversidade. É o momento de sumar esforzos e seguir traballando conxuntamente para conseguir que a igualdade sexa unha realidade instaurada nos 365 días do ano.

2.- Intensificar a labor da Inspección de Traballo e Seguridade Social e demais accións de promoción contra a fenda salarial e pola igualdade efectiva no traballo, ao abeiro do plan Emprega en Feminino.

3.- Asegurar o benestar integral de todas as mulleres e avanzar noutras políticas de cohesión social e dinamización demográfica a través de medidas favorecedoras da plena igualdade e con perspectiva de xénero como reto irrenunciable

4.- Pedimos que non se demore máis a tramitación da ratificación do convenio 189 da OIT e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.

5.- Comprometémonos a realizar un programa de visibilización, sensibilización, motivación e orientación vocacional para rachar os estereotipos de xénero no acceso aos itinerarios formativos ( medida OE 4.3 da diagnose de igualdade)



Sr. Presidente

Antes de entrar de cheo na orde do día, imos dedicar un minuto de silencio aos mariñeiros falecidos no Villa de Pitanxo.

(Gárdase un minuto de silencio)

**2.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2022, do 28 de xaneiro.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 1/2022, do 28 de xaneiro.

**3.- Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 22 de xaneiro de 2022 ata o 18 de febreiro de 2022.**

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia, desde o 22 de xaneiro de 2022 ata o 18 de febreiro de 2022.

**4.- Aprobación da prórroga do Convenio de colaboración co Concello de Ferrol para Mantemento xeral da casa de acollida, anualidade 2022, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a segunda prórroga do Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol, para financiar o Mantemento xeral na casa de acollida, anualidade 2022, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de

apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM), de acordo co texto que se achega.

2.- Aprobar a achega da Deputación da Coruña, por importe de 100.891,64 €, que representa unha porcentaxe do 25,90 % do total do gasto previsto que é de 389.543,03 €.

**Acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida, anualidade 2022*, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM).**

Na Coruña, o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ na sede da Deputación Provincial da Coruña

### **REUNIDOS**

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación do Concello de Ferrol.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

### **MANIFESTAN**

Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo. polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que “Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente” e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...”. Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

Que o Concello de Ferrol, CIF P1503700E, no ámbito das súas competencias, ten unha *casa de acollida* para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a Rede Galega de Acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero.

A casa de acollida do Concello de Ferrol forma parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Título III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde recóllese a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero. No art. 48.1 establece que “Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero”.

Con este obxecto asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol o día 18 de setembro de 2020, formalizándose en documento administrativo 56/2020.

A cláusula XIV do dito convenio establece no seu apartado 1 unha vixencia ata o 31 de maio de 2021 e no apartado 2 que *poderá ser prorrogado anualmente **ata un máximo de 4 anos**, por acordo expreso entre as partes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio, logo da solicitude previa do concello de Ferrol realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia.*

Con data do 01 de outubro de 2020 o Concello de Ferrol solicita a prórroga do convenio para o ano 2021.

Con data do 16 de abril de 2021 a Deputación de A Coruña e o Concello de Ferrol asinan a primeira prórroga do convenio para o ano 2021, documento que figura no expediente número 2020000043145.

Con data do 1 de decembro de 2021 o Concello de Ferrol solicita a segunda prórroga do convenio para o ano 2022, a cal atópase na pestana de rexistro do expediente número 2021000046406.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello de Ferrol ambas as dúas partes acordan formalizar a presente prórroga do convenio de colaboración conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

**Primeiro.-** Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 18 de setembro de 2020,

por un ano, e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro do mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

**Segundo.-** A achega da Deputación da Coruña prevista na prórroga do convenio de colaboración para o ano 2022 é de 100.891,64 €, o que representa unha porcentaxe de 25,90 % do total do orzamento previsto que é de 389.543,03 €.

Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria 0611/23122/46201.

**Terceiro.-** Este acordo de prórroga entenderase condicionado á existencia de crédito orzamentario suficiente nos devanditos orzamentos xerais.

Faise constar que a presente prórroga do convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

## 5.- Aprobación técnica do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, primeira fase

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar o Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, primeira fase

1.- Aprobar técnicaamente os proxectos incluídos no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2022 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 1.478.180,11.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detallan:

CODIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2022.1110.0001.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP 4307 MALPICA PONTECESO, PQ 10+820 AO 11+820	PONTECESO	830.960,00 €	72.333,69 €
2022.1110.0002.0	DP 2303 MELLORA SEGURIDADE VIAL EN BERMÚN PQ 10+600 AO 12+200	CEE	647.220,11 €	47.758,85 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2022.1110.0001.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP 4307 MALPICA PONTECESO, PQ 10+820 AO 11+820	PONTECESO	830.960,00 €	72.333,69 €
2022.1110.0002.0	DP 2303 MELLORA SEGURIDADE VIAL EN BERMÚN PQ 10+600 AO 12+200	CEE	647.220,11 €	47.758,85 €

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**6.- Ratificación da resolución pola que se aproba a nova composición da mesa de contratación permanente da Deputación provincial da Coruña que modifica a designada por Resolución da Presidencia 49986 de 23 de decembro 2021.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Ratificar a Resolución da Presidencia Nº 6346 / 2022 de 2 de febreiro de 2022 pola que se aproba a nova composición da mesa de contratación permanente da Deputación provincial da Coruña que modifica a designada por Resolución da Presidencia 49986 de 23 de decembro 2021.

**“ RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A NOVA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA QUE MODIFICA A DESIGNADA POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA 49986 DE 23/12/2021**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial de A Coruña,

## Antecedentes

- 1º) Mediante Resolución da Presidencia nº 26008 do 29/07/2019 aprobouse a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos procedementos de contratación abertos e restrinxidos, procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- 2º) A composición da Mesa de Contratación foi ratificada polo Pleno na sesión de 12 de setembro de 2019, e publicada no BOP nº 182 de 25/09/2019.
- 3º) Mediante Resolución da Presidencia nº 35664 de 15/10/2019 aprobouse a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña nomeando como deputada titular na Mesa de Contratación da Deputación da Coruña a dona Sandra González Castro, en lugar de Don Bernardo Fernández Piñeiro.
- 4º) A nova composición da Mesa de Contratación foi ratificada polo Pleno na sesión de 2 de decembro de 2019, e publicado no BOP nº 198 de 17/10/2019.
- 5º) Por Resolución de Presidencia 34833 de 03/09/2021 aprobouse a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña nomeando como deputado titular na Mesa de Contratación da Deputación da Coruña a Don Roberto Rodríguez Martínez, en lugar de Dona Dalia García Couso, que cesou como deputada provincial.
- 6º) A nova composición da Mesa de Contratación foi ratificada polo Pleno na sesión de 1 de outubro de 2021, e publicado no BOP nº 174 de 13/09/2021.
- 7º) Por Resolución de Presidencia 49986 de 23/12/2021 aprobouse a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña nomeando como vogal á Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña Dona Amparo Taboada Gil, e como primer vogal suplente da Secretaria ao Oficial Maior D. Miguel Iglesias Martínez.
- 8º) A nova composición da Mesa de Contratación foi ratificada polo Pleno na sesión de 28/01/2022, e remitíuse para publicar no BOP o 01/02/2022.
- 9º) Visto o escrito do Grupo Provincial Popular no que se nomea como deputado titular na Mesa de Contratación da Deputación da Coruña a Don Valentín Alfonsín Somoza, tralo cese da deputada provincial Martina Aneiros Barros polo seu nomeamento como Delegada Territorial da Xunta en Ferrol.

## RESOLVO:

- 1º) Aprobar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos seguintes procedementos de contratación a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017:
  - aberto
  - aberto simplificado
  - aberto simplificadísimo do artigo 159.6
  - restrinxido
  - diálogo competitivo
  - licitación con negociación
  - asociación para a innovación

- procedementos negociados fundamentados en imperiosa urxencia prevista na letra b.1 do artigo 168

de maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña queda integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTE	
<b>PRESIDENTE</b>	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) <b>D. Xosé Lois Penas Corral</b>	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) <b>D. María Carmen Muíño Filgueira</b>	
<b>VOGAIS</b>	Secretario Xeral (con funcións de asesoramento xurídico) <b>D. Amparo Taboada Gil</b>	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE
		Oficial Maior <b>D. Miguel Iglesias Martínez</b>	Letrado asesor xurídico <b>D. Andrés Fernández Maestre</b>
	Interventor Xeral <b>D. José Manuel Pardellas Rivera</b>	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE
		Interventor adxunto <b>D. Juan Bautista Suárez Ramos</b>	Viceinterventor <b>D. José María Pérez Alvaríño</b>
<b>SECRETARIO CON VOZ E SEN VOTO</b>	Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación <b>D. Luis Jaime Rodríguez Fernández</b>	PRIMER SECRETARIO SUPLENTE	SEGUNDO SECRETARIO SUPLENTE
		Xefa da Sección I de Patrimonio e Contratación <b>Dª María José Lauda Pan</b>	Xefa da Sección II de Patrimonio e Contratación <b>Dª Beatriz Méndez López</b>
<b>ASISTENTES CON VOZ E SEN VOTO</b>	Deputada provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) <b>Dª Sandra González Castro</b>	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) <b>D. José Manuel Lage Tuñas</b>	
	Deputado provincial (Grupo Partido Popular, PP) <b>D. Valentín Alfonsín Somoza</b>	Deputado provincial (Grupo Partido Popular, PP) <b>D. Roberto Rodríguez Martínez</b>	
	Deputado provincial (Grupo Alternativa dos Veciños, AV) <b>D. Angel García Seoane</b>	-	
	Deputado provincial (Grupo Marea Atlántica, MA) <b>D. Alberto Lema Suárez</b>	-	

- 2º) Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución para a súa ratificación.
- 3º) Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.
- 4º) Publicar ademais, para dar maior difusión á composición da Mesa de contratación, no Boletín Oficial de la Provincia e no Portal de Transparencia desta Deputación."

## 7.- Aceptación da encomenda de xestión de diversos expedientes de contratación do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- ACEPTAR a encomenda do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña para realizar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares e dos pregos de prescripcóns técnicas, así como a tramitación do expediente administrativo de contratación a partir da aprobación do expediente e dos pregos de cláusulas administrativas e de prescripcóns técnicas, e ata a formulación da proposta de adjudicación (incluída a publicación na plataforma de contratación do sector público); en todos aqueles contratos, dos mencionados nos puntos anteriores, para os que sexa necesaria a constitución de mesa de contratación dos seguintes contratos:

OBXECTO	PRIORIDADE	LOTES
1. SERVIZO LIMPEZA EDIFICIOS (Mín. 2 anos)	1	A
2. LICITACIÓN 6 VEHÍCULOS 1ª INTERVENCIÓN	1	B
3. LICITACIÓN 7 VEHÍCULOS DE MANDO	1	B
4. LICITACIÓN VEHÍCULO XERENCIA (Renting 4 anos)	1	----
5. ADQUISICIÓN REMOLQUES MULTIUSOS	2	B
6. ADQUISICIÓN 6 EQUIPOS COMPLETOS DE APUNTALAMENTO	2	E
7. SUMINISTRO COMBUSTIBLE PARQUES (Gasóleo, Gas)	2	----
8. REVISIÓN E MANTEMENTO EQUIPOS ERAS (Mín. 2anos)	3	F



9. REVISIÓN E MANTEMENTO VEHÍCULOS (Mín. 2 anos)	3	H
10. REVISIÓN E MANTEMENTO DE DETECTORES (Mín.2 anos)	3	----
11. REVISIÓN E MANTEMENTO DE PARARRAIOS(SPEIS) (Mín. 2 anos)	3	I
12. REVISIÓN E MANTEMENTO DE CALDEIRAS (SPEIS)(Mín. 2 anos)	3	I
13. REVISIÓN E MANTEMENTO DE TERMOS (SPEIS)(Mín. 2 aNos)	3	I
14. REVISIÓN E MANTEMENTO DE CENTRAL INCENDIOS (SPEIS) (Mín. 2 anos)	3	I
15. REVISIÓN E MANTEMENTO DE PORTALÓNS(SPEIS) (Mín. 2 anos)	3	I
16. REVISIÓN E MANTEMENTO DE DEPÓSITOS GAS(SPEIS) (Mín. 2 anos)	3	I
17. PREGOS e LICITACIÓN OBRAS PARQUES (Segundoproxectos xa elaborados)		----
18. SEGUROS (Vehículos, Accidentes, R.C., Instalacións, ...) (Mín. 2 anos)	2	----
19. LICITACIÓN PROGRAMA XESTIÓN DE PARQUES	2	----
20. LICITACIÓN 12 TELÉFONOS ATEX	2	C
21. ADQUISICIÓN RAMPAS DE CARGA E 2 CARGADORES DE BOTELLAS	2	D
22. SERVICIO PLAGUICIDA (SPEIS) (Mín. 2 anos)	2	A
23. SERVIZO DE LIMPEZA E MANTEMENTO ZONAS VERDES	3	----
24. CAMBIO EQUIPOS ÓPTICOS VEHÍCULOS	2	C
25. ADQUISICIÓN BOTELLAS ERAS	3	D
26. ADQUISICIÓN EQUIPOS ERAS	3	D
27. ADQUISICIÓN FUNDAS PARA BOTELLAS ERAS	3	D
28. ADQUISICIÓN , con MANTEMENTO DE 10 CÁMARAS TÉRMICAS	3	----
29. REVISIÓN E MANTEMENTO MATERIAL RESCATE EN ALTURA (Mín. 2 anos)	3	----

30. REVISIÓN E MANTEMENTO EQUIPOS EXCARCELACIÓN (Mín. 2 anos)	3	<b>G</b>
31. REVISIÓN Y MANTEMENTO AUTOESCALERAS E BRAZOS (Mín. 2 anos)	3	----
32. RENOVACIÓN MATERIAL XIMNASIOS	3	----
33. SUBMINISTRO MATERIAL FUNXIBLE (Vario)	3	----
34. REVISIÓN E MANTEM. DE E.R.P.E.s (Mín. 2 anos)	3	<b>F</b>
35. REVISIÓN E MANTEMENTO DE BOTELLAS E.R.A.S(Mín. 2 anos)	3	<b>F</b>
36. REVISIÓN E MANTEM. DE XENERADORES (EQUIP + SPEIS) (Mín. 2 anos)	3	----
37. REVISIÓN E MANTENEM. COMPRESORES CARGA BOTELLAS (Mín. 2 anos)	3	<b>F</b>
38. REVISIÓN E MANTEMENTO DESFIBRILADORES	2	----
39. REVISIÓN E MANTEMENTO BOMBAS CONTRA INCEND. VEHÍC. (Mín. 2 anos)	3	<b>H</b>
40. LAVADO E HIGXENIZACIÓN EQUIPAM. CONTAMIN (Mín. 2 anos)	3	----
41. SERVICIO DE PREVENC. ALLEO DE P.R.L. (Mín. 2 anos)	1	----
42. ADQUISICIÓN VESTUARIO INTERVENCIÓN (Renting)	1	----
43. EQUIPOS DE COMUNICACIÓN INTRACRANEAL	2	<b>C</b>
44. REVISIÓN Y MANTEM. DE EQUIPOS OXIGENO-TERAPIA (Mín. 2 anos)	3	----
45. REVISIÓN Y MANTEMENTO DE COJINES ELEVACIÓN (Mín. 2 anos)	3	<b>G</b>
46. REVISIÓN Y MANTEMENTO DE EXTINTORES (Mín. 2 anos)	3	----
47. REVISIÓN Y MANTEMEN. MATERIAL PROTEC. DIELECTRICA (Mín. 2 años)	3	----
48. REVISIÓN E MANTEMEN. DE TRAXES PROTECCIÓN NIVEL III (Mín. 2 anos)	3	----
49. RENOVACIÓN LENCERÍA E MENAXE NOS 10 PARQUES	3	----

2º.- Así mesmo, e tras levar a cabo o procedemento de licitación e proposta de adjudicación de cada un dos referidos contratos pola Deputación da Coruña, o Consorcio unha vez formalizado o contrato co adjudicatario será o responsable da

execución do mesmo, pagamento e demais incidencias que poidan xurdir na execución do contrato así como todo o relativo á os efectos e extinción do contrato.”

**8.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reafirmado viais municipais en Vilanova, Perbes e Miño", do Concello de Miño, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0507.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reafirmado de viais municipais en Vilanova, Perbes e Miño", do Concello de Miño, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0507.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan Complementario

Logo de ver as Resolucións de presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), polas que se aprobou definitivamente a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, no que se inclúe este investimento cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Miño	2019.2001.0507.0	Reafirmado de viais municipais en Vilanova, Perbes e Miño	124.770,99	0,00	124.770,99

Logo de ver que o Concello de Miño, mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xaneiro de 2021, adxudicoulle a obra á empresa Arias Infraestruturas S.A, co NIF A15008485, por un importe de 98.229,02 €, que minoran a achega provincial inicial tal e como se indica na seguinte táboa, na que tamén se reflicten os datos de execución que constan no día de hoxe:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
<b>Concello de Miño</b> <b>Código: 2019.2001.0507.0</b> <b>“Reafirmado de vías municipais en Vilanova, Perbes e Miño”</b>	<b>Deputación</b>	124.770,99	98.229,02	26.541,97	0,00	98.229,02
	<b>Concello</b>	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>Total</b>	<b>124.770,99</b>	<b>98.229,02</b>	<b>26.541,97</b>	<b>0,00</b>	<b>98.229,02</b>

Tendo en conta que, mediante a Resolución da Alcaldía do Concello de Miño do 15 de setembro de 2021, subida á plataforma SUBTEL o 1 de outubro de 2021, declárase resolto este contrato con devolución da garantía constituída, ao rexeitar o contratista, mediante escrito asinado o 29 de xullo de 2021 polo director técnico da empresa adxudicataria, David Prada Monje, a modificación proposta polo concello reflectida nun proxecto técnico asinado dixitalmente o 13 de xullo de 2021 pola arquitecta técnica municipal e directora da obra, Eva María González López, ao que prestou a súa conformidade a redactora o proxecto inicial, cun orzamento de contrata superior ao do proxecto incluído no Plan, para axustar o proxecto inicial á realidade da obra e que posteriormente, o 19 de outubro de 2021, este proxecto técnico modificado foi supervisado desfavorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación (en adiante SATM) por advertirse nel deficiencias que se tiñan que emendar

Logo de aprobar o Concello de Miño un proxecto técnico modificado corrixido deste investimento, asinado dixitalmente o 3 de novembro de 2021 pola directora da obra, cun incremento do orzamento de contrata respecto do proxecto incluído no Plan que é asumido integramente polo concello, para emendar as deficiencias que se advertiran polo SATM no seu informe emitido o 19 de outubro de 2021 e que conta cun informe de supervisión favorable emitido o 16 de novembro de 2021 polo SATM desta deputación, así como cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de axustar o proxecto inicial ao estado actual dos camiños a pavimentar

Logo de ver o escrito do representante da empresa adxudicataria da obra, asinado o 9 de novembro de 2021, onde manifesta que non vai realizar ningún tipo de alegación respecto da resolución do contrato

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018 e que lle son aplicables ao POS+ Adicional 1/2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Reafirmado de viais municipais en Vilanova, Perbes e Miño", do Concello de Miño, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0507.0, asinado dixitalmente o 3 de novembro de 2021 pola directora da obra, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa conformidade da redactora do proxecto inicial e logo da resolución do contrato coa empresa adxudicataria, coa finalidade de axustar o proxecto inicial ás necesidades actuais da obra dado o deterioro experimentado polos camiños desde a redacción do proxecto inicial ata o replanteo da obra e tendo o proxecto modificado un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Miño, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con resolución de contrato Concello de Miño "Reafirmado de viais municipais en Vilanova, Perbes e Miño" Código 2019.2001.0507.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación		
Deputación	124.770,99	98.229,02	98.229,02	0,00
Concello	0,00	0,00	45.194,42	45.194,42
<b>Total</b>	<b>124.770,99</b>	<b>98.229,02</b>	<b>143.423,44</b>	<b>45.194,42</b>

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/1537/76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Miño asume integramente o incremento do financiamento que se experimenta coa modificación do proxecto, constando documento contable de Retención de crédito (RC) do 17 de decembro de 2021, asinado dixitalmente pola interventora do concello o 22 de decembro de 2021, xustificativo de que existe saldo de crédito dispoñible para o financiamento deste proxecto modificado.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Miño para os efectos oportunos."

**9.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais nas parroquias de Quintas, Paderne, Obre, Adragonte, Vilamourel, Velouzas e Viñas", do Concello de Paderne, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, co código 2019.2000.0215.0**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea

Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)  
Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais nas parroquias de Quintas, Paderne, Obre, Adragonte, Vilamourel, Velouzas e Viñas", do Concello de Paderne, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, co código 2019.2000.0215.0, no que se acreditan os seguintes

#### **ANTECEDENTES**

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 2019/19076 do 31 de maio de 2019, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Paderne	2019.2000.0215.0	Pavimentación de viais nas parroquias de Quintas, Pademe, Obre, Adragonte, Vilamourel, Velouzas e Viñas	99.427,81	0,00	99.427,81

Tendo en conta que mediante a Resolución de Presidencia número 12891, do 15 de abril de 2020, aprobouse definitivamente este investimento logo de que o Concello de Paderne presentara a autorización do Servizo de Urbanismo-Costas da Xunta de Galicia, á que estaba condicionada a súa aprobación definitiva

Logo de ver que o Concello de Paderne, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xaneiro de 2021, adxudicoulle a obra á empresa Construcciones Rocha Corral, S.L., co NIF B15338338, por importe de 93.170,00 € e que, no día de hoxe, consta pendente de certificar na súa totalidade

Logo de presentar o Concello de Paderne un proxecto modificado deste investimento, sen variación do seu orzamento total, asinado dixitalmente o 10 de setembro de 2021 polo arquitecto director da obra, que xa redactara o proxecto inicial, que foi aprobado polo Pleno do concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, coa finalidade de aumentar o trazado da actuación número 01, debido ao estado de deterioro do camiño, motivado polo paso do tempo e as condicións climatolóxicas, suprimindo o trazado previsto na actuación número 03 para non modificar o

orçamento inicial e que non se produza unha alteración no equilibrio do contrato e adicionalmente, para corrixir varios tramos de viais grafados erroneamente (non así na súa medición e descrición) nos planos 11,12 e 13, coa conseguinte nova numeración

Tendo en conta que, segundo indica o director de obra no seu informe do 13 de outubro de 2021, transcrito polo secretario do concello no seu informe do 1 de decembro de 2021, a dita modificación non daría lugar á selección de candidatos distintos, nin a aceptación doutra oferta, xa que non hai alteración do equilibrio económico do contrato nin as obras se atopan dentro do ámbito doutro contrato actual ou futuro.

Logo de constar no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 16 de setembro de 2021 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2019, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188, do 2 de outubro de 2018.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais nas parroquias de Quintas, Paderne, Obre, Adragonte, Vilamourel, Velouzas e Viñas", do Concello de Paderne, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, co código 2019.2000.0215.0, sen variación do seu orzamento total de contrata, que lle foi adjudicado á empresa Construcciones Rocha Corral, S.L., co NIF B15338338, que se aprobou polo Pleno do concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adjudicataria e que ten como obxecto aumentar o trazado da actuación número 01, debido ao estado de deterioro do camiño, motivado polo paso do tempo e as condicións climatolóxicas, suprimindo o trazado previsto na actuación número 03 para non variar o orzamento total e adicionalmente, corrixir varios tramos de viais grafados erroneamente (non así na súa medición e descrición) nos planos 11,12 e 13 coa conseguinte nova numeración, cos datos que se indican na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Paderne Código 2019.2000.0215.0 "Pavimentación de viais nas parroquias de Quintas, Paderne, Obre, Adragonte, Vilamourel, Velouzas e Viñas"	Deputación	99.427,81	93.170,00	6.257,81	0,00	93.170,00
	Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>Total</b>	<b>99.427,81</b>	<b>93.170,00</b>	<b>6.257,81</b>	<b>0,00</b>	<b>93.170,00</b>

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Paderne para os efectos oportunos."

**10.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais na parroquia de Souto, 2ª Fase", do Concello de Paderne, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0726.0**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais na parroquia de Souto, 2ª fase", do Concello de Paderne, incluído na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0726.0, no que se acreditan os seguintes

#### **ANTECEDENTES**

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de abril de 2019, que en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan complementario.

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 20 de decembro do 2019, que aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019 no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:



Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Paderne	2019.2001.0726.0	Pavimentación de vias na parroquia de Souto, 2º Fase	58.894,64	0,00	58.894,64

Logo de presentar o Concello de Paderne un proxecto modificado deste investimento, sen variación do seu orzamento total, asinado dixitalmente o 20 de agosto de 2021 polo arquitecto director das obras que xa redactara o proxecto inicial, que foi aprobado polo Pleno do concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adxudicar, coa finalidade de modificar o trazado inicialmente proxectado, xa que parte do camiño xa fora executado en Plans anteriores

Logo de ver o informe técnico do director da obra asinado o 5 de outubro de 2021, no que indica que o proxecto modificado precisa autorización previa por atoparse as obras na Zona de Afección da Ruta Xacobeá "Camiño Inglés" e o que asina posteriormente o 20 de xaneiro de 2022, no que indica que segue sendo válida para este proxecto modificado a Resolución de autorización asinada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o 1 de outubro de 2019 para a execución das obras contidas no proxecto inicial e que neste proxecto modificado cúmprense todas as condicións esixidas na antedita autorización.

Logo de constar no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 9 de setembro de 2021 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2019, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188, do 2 de outubro de 2018 e que lle son aplicables aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de vias na parroquia de Souto, 2ª fase", do Concello de Paderne, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0726.0, sen variación do seu orzamento total de contrata, que está sen adxudicar, que se aprobou polo Pleno do concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, para modificar o trazado inicialmente proxectado, xa que parte do camiño incluído no proxecto inicial xa fora executado en Plans anteriores, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Paderne	2019.2001.0726.0	Pavimentación de vias na parroquia de Souto, 2º Fase	58.894,64	0,00	58.894,64

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/1537/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Paderne para os efectos oportunos."

**11.- Aprobación do proxecto de terminación do investimento denominado "Mellora de pavimentos e servizos na Rúa Roseiras", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no POS+2020 co código 2020.2100.0049.2**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto de terminación do investimento denominado "Mellora de pavimentos e servizos na Rúa Roseiras", do Concello das Pontes de García Rodríguez (en adiante As Pontes de G.R.), incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+2020, co código 2020.2100.0049.0, no que se acreditan os seguintes

**ANTECEDENTES**

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución de Presidencia nº 23130 do 29 de xullo de 2020, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento do Concello das Pontes de G.R. cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Total
As Pontes de G.R.	2020.2100.0049.0	Mellora de pavimentos e servizos na Rúa Roseiras	166.463,89	0,00	166.463,89

Logo de que o concello das Pontes de G.R., mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de novembro de 2020, lle adxudicara a execución desta obra á empresa ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L, co NIF B32404972, na cantidade de 144.457,36 € e presentara nesta deputación seis certificacións de execución parcial deste investimento por un importe total de 82.224,77 €, polo que queda pendente de executar obra por importe de 62.232,59 €, tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello Código	Denominación	Orzamento Contrata	Orzamento Adxudicación	Certificado s/ adxudicación	Pendente certificar
As Pontes de G.R. 2020.2100.0049.0	Mellora de pavimentos e servizos na Rúa Roseiras	166.463,89	144.457,36	82.224,77	62.232,59

Logo de presentar o Concello das Pontes de G.R. o acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de setembro de 2021, polo que se resolve o contrato suscrito polo concello coa dita empresa adxudicataria por incumprimento culpable do contratista, previo ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia

Logo de aprobar o Concello das Pontes de G.R. un proxecto para a terminación desta obra, asinado dixitalmente o 21 de outubro de 2021 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Miguel Ángel Fernández Rivera, que xa redactara o proxecto inicial, previos os correspondentes informes favorables emitidos pola secretaria e a intervención do concello, cun orzamento de contrata de 72.210,76 €, que é superior á achega provincial dispoñible para o seu financiamento en 9.978,17 €, incremento que é asumido integramente polo concello, segundo consta no informe da interventora municipal do 10 de febreiro de 2022

Logo de ver o Anexo V asinado dixitalmente o 10 de febreiro de 2022 polo arquitecto do concello no que indica que o proxecto de terminación non necesita para a súa execución ningunha autorización, concesión ou informe sectorial e o Anexo VI asinado dixitalmente o 11 de febreiro de 2022 polo arquitecto e a secretaria do concello, no que esta última conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras deste proxecto de terminación

Tendo en conta o informe asinado dixitalmente o 11 de febreiro de 2022 pola secretaria municipal, relativo á urxencia na continuación da tramitación deste proxecto de terminación, baseándose no disposto no artigo 119 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a tenor do indicado pola dirección da obra no informe da mesma data 11 de febreiro de 2022 que transcribe a secretaria, relativo ao aumento perigoso da inseguridade para os usuarios da vía, no que a secretaria conclúe que dadas estas circunstancias é perentorio acelerar a tramitación da adxudicación do contrato

Logo de ver o informe de supervisión técnica favorable deste proxecto de terminación,

emitido o 11 de febreiro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 25 de outubro de 2019 (BOP número 208, do 31 de outubro de 2019) e modificadas mediante acordo plenario adoptado o 30 de abril de 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020 e do POS+Adicional 2/2020 (BOP número 66 do 5 de maio de 2020)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobado o proxecto de terminación do investimento do Concello das Pontes de García Rodríguez denominado "Mellora de pavimentos e servizos na Rúa Roseiras", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+2020, co código 2020.2100.0049.2, que foi aprobado polo concello tras a resolución do contrato coa empresa adxudicataria, cos correspondentes informes favorables e coa supervisión favorable dos servizos técnicos desta deputación, para recoller as obras pendentes de executar cun orzamento de contrata de 72.210,76 €, que é superior á achega provincial dispoñible para o seu financiamento en 9.978,17 €, incremento que é asumido integramente polo concello, segundo consta no informe da interventora municipal do 10 de febreiro de 2022.

2.- Despois da resolución de contrato desta obra parcialmente executada e logo da aprobación deste proxecto de terminación, a obra desagregase en dúas fichas de obra: unha ficha co código 2020.2100.0049.0 correspondente á obra executada polo primeiro contratista; e outra ficha co código 2020.2100.0049.2 para o proxecto de terminación que vai ser obxecto dunha nova adxudicación que, segundo informa a secretaria municipal, baseándose no informe da dirección de obra, é perentorio acelerar por razóns de seguridade para os usuarios.

Os datos desta obra financiada pola deputación e polo concello quedan como segue:

<b>Concello das Pontes de G.R Código: 2020.2100.0049 "Mellora de pavimentos e servizos na Rúa Roseiras"</b>	<b>1º Contrato 2020.2100.0049.0</b>		<b>Proxecto Terminación 2020.2100.0049.2</b>
	<b>Contrata</b>	<b>Adxudicación</b>	<b>Contrata</b>
<b>Deputación</b>	94.750,83	82.224,77	62.232,59
<b>Concello</b>	0,00	0,00	9.978,17
<b>Total</b>	94.750,83	82.224,77	72.210,76

3.- A aprobación definitiva deste proxecto de terminación queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 1/2022 no que, na partida 0430/4592/76201, consignarase crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra."

**12.- Aprobación da modificación da cláusula XIII da vixencia do convenio administrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Realización de actividades que impulsen a proxección e promoción internacional da cidade da Coruña como destino de producións audiovisuais e do turismo cultural".**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Estimar a solicitude do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña do 15/12/2021 na que se solicita a prórroga do convenio nº 75/2021 entre o consorcio e a Deputación da Coruña polo que se financia o proxecto "REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES QUE IMPULSEN A PROXECCIÓN E PROMOCIÓN INTERNACIONAL DA CIDADE DA CORUÑA COMO DESTINO DE PRODUCIÓNS AUDIOVISUAIS E DO TURISMO CULTURAL"

En data 15/12/2021, e dentro do establecido no convenio, a entidade solicita modificación da vixencia do convenio ao non poder rematar as actividades incluídas no proxecto en prazo, visto o informe da xerencia do consorcio do 10 de decembro no que se especificaba que dos 3 proxectos incluídos no convenio, dous deles non puideron ser realizados polos seguintes motivos:

- Actividade Lusco Fusco. A actividade LUSCO FUSCO debido a atrasos no financiamento do proxecto non puido ser executado por imposibilidade material e xurídica nas datas inicialmente previstas, e careceu de financiamento efectivo ata o mes de outubro de 2021.

Luscofusco é un proxecto audiovisual que se gravará na súa totalidade en exteriores. Os períodos ideais de gravación por aproveitamento da luz e unha previsible mellor situación meteorolóxica xa pasaron. Para poder gravar en tempada invernal, previsiblemente necesitarían dunha longa estancia do artista na cidade. Isto non é viable, xa que o artista, agora que se está recuperando a normalidade na súa axenda non pode ser contratado sen unha previsión exacta dos días que vai gravar. Por estes motivos considérase que é unha mellor opción aprazar a gravación a primavera/verán 2022.

- Actividade BALLE Voyage.-A actividade BALLE VOYAGE debido a atrasos no financiamento do proxecto non puido ser executado tampouco por imposibilidade material e xurídica nas datas inicialmente previstas.

Ao ser unha rodaxe case en exclusiva en exteriores e ter as horas de luz contadas

pola época do ano, non se podía asumir risco de chuvias porque podería botar por terra todo o proxecto.

Tras o aprazamento inicial da semana fixada, estudar a posibilidade de organizar unha rodaxe para a semana do 18 ao 23 de Outubro pero as condicións empeoraban sensiblemente: previsións meteorolóxicas similares, menos horas de luz aínda, e menor dispoñibilidade do ascensor panorámico por horario de operarios.

Finalmente a rodaxe en novembro era imposible polo calendario do ascensor que entra en protocolo de mantemento e en decembro por climatoloxía e escasas horas de luz. Ademais de todas estas razóns, puramente técnicas, e desde un punto de vista artístico ou promocional, levar adiante esta rodaxe en época outonal ou invernall era claramente contrario ao espírito do proxecto.

Dado que o convenio establece na súa cláusula XIII de vixencia do mesmo no que se determina que a prórroga en ningún caso poderá superar o 31 de outubro do ano seguinte, e que o vencemento inicial era do 31 de marzo de 2022, coas novas datas de previsión de finalización das obras, NON PROCEDE UNHA PRÓRROGA, por superar a data límite establecida no convenio mais sí se contempla a posibilidade de modificación do convenio, segundo figura no punto 3 da dita cláusula.

*3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.*

Polo tanto, esta unidade xestora propón a modificación da vixencia do convenio

2º.- Aprobar a modificación do texto do convenio de interadministrativo de cooperación 75/2021 suscrito entre a Deputación Provincial de A Coruña e o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA CIF Q6550029J para o financiamento do "REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES QUE IMPULSEN A PROYECCIÓN E PROMOCIÓN INTERNACIONAL DA CIDADE DA CORUÑA COMO DESTINO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS E DO TURISMO CULTURAL" nas súas cláusulas VII e XIII onde se modifica a data da vixencia do mesmo, quedando establecida no **31/12/2022**

3º.- A subvención poderá facerse efectiva, dacordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46701.

Polo tanto o texto modificado do convenio quedaría como segue:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a

CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES QUE IMPULSEN A PROXECCIÓN E PROMOCIÓN INTERNACIONAL DA CIDADE DA CORUÑA COMO DESTINO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS E DO TURISMO CULTURAL"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte ..... en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte, ....., en representación do CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

- 1 Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA consideran de gran interese para a provincia financiar a realización de actividades de carácter cultural que impulsen a proxección e promoción internacional da cidade da Coruña como destino de produción audiovisual e turismo cultural
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA**, CIF Q6550029J, , polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES QUE IMPULSEN A PROXECCIÓN E PROMOCIÓN INTERNACIONAL DA CIDADE DA CORUÑA COMO DESTINO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS E DO TURISMO CULTURAL" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

**“LUSCO FUSCO”**

CONCEPTO	IMPORTE
ARTISTA (inclúe viaxe, hotel e booking)	9.000,00
PRODUCCIÓN DE VÍDEO (dirección, gravación e montaxe).	8.000,00
Campaña de medios nacional	2.500,00
Campaña de medios internacional.	3.500,00
Produccion técnica e executiva.	7.000,00
<b>TOTAL (IVE INCLUIDO)</b>	<b>36.300,00</b>

**“Curtametraxe BALLE VOYAGE Tributo a Alfred Hitchcock”**

CONCEPTO	IMPORTE
Guión e storyboard	3.500,00
Montaxe e sonorización	3.200,00
Vestuario de Roberto Diz	1.500,00
Maquinaria de rodaxe, transporte cámaras e accesorios.	11.800,00
Explotación comercial: Distribución festivais, páxina web, press kit, plan comunicación, etc.	10.000,00
<b>TOTAL (IVE INCLUIDO)</b>	<b>36.300,00</b>

**I Congreso Internacional “A viaxe a través da palabra”. do 13 ao 16 de outubro de 2021**

CONCEPTO	IMPORTE
Secretaría técnica	8.032,00
Deseño gráfico, cartelería e publicidade	5.000,00
Honorarios relatores	4.800,00
Viaxes, aloxamento e manutención relatores	5.080,00
Xestión FUAC	2.838,00
Publicación Libro Congresos	4.500,00
<b>TOTAL (IVE INCLUIDO)</b>	<b>30.250,00</b>

TOTAL 102.850,00 €

**II.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **54.450,00 €**, o que representa



- unha porcentaxe de 52,94118%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 52,94118% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
  3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/467.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
  4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
  5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar

sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA**.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á **CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA** unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 5 de agosto de 2021 e o 1 de outubro de 2022.

2. Unha vez rematadas as actividades, o **CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle

un requirimento ao CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1 O CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía

dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **5 de agosto de 2021 e o 1 de outubro de 2022**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do 2022**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA non poida ter presentada a xustificación **antes do día 30 de novembro de 2022**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_\_ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación, \_\_\_\_\_ O Representante do Consorcio

A Secretaria Provincial"

**13.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, modificado polo Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, correspondente ao mes de xaneiro de 2022 e da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2022.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no mes de xaneiro de 2022.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial

Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2022 e aprobase a súa publicación na páxina web da deputación."

**14.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao cuarto trimestre de 2021.**

Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética da Coruña) correspondentes ao cuarto trimestre de 2021, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

**15.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao cuarto trimestre de 2021.**

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao cuarto trimestre de 2021, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**16.- Dación de conta da remisión do Orzamento do exercicio 2022 da Deputación e os seus entes dependentes á Administración do Estado.**

Dáse conta da remisión do Orzamento do exercicio 2022 da Deputación e dos seus entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) á Administración do Estado; en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, polo que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**17.- Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación Provincial do exercicio 2021.**

1. Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2021.
2. Dáse conta da remisión de copia da liquidación á Administración do Estado e á

Comunidade Autónoma en cumprimento co establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3. Dáse conta da remisión da información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**18.- Dación de conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.**

Dáse conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor o día 11 de febreiro de 2022, ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento de réxime xurídico de control interno das entidades do sector público local (R.D. 424/2017, do 27 de abril), con respecto á actividade de control interno realizada no exercicio económico 2021.

**19.- Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables nos exercicios 2014 a 2021 (ambos inclusive).**

Dáse conta do informe da Intervención sobre o estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables nos exercicios 2014 a 2021 (ambos inclusive) para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional décimo sexta do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**20.- Dación de conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2021.**

Dáse conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2021.

**21.- Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2022 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.**

Dáse conta do contido do expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes número 1, de aprobación pola Presidencia.

**22.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2022 de aprobación polo Pleno.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea



Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)  
 Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
 Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 1/2022 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 92.063.459,16 euros e que ofrece o seguinte resumo:

#### A NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

##### A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 18.060.020,51

SC. Suplementos de crédito: 74.003.438,65

**Total aumentos: 92.063.459,16**

##### A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 92.063.459,16

Baixas por anulación: 0,00

**Total financiamento: 92.063.459,16**

#### B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

##### B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	7.259.217,83	0,00
3. Gastos financeiros	165.949,82	0,00
4. Trans. Correntes	14.185.487,56	0,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	13.664.602,78	0,00
7. Trans. de capital	50.165.914,73	0,00
8. Activos financeiros	6.622.286,44	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	<b>0,00</b>
<b>TOTAL:</b>	<b>92.063.459,16</b>	<b>0,00</b>

##### B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
<b>1</b> Impostos directos	0,00
<b>2</b> Impostos indirectos	0,00
<b>3</b> Taxas e outros ingresos	0,00
<b>4</b> Transferencias correntes	0,00
<b>5</b> Ingresos patrimoniais	0,00
<b>6</b> Alleamento investimentos reais	0,00
<b>7</b> Transferencias de capital	0,00
<b>8</b> Act. Finan. (Reman. Tesourería)	92.063.459,16
<b>9</b> Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL:</b>	<b>92.063.459,16</b>

**2.-** Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**3.-** O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

**4-** Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**5.-** Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2022 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2021 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2022 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

**6.-** Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria

e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

**23.- Dación de conta das resolucións de presidencia números 49287/2021, 237/2022 e 2080/2022 polas que se nomea e cesa persoal eventual.**

Dáse conta das resolucións de presidencia números 49287 /2021 e 237/2022 polas que se dispón o cesamento de persoal eventual e da número 2080/2022 pola que se nomea persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

**24.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo co concello da Capela, para cofinanciar as actividades do proxecto de "Dinamización, comunicación e xestión do coworking A Capela ", dentro do Plan de Emprego Local**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Capela, CIF P1501800E, para regular a achega de 32.000,00 € para cofinanciar o o proxecto de "DINAMIZACIÓN, COMUNICACIÓN E XESTIÓN DO COWORKING A CAPELA", cun orzamento de 40.000,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80% .

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220220001974.1, da Partida 0520/24100/46201, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2022 tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ata a anualidade

2023.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN, COMUNICACIÓN E XESTIÓN DO COWORKING A CAPELA, DENTRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL**

Na Coruña, a de de 2022 na sede da Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte D. ...., en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. ...., con DNI núm....., en representación do Concello da Capela

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

**MANIFESTAN**

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello da Capela consideran de grande interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o autoemprego e apoiar novas iniciativas empresariais como base para o desenvolvemento socioeconómico, así como para a creación de emprego sostible, innovador e de calidade.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello da Capela, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela, CIF P1501800E, para o financiamento das "Actividades de dinamización, comunicación e xestión do Coworking A Capela" durante doce meses.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADES A REALIZAR

O Concello da Capela levará a cabo as actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento desagregado en función da natureza do gasto e a súa adecuación aos prezos do mercado:

ACTIVIDADES	IMPORTE
<b>Accións de difusión e publicidade</b>	<b>2.000,00€</b>
<b>Asistencia técnica para a xestión e dinamización do espazo</b>	<b>38.000,00€</b>
Contratación dunha persoa dinamizadora e xestora do coworking	32.000,00€
Contratacións de relatores e catering para a celebración de eventos	6.000,00€
<b>Total custo proxecto</b>	<b>40.000,00€</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 32.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80% do custe do proxecto. No caso de que o gasto xustificadonon acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia alén o exercicio actual, o mesmo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario 2023. Así mesmo, queda condicionado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio 2023, de acordo coa normativa vixente no momento.

5. A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Capela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadonon.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do

gasto

efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle ao Concello da Capela o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o Concello da Capela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o Concello da Capela tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. A identidade corporativa do espazo de traballo deberá cumprir cos requisitos esixidos no "Protocolo común de actuación dos espazos de traballo integrados na Rede Provincial", mantendo a súa uniformidade. De xeito que tanto no logotipo do centro, como na súa páxina web e perfís de redes sociais, deberá figurar o logotipo da Rede Provincial de Espazos de Traballo xunto co nome do espazo.
2. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: **[emprego.dacoruna.gal](http://emprego.dacoruna.gal)**
3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas do Concello da Capela.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 54 das Bases de execución do orzamento para o ano 2022 e artigo 27.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Capela, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe da achega provincial unha vez que presente ou conste na Deputación a seguinte documentación:
  - Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello da Capela estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do Concello de Vedra, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais. Este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Capela na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Capela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial se realizarán entre o **8 de marzo de 2022 e o 8 de marzo de 2023**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Capela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de **TRES MESES** desde a finalización do período de realización das actividades subvencionadas.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle

un requirimento ao Concello da Capela para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Capela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Capela na documentación achegada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Capela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O Concello da Capela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que os obteña telemáticamente.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O Concello da Capela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Capela poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que



foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Capela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Capela serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Capela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIADO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. A **vixencia** do convenio iniciarase no momento do inicio das actividades e permanecerá vixente **ata o 8 de setembro de 2023**.

2. Para o caso de que o Concello da Capela non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día **8 de xuño de 2023**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **8 de setembro de 2023**. Transcorrido dito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Capela perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello da Capela, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar

cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña

Polo Concello da Capela

Asdo.

Asdo."

(Abandona o salón o Sr. Pequeño Castro).

## ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

En canto a mocións, hai unha primeira presentada polo Grupo Provincial de Marea Atlántica sobre a eólica mariña.

### **1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a eólica mariña**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No mar conflúen multitude de actividades de interese social, económico e medioambiental que cómpre ordenar e conciliar para aproveitar ao máximo as súas potencialidades sen comprometer o seu uso futuro. A pesca é motor económico e fonte de emprego, estratexia de soberanía alimentaria, identidade, cultura, patrimonio e sostén de comunidades costeiras, que conta, ademais, na nosa cidade, cun dos seus principais centros de actividade como é a Lonxa, a primeira do estado en facturación de peixe fresco. Este recurso debe ser protexido e tamén coidado con esmero para que poidan seguir aproveitándoo nas vindeiras xeracións.

A enerxía eólica offshore representa unha oportunidade de abordar a loita contra o cambio climático e o pico do petróleo empregando fontes de enerxía renovables que non emitan gases de efecto invernadoiro. A súa implantación debe ser regulada e ordenada para aproveitar ao máximo as súas potencialidades e evitar ao mesmo tempo impactos negativos na pesca e na biodiversidade.

Desde este punto de vista, o sector pesqueiro da provincia da Coruña fixo pública xa a súa preocupación polos conflitos de uso que se están xestando no espazo marítimo e, en particular, pola expansión dos aproveitamentos eólicos sobre caladoiros onde faena a frota. Neste sentido exprésase o Manifesto de Burela en defensa do sector pesqueiro do Cantábrico-Noroeste. Este manifesto, anexo á moción, foi presentado en Burela o 4 de novembro do pasado ano por case por trinta asociacións e cofrarías. No comunicado, alértase dos perigos da implantación de proxectos de eólica mariña sen os necesarios estudos previos para coñecer como afectan as instalacións aos ecosistemas mariños, invocando ao principio de precaución. Lembran tamén que cando falamos da costa cantábrico noroeste, existen

segundo datos oficiais, máis de 12.000 pescadores que viven dos recursos da costa citada, dando traballo a aproximadamente 48.000 postos indirectos. Non se nega en ningún momento a necesidade da implantación de enerxías renovables limpas, todo o contrario, reitérase a necesidade de descarbonizar e avanzar cara un horizonte que reduza as emisións de CO2.

Na actualidade, dous plans en trámite espertan as alarmas do sector debido ás negativas repercusións que terían no caso de chegar a materializarse.

En primeiro lugar, a enerxética Iberdrola manifestou o seu interese na instalación de dous parques eólicos mariños, San Brandán e San Cibrao, na costa norte da nosa provincia que terían unha afectación directa sobre media ducia de caladoiros de alta calidade da nosa frota de baixura. Este proxecto, instalado en varios puntos da Rede Natura 2000, carece de calquera consulta previa co sector e mesmo da supervisión por parte do Observatorio da Enerxía Eólica Mariña, entidade na que participan a Xunta, o sector pesqueiro e o industrial asociado á fabricación de compoñentes para a enerxía eólica. Dito parque eólico afectaría a case 150 km<sup>2</sup> de importantes zonas de pesca entre Cedeira e Burela, nas que faena tamén frota con base nos portos da provincia da Coruña, o que suporía un impacto inasumible na pesca e irreversible para a nosa economía.

Pola outra, vimos de coñecer recentemente o proxecto doutro parque eólico, o Nordés, promovido por Bluefloat Energy e Sener Renewable Investments, dotado de 80 turbinas cunha potencia instalada total de 2.1 MW, e unha superficie aínda maior que o anterior, 268 quilómetros cadrados. Situado a 30 quilómetros ao noroeste da costa ártabra, a súa liña de evacuación entraría en terra por Sabón. Este parque tería unha afectación directa sobre a pesca de baixura coruñesa e mesmo sobre o tráfico de mercadorías cara ao porto exterior da Coruña.

As áreas nas que se pretende implantar estes parques eólicos offshore acollen tamén unha elevada riqueza biolóxica, tal e como recoñece o propio Ministerio de Transición ecolóxica nos resultados do proxecto INTEMARES e no seu borrador do Plan de Ordenación do Espazo Marítimo da zona Noratlántica. Este Plan, pendente de aprobación, ten por obxectivo conciliar os diferentes aproveitamentos do mar, e propón a prohibición da implantación de parques eólicos nas proximidades das zonas mencionadas por mor da súa excepcional riqueza biolóxica.

**Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña adopta os seguintes acordos:**

1.- Instar aos gobernos da Xunta e do Estado a:

-Promover e dinamizar a implantación da eólica mariña offshore con criterios de sustentabilidade, de respecto e conservación doutros aproveitamentos do mar e de mantemento da súa riqueza biolóxica, mediante a promoción de elementos técnicos e de coñecemento, do diálogo e a transparencia e a ordenación do espazo marítimo.

-Avaliar exhaustivamente o asentamento de parques eólicos na contorna marítima

para garantir que non se cause dano ás actividades pesqueiras e á preservación do ecosistema.

-Poñer en valor o Observatorio da Enerxía Eólica Mariña, constituído en xuño de 2021, como ferramenta de diálogo, participación e análise, na que estean representados o sector pesqueiro, entidades protectoras do medio ambiente, a Administración, a Universidade e a propia industria eólica, co obxectivo de realizar análises específicas para Galicia sobre oportunidades e impactos da implantación de parques eólicos offshore na costa galega.

-Considerar a pesca e a conservación da riqueza biolóxica valores prioritarios a protexer de cara á aprobación definitiva dos Plans de Ordenación dos Espazos Marítimos, actualmente en exposición pública.

2. Instar o Goberno do Estado a aplicar unha moratoria á tramitación de parques eólicos mentres non se aprobe o Plan de Ordenación do Espazo Marítimo da zona Noratlántica, a fin de garantir un desenvolvemento pautado e ordenado da enerxía eólica, conservando outros usos e protexendo a biodiversidade.

3. Instar á Deputación da Coruña a que a participar na fase de alegacións da tramitación do parque eólico do Nordés elaborando un informe rigoroso que avalíe todos os impactos do proxecto.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, presidente, boa tarde.

Traemos de novo unha moción sobre este tema, o da instalación de parques eólicos fronte ás nosas costas, porque nos vemos obrigados a facelo a raíz dos feitos que imos coñecendo, que é que existe unha vontade por parte de dúas empresas de promover un parque eólico, ao que lle puxeron o nome de Nordés, situado a uns 30 quilómetros ao noroeste das costas da Coruña, cunha extensión total de 268 quilómetros cadrados e máis de 80 aeroxeradores instalados.

Nós, por suposto, como grupo provincial e como organización política estamos a favor, por suposto, da produción de enerxía eléctrica que proveña de fontes renovables e da transición enerxética, da transición ecolóxica, pero pensamos que isto non se pode facer á custa doutros sectores que viven de explotar un recurso como é o mar, ou a pesca neste caso. Hai que dicir que son máis de 20 os caladoiros afectados por este proxecto e que todos eles se manifestaron, subscribiron un manifesto, coñecido como o Manifesto de Burela, no que expresaban a súa preocupación por esta proliferación de propostas para a construción de novas áreas reservadas á explotación deste recurso eólico que, como sempre, se fai de xeito unicamente privativo, sen participación pública, e sen que ata o de agora nin este Goberno nin o anterior deran mostras de ter vontade ou capacidade para regular os prezos da enerxía, que non deixan de escalar no noso país.

Pero, como viñamos dicindo, a nosa moción ten sobre todo a vontade de tratar de facer que o noso país non se converta nun centro de produción de enerxía en

exclusión doutras actividades, neste caso a pesqueira, que produce de xeito directo 12.000 empregos e de xeito indirecto calcúlase que uns 48.000; e que, como dixemos, están moi preocupados por esta proliferación de proxectos de parques eólicos que se están levando a cabo sen que exista con anterioridade unha ordenación dos lugares en que van ser instalados. Estanse producindo estes anuncios sucesivos de novos proxectos de macroparques eólicos sen que ata o de agora teñamos unha planificación e unha ordenación do territorio fronte ás nosas costas.

Cómpre dicir ademais, un dato relevante, que é que o noso país ten unha plataforma oceánica litoral moi rica, como todos sabemos e somos afortunados de que sexa así, pero moi curta, de apenas 30 km, co cal estes parques eólicos que se sitúen fronte ás nosas costas van ter unha incidencia directa e moi negativa sobre a nosa frota e sobre a actividade pesqueira, que ademais cómpre lembrar que a produción de peixe é a que ten menor pegada ecolóxica, menor pegada de carbono, xa que outras veces discutimos tamén sobre este tema.

Entón, a partir de diálogos e negociacións mantidas coas entidades que propoñen e preocupadas, directamente afectadas por esta cuestión, que son todas elas relacionadas coa produción, coa pesca en definitiva, traemos a este Pleno os seguintes acordos:

En primeiro lugar, instar os gobernos da Xunta e do Estado a promover e dinamizar a implantación da eólica mariña *offshore* con criterios de sustentabilidade, de respecto e conservación doutros aproveitamentos do mar e de mantemento da súa riqueza biolóxica, mediante a promoción de elementos técnicos e de coñecemento, do diálogo e a transparencia, e a ordenación do espazo marítimo.

Así mesmo, propoñemos avaliar exhaustivamente o asentamento de parques eólicos na contorna marítima para garantir que non se cause dano ás actividades pesqueiras e á preservación do ecosistema. Poñer en valor o Observatorio da Enerxía Eólica Mariña, constituído en xuño de 2021, como ferramenta de diálogo, participación e análise na que estean representados o sector pesqueiro e entidades protectoras do medio ambiente, a administración, a universidade e a propia industria eólica, co obxectivo de realizar análises específicas para Galicia sobre oportunidades e impactos da implantación de parques eólicos *offshore* na costa galega. Considerar a pesca e a conservación da riqueza biolóxica valores prioritarios a protexer de cara á aprobación definitiva dos plans de ordenación dos espazos marítimos, actualmente en exposición pública.

En segundo lugar, instar o Goberno do Estado a aplicar unha moratoria para a tramitación de parques eólicos mentres non se aprobe o Plan de ordenación do espazo marítimo da zona noratlántica, coa fin de garantir un desenvolvemento pautado e ordenado da enerxía eólica observando outros usos e protexendo a biodiversidade.

Por último, en terceiro lugar, instar á Deputación da Coruña a participar na fase de alegacións da tramitación do parque eólico do Nordés elaborando un informe rigoroso que avalíe todos os impactos e proxectos, xa que cómpre dicir que a liña de

evacuación deste parque entra en costas, na nosa costa, a través de Sabón.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

É que hai dúas emendas a esta moción. Eu creo que o lóxico é que se expoñan para despois...

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente, compañeiras e compañeiros.

Nós presentamos unhas emendas que, unha emenda de substitución, entendo que non é de todo xeito que contradiga moito o que se expón na moción. Nós onde di “poñer en valor o Observatorio da Enerxía Eólica Mariña, constituído en xuño do 2021 como ferramenta de diálogo, participación e análise na que estean representados o sector pesqueiro, entidades protectoras do medioambiente, administracións, universidade e a propia industria eólica co obxectivo de realizar análises específicas para Galicia sobre oportunidades e impactos de implantación de parques eólicos *offshore* na costa galega”, nós pedimos que diga o seguinte: “poñer en valor o Observatorio da Enerxía Eólica Mariña, constituído en xuño de 2021 como ferramenta de diálogo, participación e análise, co obxectivo de realizar análises específicas para Galicia sobre oportunidades e impactos de implantación de parques eólicos *offshore* na costa galega”.

Onde di “Considerar a pesca e a conservación da riqueza biolóxica valores prioritarios a protexer de cara á aprobación definitiva dos plans de ordenación dos espazos marítimos actualmente de explotación pública”, nós pedimos substituíla por “Considerar a pesca e a conservación da riqueza biolóxica valores a protexer de cara á aprobación definitiva dos plans de ordenación dos espazos marítimos actualmente en exposición pública, garantindo a compatibilidade e a sustentabilidade”.

E por último onde di “Instar o Goberno do Estado a aplicar unha moratoria á tramitación dos parques eólicos mentres non se aprobe o Plan de ordenación do espazo marítimo da zona noratlántica a fin de garantir un desenvolvemento pautado e ordenado da enerxía eólica conservando outros usos e protexendo a biodiversidade”, nós pedimos substituílo por “Instar o Goberno a que teña en conta todos os axentes implicados e as alegacións presentadas pola Xunta aos plans de ordenación do espazo marítimo, que van na liña de primar a compatibilidade coa actividade marítimo-pesqueira”.

Nós, se se aceptan estas emendas, evidentemente votaremos a favor da moción; se non, non podemos apoiala porque o novo encontro do Observatorio de Eólica Mariña, no que ademais da Xunta tamén están representados o sector marítimo pesqueiro e a industria, serviu para evidenciar unha vez máis o compromiso de Galicia cun desenvolvemento ordenado e froito dunha verdadeira planificación. Por iso é importante que o Goberno teña en conta a todos os axentes implicados, prestando especial atención ao sector vinculado coa pesca. Para dar exemplo de

Galicia no marco do observatorio constitúese o grupo de traballo que se centrará no impacto social que pode supoñer a implantación de parques eólicos mariños na costa galega.

Galicia segue agardando pola proposta que o Goberno porá sobre a mesa para un futuro desenvolvemento da eólica mariña que sexa compatible coa actividade marítimo-pesqueira e a preservación do ecosistema respecto ao medioambiente e da costa galega. Polo tanto, tanto a Xunta como o observatorio estamos á expectativa de coñecer o documento definitivo dos plans de ordenación do espazo marítimo, que dependen do Ministerio para a Transición Ecolóxica –igual onte tivemos algunha nova disto, o señor presidente, nós non–, nesta folla de ruta deberán establecerse as zonas nas que se poderá estudar a posibilidade de instalar parques, así como as liñas de evacuación. De feito, as alegacións presentadas pola Xunta van na liña de primar a compatibilidade coa actividade marítimo-pesqueira, que para nós ten sido, é e seguirá sendo prioritaria ou fundamental. Para iso, señor presidente, é importante que dende as administracións sigamos traballando dende o diálogo, o consenso e a transparencia.

Se acepta a emenda o señor Lema, nós apoiaremos a moción, se non, sentíndoo moito, porque hai evidentes coincidencias, non a poderemos apoiar e o noso voto será en contra.

Máis nada e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas.

Nós temos presentada tamén unha emenda cun punto de substitución e outro de supresión. O primeiro deles propón substituír o parágrafo 3 do apartado primeiro da proposta de acordo polo seguinte que diga: "Poñer en valor o Observatorio de Enerxía Eólica Mariña, constituído en xuño de 2021 como ferramenta de diálogo, participación e análise na que estean representadas as administracións, a industria e os sectores afectados co obxectivo de realizar análises específicas para Galicia sobre oportunidades e impacto da implantación de parques eólicos *offshore* na costa galega".

E o segundo punto proponse suprimir os apartados 2 e 3 da proposta do acordo.

Sr. Lema Suárez

Ben, nós non temos problema en asumir o punto 1 proposto polo Partido Popular e tamén en asumir o punto 1 proposto polo Partido Socialista, que basicamente veñen dicir o mesmo, que é a posta en valor dese observatorio ampliando a súa participación, non deixa de ser un órgano consultivo, que as súas deliberacións e as súas conclusións non comprometen acordos, pero pensamos que é un órgano necesario. Nós non temos ningún problema en asumir esas propostas, tanto do PSOE como do Partido Popular. Non podemos admitir a proposta de



supresión do Partido Socialista dos seguintes puntos, 2 e 3, porque basicamente conteñen elementos esenciais da nosa moción, e entre eles esa moratoria que solicitamos, en tanto en canto non se proceda á ordenación do noso bordo litoral.

E outro tanto sucede coas propostas do Partido Popular; nós non podemos admitir ou non podemos acceder á supresión desa petición de moratoria en canto non se ordene o noso bordo litoral porque, se non, estamos asistindo a unha proliferación de proxectos de novos parques eólicos antes de que, insisto, se chegue a un acordo sobre a delimitación e ordenación da nosa costa.

E tampouco o punto anterior, logo de consultalo co sector, co que mantivemos diálogo para a elaboración da nosa moción, tamén pensan que a coexistencia é máis relevante que a compatibilidade; ou sexa, é unha cuestión semántica pero moi relevante, eles o que nos din é que nós temos que manter a coexistencia como unha esixencia nesta moción.

Polo cal, como lles digo, tanto ao PSOE como ao Partido Popular, a favor de reformular, de aceptar o seu primeiro punto, no que ten a ver coa modificación e mellora dese órgano, pero non podemos aceptar nin por suposto a supresión dos seguintes puntos, nin tampouco renunciar tanto á moratoria como á esixencia de coexistencia entre as dúas actividades.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día.

Evidentemente, a cuestión dos proxectos de mariña eólica *offshore* nas costas galegas dá para unha fonda análise. Eu tamén quería comezar un pouco por clarificar algo que é necesario, e que ten que ser reiterado en cada Pleno que debatemos arredor desta cuestión, que é clarificar xa de antemán cal é o posicionamento do BNG en relación á aposta polas enerxías renovables.

O BNG defende a produción enerxética mediante enerxías renovables e concretamente, hai que dicilo, en relación á produción de enerxía eólica no país. E hai que matizar e deixar claro tamén de antemán que a principal discrepancia que se vén manifestando arredor desta cuestión é sempre en relación ao modelo de explotación da capacidade eólica no país. E a defensa que fai o BNG é que esta capacidade e esta potencialidade do país ten que estruturarse de maneira que se garanta que os beneficios desta capacidade revertan no país, tanto a nivel social como tamén na nosa capacidade para o crecemento industrial.

Dito isto, falar de enerxía mariña eólica *offshore* en Galicia é outra cuestión. Como xa di a moción, evidentemente estamos falando de instalacións que impactan e interfieren con outras actividades que á súa vez teñen unha importancia relevante e estrutural na economía de Galicia, tanto o que ten que ver con empregos directos como tamén na inmensa cantidade de empregos e industria que se tece arredor do sector da pesca. Tamén é verdade, e así o dicía o Sr. Lema, que a nosa estrutura de costa ten unhas características particulares que fan que, para que sexa viable a instalación destes aparellos para a produción de enerxía eólica mariña, teñan que

estar situados máis cerca da costa e interfiran, ben con caladoiros de pesca, pero tamén o fagan con rutas marítimas e que afecten dalgún xeito á vida económica dos nosos portos.

Daquela consideramos que, se ben é verdade que a parte de acordos desta moción, hai que dicilo, é unha cuestión moi de mínimos, que en relación a esta cuestión o posicionamento do BNG é claro, ten clara a incompatibilidade da existencia da eólica mariña co desenvolvemento adecuado de actividades de pesca, e habería que valorar máis a fondo o impacto noutras actividades, si que é verdade que os acordos que recolle a moción da Marea teñen en conta as demandas dos sectores máis afectados e, daquela, en relación a esta cuestión e para trasladar o noso apoio, pois imos votar a favor.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente.

Nós, Sr. Lema, sentíndoo moito, non é que non vaiamos apoiar a moción, porque poderíamos poñernos de perfil e abstermos, pero a nós gústanos actuar con responsabilidade, non digo que ti non o fagas, con respecto ao noso ideario e con respecto ao que entendemos que ten que ser o futuro de Galicia.

É dicir, estamos nun momento en que, evidentemente, a pesca e o sector pesqueiro hai que preservalo, coidalo e preservalo, pero non é incompatible coa produción enerxética. Nós non podemos poñerlle a proa a calquera cuestión que sexa xerar enerxía no noso territorio, coas bondades que pode ter isto e coa necesidade que estamos a ter, e máxime a día de hoxe con todas as complicacións que estamos tendo e imos ter a maiores nos vindeiros meses respecto do acceso á enerxía, non podemos ver como se paralizan, como se cerran fontes fundamentais de produción enerxética na nosa comunidade e mirar para outro lado; non podemos poñerlle barreiras á posibilidade de que o sector eólico, tanto terrestre como marítimo, poidan ter un futuro en Galicia; e tampouco podemos ser proféticos en plan Nostradamus de que todo vai ir mal. Nós temos escoitado moitos anos que non ía volver a haber un berberecho en Noia cando se fixera a ponte sobre a ría; pois simplemente a ponte sobre a ría fíxose, acurtou e achegou a Santiago o Barbanza norte e achegou a xente do Barbanza e os turistas a Santiago unha vía de conexión fundamental, dalgún xeito os de Santiago temos a fortuna de ter a praia a 20 minutos das nosas casas, a través desa ponte e hai máis berberechos que nunca, iso non é unha situación... Non se pode ser catastrofista, hai que esperar a ver as cousas como van e nós, desde logo, por responsabilidade e, sentíndoo, porque as nosas achegas ou as nosas emendas eran en plan completamente positivo, nós imos votar en contra desta moción.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, nós loxicamente, como non se acepta a nosa emenda, tamén sobre todo por unha cuestión básica, e é que non podemos aceptar unha moratoria na tramitación destes plans, que teñen unha tramitación que está regrada e que teñen

que cumprir unha serie de condicións e de normativas. É dicir, non é que alguén solicite implantar un parque eólico mariño e que xa se lle autorice de forma automática. Polo tanto, entendemos que hai certa seguridade xurídica a ese respecto, pero é que non podemos aplicar unha moratoria por distintos motivos.

O primeiro deles por un motivo medioambiental, e é que todos e todas, e témolo escoitado neste salón de plenos en moitas ocasións, incluso polo propio grupo propoñente desta situación, estamos ante unha emerxencia climática que non se pode demorar máis, e temos un problema na xeración de enerxía. Hai unhas enerxías que para a súa xeración contaminan e outras que non. Pode ser unha cuestión máis paisaxística se queremos velo así, ou de molestia, etcétera, pero dende logo se non queremos, como comentei noutras ocasións, enerxía térmica porque contamina, se non queremos enerxía nuclear porque é perigosa, se non queremos enerxía hidráulica porque afecta tamén ao medioambiente nos ríos, a solar dende o punto de vista paisaxístico aínda ten moitísimo máis impacto, pois sería importante aclarar como imos xerar enerxía. Por tanto, apostar pola enerxía eólica neste momento é apostar por unha enerxía limpa, que non xera ningún tipo de contaminación e que, efectivamente, haberá que estudar como se implanta en cada un deses parques e onde se van implantar.

É verdade que a eólica mariña non é un invento que nós acabamos de descubrir agora, senón que xa está implantado noutros países europeos, onde xa se ten constatado que non hai unha afección sobre o medio mariño, ao contrario, son grandes caladoiros onde se cría sobre todo infinidade de especies mariñas, tendo en conta porque non se pode acceder á pesca no interior deses parques.

Hoxe mesmo, de feito, e nesta mesma liña, a Unión Europea acaba de anunciar que están traballando nunha norma que simplifique neste caso todos os requisitos para poder establecer un parque *offshore* de eólica mariña de xeración limpa, e que iso prime por enriba dos valores de preservación. E o argumento que dan na propia Unión Europea é precisamente a situación de emerxencia climática que estamos a atravesar; xa non falemos das consecuencias de carácter económico que estamos a padecer tamén, e que a raíz da situación que se está a vivir a partir de onte coa invasión de Ucraína por parte de Rusia, todos e todas somos coñecedores, porque o estivemos a ver nos distintos medios, do incremento do prezo da enerxía e das consecuencias que iso vai ter para a nosa economía.

Por tanto, canto máis independentes sexamos enerxeticamente do resto de Estados, moito mellor, e neste caso coa enerxía eólica temos en Galicia unha serie de condicións que nos fan que poidamos ser uns grandes produtores de enerxía. Como dixemos xa en moitas ocasións no noso grupo, respectando no caso da enerxía eólica en terra, respectando o sector primario, as granxas, as explotacións gandeiras e as vivendas, e no mar facendo os estudos necesarios. Pero, en todo caso, dalgunha maneira imos ter que xerar enerxía e a mellor destas, ou polo menos a menos mala, é a enerxía eólica; e estamos nunha situación, como digo, climática e económica que non pode permitir, non pode facer que nos permitamos o luxo dunha moratoria, que o único que faría sería restar competitividade ao noso país e de lastrar sobre todo a nosa economía e, o máis importante, o medioambiente nunha situación na que estamos xa de non retorno. Así que nós nese aspecto non poderíamos apoiar esta

moción.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas.

Bueno, a ver, varias cuestións. Unha, que en realidade ninguén está garantindo aquí que vaiamos ter unha fonte de enerxía que, por exemplo, obedeza a criterios de utilidade pública, é dicir, que teñamos unha fonte de enerxía onde nós, que imos padecer o impacto da instalación de todos estes parques eólicos terrestres ou mariños, conleven para o país algún tipo de proveito, que teñamos un diferencial no prezo ao consumidor, que facilite que en Galicia se instalen industrias, que teñamos, por exemplo, un canon que signifique que os concellos onde están instalados vaian dalgunha maneira verse compensados. Non, non, é unha explotación unicamente privativa e con ánimo de lucro. Entón, está sucedendo que ao mesmo tempo que neste país estamos padecendo unha proliferación, tanto no presente como cara ao futuro, de parques eólicos, ao mesmo tempo hai unha escalada enorme no prezo da luz, isto é así. Estamos ante un modelo colonial no que nós imos producir a luz ao mesmo prezo producindo aquí, ao mesmo prezo que se vai consumir en Madrid, onde non hai instalado un só parque eólico, un só parque eólico.

Se facemos referencia aos criterios que marca a Unión Europea, nós xa superamos o límite de produción, Galicia como país, supera o límite de produción de enerxías renovables que marca para 2050 a Unión Europea, xa estamos por diante. Pero, evidentemente, hai intereses privados que están detrás de que este país, que dispón de 4.000 horas de fortes ventos nas súas costas, sexa unha peza golosa para estes intereses privados que, desde logo, non van significar en ningún caso que nós teñamos ningún proveito, nin que a luz vaia ter outro prezo, nin que o Estado vaia recadar máis impostos por esta vía ou directamente.

Aquí comentáronse algunhas cuestións que eu creo que non son, que hai que corrixir. É dicir, non existe unha analoxía entre os parques eólicos de 260 quilómetros cadrados, que son moitos quilómetros cadrados, como este do Nordés, e o aproveitamento que teña para o marisqueo unha ponte na ría de Noia, porque están excluídos da pesca estes parques. Ou sexa, unha actividade de arrastre non pode ter lugar no interior dun polígono deste estilo, ou sexa, non existe compatibilidade. E de feito estes días os mariñeiros galegos desprazáronse a Portugal a ver que impacto tiñan sobre a súa pesca, sobre a súa actividade pesqueira, os parques eólicos alí instalados e son zonas excluídas. Son evidentemente santuarios, se se quere, para estas especies, pero non son lugares onde eles poidan seguir practicando a súa actividade. Son 20 caladoiros os afectados, porque 260 km cadrados é unha enorme extensión.

E xa me parece, a verdade, un pouco excesivo e un pouco, digamos, demasiado de contexto, demasiado inmediato, culpar tamén agora a Rusia e a Putin de que nós pechemos á explotación pesqueira 260 km cadrados da nosa costa. Eu creo que a verdade penso haberá cuestións máis de fondo, que teñan que ver

efectivamente co encarecemento da enerxía e demais, pero paréceme, a verdade, un argumento un pouquiño pillado polos pelos e un pouquiño sensacionalista para o momento no que estamos hoxe, señor Fernández, eu creo que a verdade é que non acabo de compartilo. Creo que teremos que xestionar o noso sector enerxético a longo prazo tendo en conta que estará sometido a tensións xeopolíticas, como calquera outro, pero que insisto que Galicia non debe ser a que padeza a instalación destes recursos, a explotación do noso vento, á custa de afectar un sector como o pesqueiro, que produce 12.000 empregos de xeito directo e 48.000 de xeito indirecto no noso país.

Entón, por que nós imos ter que permitir que no noso país, que xa é excedentario en produción de enerxía eléctrica, se sigan instalando máis parques eólicos que van conlevar directamente á destrución de emprego. Eu creo que isto hai que dicirlllo á xente á cara, ou sexa, hai que dicirllle á xente que se está defendendo aquí a instalación duns parques eólicos que van impedir que se realicen actividades de pesca, que polo tanto van conlevar o amarre dunha frota que vén padecendo amarres desde o principio dos tempos. Xa non sei cantas oportunidades, cantas veces os nosos barcos se viron obrigados a amarrar. Podemos falar do banco sahariano, podemos falar do Gran Sol, agora o que nos faltaba é que naquela plataforma, naquel mar que está xusto fronte a nós e que historicamente nos pertence e que nos pertence tamén desde o punto de vista xurisdiccional, tamén se vai pechar aos nosos mariñeiros. Eu creo que estaría ben que estas cuestións, estes argumentos que se expuxeron aquí hoxe, tamén se lles transmitan a eles.

E finalmente unha cuestión: falabamos o outro día na moción anterior neste mesmo sentido, cando era Iberdrola a que propuña facer un parque *offshore* fronte ás costas do Cantábrico, fronte ás costas da Mariña de Lugo, aproximadamente dunha entidade a metade do que estamos tratando aquí hoxe. As empresas que promoven este parque chámanse Bluefloat e Sener, que evidentemente a ninguén de nós lles soa. E por que non lle soan? Porque é tal o negocio que se está producindo, son tales os rendementos que se están producindo arredor do negocio da produción enerxética no noso país que calquera cun proxecto como este, o Far West no que se converteu a produción de enerxía eólica, se ve avalado por un banco, evidentemente nunca pode faltar o sector financeiro cando estamos falando do noso país, para promover un proxecto deste enorme impacto e desta enorme magnitude económica. Isto é o que temos, ou sexa, ningún de nós coñece Bluefloat nin a Sener, serán os testaferros doutros intereses, pero o certo é que estamos abríndolles, cedéndolles, concesionando a persoas que non coñecemos, que desde logo pode ser o oportunista que aproveita este momento para facer un negocio para si mesmo superlucrativo pero que, desde logo, non atende a relacións como as que expuxemos antes de que sexa compatible con actividades como a pesqueira.

Nada máis e grazas.

Sra. Muiño Filgueira

Por clarificar algunhas cuestións que me parece interesante e importante deixar claras. A ver, eu creo que vincular a explotación do noso vento co prezo da enerxía é un erro, e eu creo que ademais, sabémolo todos. Galiza, sendo potencia en

todo o Estado na produción enerxética, nunca se beneficiou no prezo da enerxía, nunca. E dubido moito que á custa de producir máis, de permitir a implantación de máis e máis parques eólicos, a clave na que nos esteamos movendo é que se nos baixe o prezo da luz. Sobre todo cando tratamos de utilizar un argumento que se basea nun modelo que regule a favor dos beneficios cando non estamos a favor dese modelo e o que estamos é abertos a abrírlle a porta á explotación e beneficio por parte das eólicas que, efectivamente, na súa diagnose teñen claro cales son os puntos da costa que producen máis vento de forma estable ao longo de todo o ano, o cal permite producir máis enerxía a máis baixo custo.

Entón, si, hai moitas ocasións nas que hai que ser honesto e dicir que preferimos abrir esa porta e deixar de lado un sector produtivo que está traballando, que é un pilar fundamental da economía en Galicia e que, á súa vez, ten a capacidade de crear moitos traballos indirectos na transformación, no transporte, no comercio, etcétera. Pois hai momentos nos que un si que ten que posicionarse, e neste caso si que é verdade que abrir unha porta quere dicir pechar a outra, ou cando menos causar enormes prexuízos a un sector. Entón, non vale dicir unha cousa e mais a outra, e vai ser difícil de explicar que optamos por unha vía que a nivel de emprego a rendibilidade é realmente baixa, fóra do momento de construción, que o impacto está contrastado, e que ademais, si que é verdade, Sr. Fernández, hai moitos países de Europa que contan con parques de eólica mariña *offshore*, cunhas características de costa diferentes ás nosas e que ademais teñen delimitada unha distancia de 500 metros arredor nos que se condiciona a navegación. Así que cando falamos do parque Nordés, que é un dos maiores de Europa planificados na costa, estamos falando dun elevado impacto.

Non son técnica, non coñezo o contido a fondo das alegacións, pero realmente é demagóxico dicir que non vai haber impacto, é demagóxico, e eu creo que nin o sector o merece, nin os galegos e as galegas, co que sufrimos cada vez que nos chega o recibo da luz e o impacto que ten na nosa economía, merecemos que nos digan que a máis eólicos, menos prezo da luz, porque iso é falso, e sabémolo.

#### Sr. Ben Otero

Un minuto, eh, sin ánimo de ir abriendo debates porque... Pero, ¡caramba!, yo creo que estamos hablando aquí, es una cuestión de la oferta y la demanda de la energía. Si no hay producción energética y la demanda es la misma o va creciendo, el producto se encarece. Es una regla básica de mercado, entiendo yo. Es así.

Segundo, oye, nos alegramos mucho cuando en los astilleros de Ferrolterra se producen *jackets*, pero claro que los coloquen donde sea, aquí no. Nos interesa sí que haya trabajo en los astilleros, pero claro que los manden para el Mar del Norte, tal...

Tercero, yo no sé exactamente cuál es el impacto, porque igual hay un punto de demagogia diciendo que esto trae consigo la pérdida de trabajos en la gente del mar. Nosotros estamos en un partido que ha estado siempre vinculado con la gente del mar, siempre, desde el minuto uno siempre en la defensa de los intereses en los

sitios competentes, en la Xunta de Galicia, en la política del Estado y en Bruselas defendiendo siempre a la gente del mar. No hay ninguna duda de nuestro compromiso con la gente del mar. Ustedes hablan aquí de la pérdida de trabajos, ¿en virtud de que está hecho ese informe? ¿Qué datos tienen ustedes que conlleven que eso va a ser así?

Y, tercero, aquí hay un poco de hipocresía; nucleares no, térmicas no, ah, pero si Francia produce energía nuclear y nos lo manda para aquí, sí. Oiga, nosotros consumimos energía cuando cargamos un teléfono móvil, cuando hablamos con este altavoz, consumimos energía en todos los momentos de nuestra vida, de algún lado habrá que producirla. Si tenemos la suerte de tener los medios, que es un viento magnífico, la capacidad y no afectamos al sector productivo, no podemos renunciar a un sector que puede ser estratégico para Galicia, por el amor de Dios, por una cuestión ideológica. Sin más ni menos, yo desde luego ya había dicho que sin la enmienda nuestro voto iba a ser en contra, después de las explicaciones dadas por los que van a votar esta moción a favor, nuestro voto no es en contra, es más que nunca en contra, porque tenemos que estar en la vida real no en la vida utópica o, con perdón y que no le parezca mal a nadie, en los mundos de Yupi.

Nada más y muchas gracias.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Na liña da intervención do Sr. Ben, tamén hai cuestións nas que concordo co que acaba de dicir. É dicir, é curioso, Sr. Lema, que a réplica á nosa intervención sexa sobre cuestións sobre as que non se abunda nesta moción. É dicir, na exposición de motivos desta moción non se fala de ningún tipo de contraprestación para Galicia nin para ningún sector pola implantación deses parques, que é no que baseaches a túa intervención, partindo dun dato, que eu non teño ningunha información a ese respecto, sobre dar por feito que vai provocar a destrución de postos de traballo no sector pesqueiro. Por iso a min non me gusta que neste tipo de cuestións sexamos agoreiros de cuestións que non están probadas nin moitísimo menos, e sobre todo agoreiros de cuestións que ademais historicamente vimos experimentando e comprobando que ese tipo de chamamentos ao desastre non se cumpren. Vivímolos cando foron as autoestradas, poderíamos poñer un montón de exemplos, o navallazo a Galicia ou moitas outras cousas que temos vivido en moitas ocasións que, ao final, a realidade amosou que non eran así.

E é verdade, Sra. Muíño, que ten un impacto si, pero se alguén dos que estamos aquí me pode dicir algún modelo de xeración de enerxía no mundo que non xere algún tipo de impacto. É que non estamos nunha opción de poder elixir entre un que non xere impacto, outro que si o xere e outro que contamina, é que non hai iso. Ou contamina ou xera impacto. Todo non cabe, e como ben dicía o voceiro do PP, é dicir, todo o que temos agora mesmo, do que estamos desfrutando os que estamos aquí sentados, necesita de enerxía. Os nosos teléfonos móbiles tamén necesitan de compoñentes que se extraen das minas. Claro, ao final queremos desfrutar de todas as comodidades, pero sempre e cando se produza noutros sitios. Ademais, como se o clima fora un compartimento estanco, é dicir, como se contaminar en China non afectara de forma global ao resto dos países.

É unha visión, non o sei, para min bastante alonxada da realidade. Pero en todo caso, Sr. Lema, sobre que debamos recibir algún tipo de contrapartida, nós presentamos unha moción nesta mesma Corporación nesa liña, que falaba primeiro de que os concellos poidan estar en eólica terrestre dentro deses consellos de administración deses parques, recibindo cun accionariado un tanto por cento, iso xa existe nalgún sitio, e polo tanto revertan nas arcas municipais determinados fondos e beneficios que poidan saír da explotación deses parques. E na eólica mariña tamén, de cara ao sector pesqueiro para a súa modernización, etcétera, etcétera. Pero a cuestión é que nesta moción non se fala diso. Nesta moción fálase de que hai que facer unha moratoria, de que vai afectar ao ecosistema mariño, de que vai afectar ao emprego no sector pesqueiro e de considerar a pesca e a conservación da riqueza biolóxica, pero non se fala en ningún momento, non hai ningunha proposta nesta moción encamiñada a que haxa algún tipo de contrapartida para Galicia ou para calquera territorio no que se implanten eses plans. Polo tanto, paréceme ben a proposta que fas, nós compartímola, de feito, xa trouxemos unha moción no seu día sobre o mesmo tema e convidamos o resto dos grupos a facer o mesmo, e podemos abrir un debate se queredes no seguinte pleno sobre se neste caso Galicia debería recibir algún tipo de contrapartida neses territorios onde estean implantados os plans, e xa digo que o noso grupo votará a favor, pero non é a cuestión da que estamos a falar aquí. A cuestión da que estamos a falar aquí é de que sen ningún tipo de estudo rigoroso dise que afecta á pesca, cando non se sabe onde se vai implantar aínda, e cando ademais hai unha serie de requisitos que hai que cumprir. Loxicamente, se se pretende implantar nun caladoiro de pesca abundante e comprobado, no que se desenvolve unha actividade económica, pois haberá que darlle unha volta e, se non pode ser aí, terá que ser noutro sitio. Agora ben, un parque eólico a 25 millas da costa ou a 20 millas da costa, primeiro, que xa non se ve dende a costa, empezando por aí, e segundo que, se non está nunha zona de caladoiro de pesca, non tería por que afectar, porque calquera das outras alternativas son moito peores que esta.

E o de Putin, sinceramente, é que me sorprende bastante que digas que che parece sensacionalista. Non é sensacionalista, é que este país e Europa ten unha dependencia enerxética de terceiros países que non son precisamente o máis estable do mundo. E nós en España, por certo, temos a sorte de non ter dependencia do gas ruso, ou sexa dun dous e pico por cento, e sabedes por que? Polas regasificadoras, regasificadoras das que moitos grupos estaban en contra no seu día. Bueno, pois a sorte de ter regasificadoras que nos poida chegar o gas de Alxeria a través dos barcos permite non ter dependencia dun país como Rusia e dunha situación como a que estamos vivindo agora en Ucraína que vai incrementar considerablemente o prezo da enerxía, porque Europa necesita de enerxía doutros países, e España tamén, España compra enerxía, como ben dicía o voceiro do PP, a Francia, que a xera en centrais nucleares. Nós nucleares non as queremos, pero, home, a alternativa que son as eólicas tampouco a queremos. Bueno, pois non sei, volveremos ás dínamos coa bicicleta, que a poñías coa roda e ías cunha bombilla por aí tirando adiante.

É que o problema é que neste tipo de cuestións hai que facer unha reflexión moito máis ampla porque afecta moitísimo máis. É dicir, claro que pode haber destrución, non sei, eu non teño ningún dato para dicir que se vai destruír emprego. O



que si teño dato é de que o incremento do prezo da enerxía si que reduce e repercute directamente no emprego. Estámolo vendo hai un pouco con Alcoa. Por tanto, se algo está constatado é que o incremento do prezo da enerxía si inflúe directamente no emprego, sobre todo na industria. Non sei se isto vai influír no emprego ou non, dende logo non estamos dicindo, e xa o aclarei nun primeiro momento, que se implanten parques eólicos en calquera sitio, pero xa dar por feito que vai haber destrución de emprego sen ter ningún dato, porque non hai ningún dato a día de hoxe en Galicia que poida, nin en España, que respalde esa aseveración. E iso o que fai é xerar unha opinión, unha corrente de opinión, neste caso non sei se ata certo punto demonizando a eólica mariña, que nós dende logo como grupo non compartimos. Desde logo defendemos que outros grupos poidan opinar dunha forma distinta, agora, sinceramente penso que o debate é suficientemente serio e importante, tendo en conta todo o que nos xogamos, que é o futuro deste planeta, como para analizar as cousas na súa debida medida, e loxicamente sen demagoxias, pero sen demagoxias por ambas as partes, porque asegurar que se vai destruír emprego cando non hai ningún dato fidedigno que así o acredite, iso tamén é facer demagoxia. E polo tanto mentres non teñamos ese informe que acredite tal feito, non poderemos aseveralo desá maneira.

En todo caso, nós dicimos o que dicimos, nós estamos a favor da eólica sempre e cando non afecte ao sector primario, granxas, vivendas e, no caso da mariña, a caladoiros de pesca constatados e comprobados. Pero é que hai moita costa, moitísima costa, hai millóns de quilómetros cadrados onde se poden implantar parques e convivir perfectamente con outro tipo de actividades, porque a alternativa é moito peor que esa. E, se non, poñan vostedes algunha alternativa sobre a mesa que vaia máis alá de que Galicia sexa excedentaria na produción de enerxía, porque iso non vai diso e vivimos nun mundo globalizado, non estamos na idade media aínda. Entón, é importante que fagamos unha reflexión nese aspecto un pouquiño máis ampla.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Breve, moi breve.

Primeiro, dicirvos que a moratoria está en vigor, entón, para que non se estenda máis o debate. Quería dicir, Serra da Guarda, Canto de Cíes, Canto Vello, Canto Novo, Pozo da Nave, A Quiniela, Praia Grande, O Fondón, son caladoiros de pesca que coinciden con aqueles lugares que sinalan os diferentes informes de sectores empresariais como os puntos idóneos para a instalación dos parques. Vale, como dato só.

Pero eu o que quería dicir é que, efectivamente, ningún tipo de industria é inocua e todas as industrias teñen un impacto. Eu xa o dixen ao primeiro da miña intervención, o BNG defende o desenvolvemento eólico deste país, pero tamén defende que se faga cun retorno definido e, claro, en beneficio de Galicia. A cuestión é que demagoxia si que é utilizar este argumento cando non estamos a favor de definir como teñen que ser, se estamos dispostos a poñer aqueles condicionantes que

si que teñen que dar retorno, porque non estamos a favor de tarifas eléctricas reguladas que beneficien o desenvolvemento industrial, libre mercado, iso si que prexudica as empresas. Non estamos a favor de ningún tipo de empresa de enerxía pública, tampouco, iso si que vai ao peto da xente, entón, iso si que é demagogia. Estamos a favor de poñerlles a alfombra vermella ás eléctricas para que se lucren das oportunidades do vento do noso país a custo cero, iso é do que estamos falando. E esa é a cuestión coa que o BNG é extremadamente crítico.

Queremos falar de desenvolvemento? Falemos e pensemos como as oportunidades deste país deben reverter no desenvolvemento de Galicia. Iso é do que teriamos que falar e non de xogar co prezo da enerxía, etcétera, cando é que o estamos vivindo no día a día e vimos anos de vivir que ser, padecer o impacto para que despois marchen e nos deixen tirados e tiradas nunca nos supuxo ningún beneficio no prezo da electricidade, nin ningunha vantaxe para o desenvolvemento industrial.

#### Sr. García Seoane

Non pensaba intervir, a ver se son breve, breve.

O debate está aí, eólica si, eólica non, aquilo ou outro... Pero o que non se pode meter nos debates, e agora estamos todos os días, a televisión xa non di outra cousa, é a guerra. Eu estou en contra de calquera guerra, en contra de calquera guerra. O que non se pode é argumentar que agora imos ter problemas de gas, de petróleo, porque Rusia cerra as portas, etcétera, etcétera. Esta guerra que está aí é unha guerra de intereses polo tema neste caso da enerxía, e o que non o queira ver é que está cego. Que pasa? Intereses duns, intereses doutros. Pero a min o que me alarma é que se diga nos debates, que se meta o tema desta guerra cando, alguén se acorda hai 10 anos cando os españois, os italianos e os franceses e algún máis foron bombardear Libia? Alguén se acorda diso? Así da noite á mañá, alguén se acorda de como se bombardeou Libia? Por tema de gas e por tema de petróleo, que nos subministraba a España por certo, e agora collemos o gas e o petróleo moito máis barato, pero en Libia 10 anos despois aínda non hai goberno en Libia, 10 anos despois mátanse entre os libios, entre as distintas seccións de libios que teñen, están a matarse as 18 tribos que había principais están a tiros todos os días, 10 anos de mártires, 10 anos de mulleres e de nenos mortos e de vellos, de xente deambulando e escapando do país para outros países.

E ninguén se acorda de Siria, Siria é outro grande exportador do mundo tamén, igual, os europeos metidos por negocio, por asqueroso negocio. Pero o tema, xa non me meto no tema das guerras de Afganistán por intereses, polo oleoduto que viña desde Rusia, por certo, esa guerra de 10 anos que tiveron os rusos cos americanos e crearon a Bin Laden naquel momento para atacar os rusos e que seguiu a guerra despois cos americanos coa desculpa das Torres Xemelgas con Afganistán. Pero é que estamos falando de temas que todas estas guerras que houbo foron por intereses. E sanción, imos agora as sancións imos pagalas nós, os españois imos pagar as sancións que lle van poñer os americanos aos rusos, cando aos americanos lles interesa unha guerra como esta para que todos os países que están ás súas ordes lles compren armas. O país que máis armas vende do mundo é

Estados Unidos, é Estados Unidos; en cada un dos 51 estados ten 2-3 fábricas de armas e, se non hai guerras, non hai negocio. Pero os tirachaquetas de cada país están facéndolle o caldo gordo. Ninguén se acorda, as sancións, quen lle puxo as sancións a Israel por invadir Palestina? Alguén se acorda diso? Todos os días está invadindo partes de Palestina, non, recoñecida pola ONU, etcétera, pero non pasa nada; tómanse acordos na ONU e a outra, non hai nada de nada. Hai neste momento unha guerra no Sáhara. Os marroquís están machacando os saharauís, un pobo que era deles; alguén abriu a boca? Alguén sanciona a Marrocos? Non porque tamén vende produtos e é un gran cliente.

..... Falemos do problema de se si ou se non, se interesa, pero non argumentemos con aqueles que son os capos do mundo, os putos amos do mundo, os donos da enerxía e que xogan con todos nós para o seu negocio.

Nada máis.

#### Sr. Lema Suárez

Tratarei de ser moi breve. Aquí apelouse á lei da oferta e a demanda, a máis produción de enerxía polo tanto baixada do prezo. É curioso que neste Nadal tivemos altísimos picos de produción eólica, con baixada da demanda porque tivemos un Nadal benigno, e os prezos máis altos da historia. Entón, como se explica isto? Entón é tan estraño que non funcione a lei que funciona en tantos outros casos. Cando falamos do leite si funciona a lei da oferta e a demanda; aquí non funciona, aquí estamos como cando se suspende a gravidade, a lei da gravidade non funciona porque estamos nun entorno distinto. Claro, é que houbo un mercado que non está desregulado realmente, porque cal é o índice que marca na subhasta o prezo da enerxía eléctrica? Pois curiosamente aquel que procede da fonte máis cara, é dicir, a do gas. E toda a diferenza que hai entre a produción da eléctrica con gas, o ciclo combinado e estas outras, eólica, nuclear e demais, todo iso é o que lles estamos regalando cada día dos nosos petos ás enerxéticas deste país, onde por certo debo dicir, e non vou ser malintencionado, que representantes dos partidos que hoxe van votar en contra destas mocións teñen sentados nos seus consellos de administración algúns dos seus antigos dirixentes. Non vou ser malintencionado, pero talvez iso teña máis que ver co que discutimos hoxe que o señor Putin, digo eu, xa que sacamos argumentos da manga, eu tamén quero sacar ese argumento.

Falouse aquí, falouse da enerxía nuclear. Vaia, pois traían aquí unha moción para falar da enerxía nuclear, falemos da enerxía nuclear, xa que temos que realmente ser responsables coa produción de enerxía, pois traían aquí unha moción e discutámola. Eu non parto de posicións dogmáticas a favor nin en contra, evidentemente temos un problema entre mans que é darlle, como se dixo aquí, poñerlle a pila ao noso móbil e demais, pois falemos, falemos, tráíase aquí unha proposta. Nós o que estamos dicindo simplemente é que estamos pagando nós a factura desta transición ecolóxica falsa, que se fai á custa doutros sectores produtivos, porque alguén pode negar que o peche dos caladoiros do Gran Sol para os nosos barcos, o peche dos caladoiros do banco canario sahariano non tivo consecuencias para Galicia? Alguén pode pensar que o peche deses caladoiros non

provocou anos despois que, curioso, que xente que vivía deses caladoiros como xente de Camariñas, acabara emigrando a Canarias e traballando na construción? E iso é algo que sucedeu.

Certo que neste país hai cousas que non se estudan ou non son noticia porque talvez non conveña que o sexan, pero iso sucede. Evidentemente, evidentemente que 260 km<sup>2</sup> con 20 bancos pechados vai ter consecuencias para a pesca galega, iso é inevitable. E dicía o señor Fernández, que o mar é moi grande. Claro, pero é que se están instalando sobre a nosa plataforma continental, que é a área de pesca; non é a posterior onde hai grandes profundidades, é nesta, nesta que ten 500 metros, 300 metros, é onde se dá a pesca, da que vive o noso sector pesqueiro. Polo tanto, o problema que temos non é que se instalen plataformas *offshore* en mar aberto; non, non, non, é que se sitúan na nosa plataforma. Claro, e por iso temos un problema e por iso é necesario ir a un diálogo. De feito, o que estamos propoñendo nesta moción non é eólica si, eólica non, senón que se abra un proceso de diálogo co sector, que se busque intentar compatibilizar actividades e que se delimiten zonas de exclusión para este aproveitamento, que creo que é unha proposta, como dixo a compañeira do BNG, bastante de mínimos, non é dogmática, non é si ou non, é sentemos, falemos e busquemos a maneira de non facerlle máis dano ao noso sector pesqueiro.

Nada máis e grazas.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Todo iso está moi ben, Sr. Lema e Sra. Muíño, pero a cuestión é que diso non fala a moción. Xa o dixen antes e vólvo dicir, non hai ningunha proposta nesta moción encamiñada a iso que acabades de dicir calquera dos dous, que é que haxa algún tipo de contrapartida para esta terra, para o lugar onde se implante ou para os sectores onde se implanten, non está na moción comprendido. Entón, parece que hai certa estratexia que non coa, xa o digo de antemán, de que os que non votamos a moción é porque defendemos as eléctricas. Nada máis absurdo e máis lonxe da realidade, porque este grupo, xa dixen, que presentou unha moción con propostas concretas de repercusións para este país. Entón non é comigo ou contra min, é que ás veces hai termos medios.

A min o que non me gusta é que se abran determinados debates nos que se xeneraliza sen ningún tipo de dato, porque vale moi ben que digas “alguén pode pensar que non vai afectar?” A cuestión é: Alguén ten algún informe científico que acredite que vai afectar? Alguén sabe xa que se van implantar si ou si? Alguén sabe que xa se teñen implantados? É que claro, é que estamos a dar por feito cuestións que non coñecemos. E co tema ese de que os consellos de administración, home, que quere que lle diga? O meu partido ten milleiros de militantes e están en moitísimos sitios, como o seu. Non entremos nese punto porque saímos escaldados todos. Todos recordamos, criticamos os que vivían nos chalés e despois os compraban eles, claro, e eu son dos socialistas que digo que debemos traballar para que todo o mundo poida ter acceso a un chalé, non para que todos vivamos nunha chabola. Entón, non entremos nese debate porque –repito– todos e todas, porque a fin de contas os partidos políticos están formados por persoas e as persoas hai de

todo tipo, e xente boa e mala hai en todas as formacións políticas, non hai ningunha que estea libre de pecado. Polo tanto, eu son voceiro do Grupo Provincial da Deputación, el o presidente da Deputación Provincial da Coruña, vostede é voceiro da Marea e ningún estamos nun consello de administración das eléctricas nin aspiro a tal cousa.

En todo caso aquí estamos a debater sobre unha cuestión que ten que ver coa eólica mariña. E vostede fai toda unha argumentación sobre algo que non vén na moción. Está moi ben, iso quere dicir que non debe de ter grandes argumentos para defendela, porque ninguén está falando diso que están dicindo aquí nin de que nós estamos a favor de que Galicia..., pero claro que si, e nós tamén, pero vén algo na moción? Na moción dise que haxa algún tipo de contrapartida para Galicia para o abaratamento da enerxía? Non, non se fala nada diso. Bueno, pois xa está.

Por tanto, poderemos abrir ese debate máis adiante sobre as cuestións que vostedes formulan, pero non é o que estamos a tratar hoxe aquí. E claro que incide e non sei por que non lles gusta que fale de Putin. Igual se en vez de Putin fora Estados Unidos o que invadise un país, si que lles gustaría, porque aquí parece tamén que hai bos e malos cando se invade. E malos son todos, cando invade EEUU a Iraq e cando invade Putin a Ucraína, pero parece que Putin, con aquel rolo da Unión Soviética que aínda temos así no colectivo tal, que parece que é intocable tamén. Vamos ser un pouco máis serios que iso tamén é importante, porque iso tamén, a ver os que temos algúns olfacto tamén o vemos vir.

Nada máis, moitas grazas.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 6 deputados/as (4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 22 deputados/as (13 do PP e 9 do PSOE)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Decae a moción

Sr. Presidente

Hai outra moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa dunhas pensións dignas.

## **2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa dunhas pensións dignas**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O sistema de pensións é un dos piares fundamentais do estado de benestar que ten como obxectivo garantir o dereito a unha vellez digna. Así, no seu artigo 50 da

Constitución Española recóllese que: “Os poderes públicos garantirán, mediante pensións axeitadas e actualizadas periodicamente, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade. Así mesmo, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.”

Cómpre lembrar que o Pacto de Toledo é o organismo no que os axentes sociais deben acadar os acordos que permitan, por unha parte, garantir a viabilidade do sistema público de pensións e, pola outra, manter a calidade das prestacións. A Lei 27/2011 sobre a actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social constituíu, neste sentido, unha regresión, ao atrasar dous anos o acceso á pensión, que pasaba así dos 65 aos 67, o que penalizaba sobre todo a aquela parte da clase obreira empregada nos oficios máis penosos polas súas esixencias físicas. Unha medida regresiva tamén se temos en conta que o estado español padece, historicamente, unha das taxas de paro estrutural máis altas da OCDE, e que esta medida contribuía a agudizar, mantendo no mercado laboral a millóns de persoas que, co cómputo anterior, poderían estar xa xubiladas.

A esta medida sumóuselle a perda de poder adquisitivo das pensións durante os gobernos de Rodríguez Zapatero e Mariano Rajoy. O primeiro, levando a cabo unha conxelación das mesmas durante os anos 2010 e 2011 e o segundo actualizándoas no 2012 ao 1% mentres que a suba do IPC anual roldaba o 3% e mantendo esta actualización por baixo do limiar do IPC durante o resto do seu mandato. En definitiva, nun país onde se investiron 60 mil millóns de euros no rescate da banca, millóns de persoas xubiladas vían como se reducían na práctica as súas prestacións por xubilación en tempos de crise, sen que posteriormente esta perda lles fose compensada como estamos a ver nestas datas.

Así, o movemento en defensa das pensións, MODEPEN, denunciaba nas súas mobilizacións do pasado 12 de febreiro que o acordado na Lei 21/2021 vén consolidar a tendencia baixista no cómputo do importe das pensións, ao establecer como referencia o IPC medio anual no canto do IPC real. Así, no ano 2021, o incremento do “IPC Real” desde decembro de 2020 até novembro de 2021 (o ano contábel 2021 a efectos da revalorización) foi do 5,5%; sen embargo, mentres que o do “IPC Medio” foi só do 2,5%. O resultado de aplicar este novo indicador será perder un 3% de poder adquisitivo nas pensións contributivas.

É preciso sinalar, así mesmo, que o aumento da pobreza no estado español nas últimas décadas afecta, en maior medida, ás persoas envellecidas e, dentro destas, ás mulleres especialmente. Medidas adoptadas polo goberno como a que acabamos de describir van repercutir no empeoramento das condicións de vida de millóns de persoas maiores no noso país nun contexto, como o actual, no que inflación disparada desvaloriza cada día o valor real das pensións.

Cómpre, en definitiva, frear a espiral regresiva que padeceu o sistema público de pensións na última década e garantir a súa viabilidade a longo prazo dotando a Seguridade Social dos fondos previstos para este fin e convertendo o Pacto de Toledo nunha ferramenta efectiva de concertación social e non de validación de decisións tomadas noutros ámbitos.

**Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:**

1. Instar ao Goberno do Estado a garantir que en 2022 e anos sucesivos o poder adquisitivo das pensións se revalorice en función do incremento do “IPC real” (o “IPC Acumulado Anual”) tal como se viña facendo antes da reforma de 2011, así como a compensar a perda do 3% do poder adquisitivo das pensións do ano 2021.

2. Instar ao Goberno do Estado a garantir que non haxa pensións por debaixo do limiar da pobreza, eliminando a fenda de xénero en salarios e pensións e incrementando a pensión mínima até equipararse ao salario mínimo (SMI), e que este se sitúe no 60% do salario medio, como recomenda a Carta Social Europea.

3. Instar ao Goberno do Estado a garantir pensións públicas dignas xustas e suficientes e o carácter público do Sistema de Pensións, derogando os recortes das reformas de 2011, 2013 y 2021, e rexeitando a privatización total ou parcial do mesmo, baixo calquera fórmula.

4. Expresar o apoio da Deputación da Coruña ao colectivo Movemento Galego pola Defensa das Pensións e os Servizos Públicos.

5. Dar traslado desta moción ao Goberno do Estado e ao Congreso dos Deputados.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas.

Antes que nada quería saudar o grupo de persoas xubiladas que están hoxe nesta casa asistindo á transmisión deste debate. Son eles os que están facendo un traballo cos seus medios escasos e unicamente financiados coas súas propias pensións, que é o que imos debater mediante esta moción.

O sistema de pensións, xunto coa sanidade e a educación, considéranse os tres piares daquilo que denominamos o estado de benestar. As pensións teñen como finalidade que as persoas, unha vez rematada a súa vida laboral, o seu período produtivo, poidan seguir mantendo unha vida digna. Isto é unha conquista do movemento obreiro na súa historia, como moitos outros, como as vacacións, como os horarios laborais de 8 horas e demais, que se trasladou a aquilo que foi chamado o estado do benestar e que nós, denúnciase así nesta moción, vemos que está hoxe en perigo, porque basicamente na última década estamos asistindo, asistimos, padeceron os nosos pensionistas, unha morea de medidas que fixeron que se desvalorizasen as súas pensións, basicamente a súa conxelación durante os períodos posteriores á crise de 2008, ano 2011, ano 2012, Partido Popular e Partido Socialista lexislaron no mesmo sentido, subas das pensións no período de Rajoy do 1% inferior á taxa de inflación dese momento, que era do 3%, e agora ultimamente,

que é o que se denuncia nesta moción, pois o cálculo das súas pensións nun momento en que asistimos a unha espiral alcista inflacionaria brutal, descoñecida desde hai máis de 30 anos no Estado español, pois estamos vendo que a actualización das pensións se fai moi por debaixo, conforme un criterio que se chama IPC medio e non IPC anual, e que supón a perda basicamente dun 2% na actualización das pensións deste ano, e que se suma, como dixemos, a un histórico na que estas se veñen sistematicamente actualizando por baixo do prezo, por baixo da suba real do custo da vida.

Creo que estes feitos son innegables, a suba das pensións é un elemento público ao que se pode ter acceso a través dos datos que fornece o Instituto Nacional de Estatística, e outro tanto se pode saber respecto da suba do IPC. Entón, basicamente temos unha situación acumulada na que as pensións se actualizan por debaixo da suba do IPC e nós pensamos que isto conleva moitísimos efectos, pero entre outros que se acentúe esa figura da persoa xubilada pobre, da persoa xubilada que cae na pobreza.

Por todo o exposto, convidamos a este Pleno da Deputación da Coruña a adoptar os seguintes acordos:

En primeiro lugar, instar o Goberno do Estado a garantir que en 2022 e anos sucesivos o poder adquisitivo das pensións se revalorice en función do incremento do IPC real, o IPC acumulado anual, tal como se viña facendo antes da reforma de 2011, así como compensar a perda do 3% do poder adquisitivo das pensións para o ano 2021.

Instar o Goberno do Estado a garantir que non haxa pensións por debaixo do limiar da pobreza, eliminando a fenda de xénero e de salarios e pensións e incrementando a pensión mínima ata equiparalas ao salario mínimo, e que este se sitúe no 60% do salario medio, como recomenda a carta social europea.

Terceiro, instar o Goberno do Estado a garantir pensións públicas dignas xustas e suficientes e o carácter público do sistema de pensións, derogando os recortes das reformas dos anos 2011, 2013 e 2021, e rexeitando a privatización total ou parcial deste baixo calquera fórmula.

Cuarto, expresar o apoio da Deputación da Coruña ao colectivo do Movemento Galego pola Defensa das Pensións e os Servizos Públicos.

E quinto, dar traslado desta moción ao Goberno do Estado e ao Congreso dos Deputados.

Nada e máis grazas.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente.

Nós presentamos unha emenda que di o seguinte, substituír os tres primeiros puntos por: "Instar o Goberno do Estado a garantir, dentro do marco do Pacto de



Toledo, a suficiencia e sustentabilidade do sistema público de pensións e a desenvolver políticas de Estado que xeren emprego estable e de calidade, a mellor investimento para o futuro das pensións”. Non sei se o señor Lema ten intención de aceptala, entendo que non. E entendemos isto porque todo o relacionado co sistema de pensións e a súa sustentabilidade debe debaterse, non neste Pleno, senón no seo do Pacto de Toledo.

O Pacto de Toledo foi desde a súa orixe en 1995 un instrumento que soubo guiar, con acertadas recomendacións, o futuro da nosa Seguridade Social. O Pacto de Toledo ten unha misión: servir de documento de traballo para o futuro, governe quen governe, deixando esta cuestión fóra do debate partidista. Busca dar sustentabilidade e certeza ao sistema de pensións. O compromiso do Partido Popular co sistema público de pensións e a súa suficiencia e sustentabilidade é incuestionable, conscientes de que a Seguridade Social é o principal sistema de protección social do Estado.

O Partido Popular aposta por un sistema de pensións sostible, equitativo e solidario, e apoiaremos sempre con proporcionalidade as medidas necesarias para garantir a sustentabilidade do sistema pensando nos pensionistas de hoxe pero tamén nos pensionistas de mañá. Suficiencia si, pero sustentabilidade tamén. E para nós a garantía do sistema público de pensións vai indisolublemente unida ao emprego; con máis emprego, máis afiliados e máis crecemento, e así recuperarase a estabilidade financeira ata alcanzar ese equilibrio necesario. O emprego sempre foi o sinal de identidade do noso partido nas sucesivas crises que tivemos que abordar desde o Goberno do Estado. As pensións non se garanten con impostos ou cargas, senón que se garanten con emprego.

Moitas empresas non están na conxuntura de asumir máis cargas, aínda non deixaron atrás os efectos da pandemia e estas están sobrecargadas polos custos de produción, os custos enerxéticos e a escaseza de materiais, suba de electricidade, crise de subministracións, incremento do custo das materias primas e custos laborais. As xeracións vindeiras e, sobre todo, os mozos cotizantes do noso país serán os prexudicados pola recentemente aprobada reforma Escrivá, que aumenta un 0,6 as cotizacións que terán que pagar os empregadores e que, en último termo, penalizan tamén o emprego. Está reforma Escrivá pola que se substitúe o factor sustentabilidade polo mecanismo de equidade interxeracional só serve para crear un déficit estrutural que haberá que pagar vía impostos, e o establecemento do IPC medio como índice para a subida das pensións en lugar do acumulado só foi un intento de engano aos nosos pensionistas.

Para finalizar, esta reforma das pensións foi adoptada polo Goberno do Estado dando as costas a quen xera emprego no país: ás empresas, e non ofrece garantías para o equilibrio e sustentabilidade do sistema a medio prazo. Nese sentido, o Banco de España xa alertou de que indexar as pensións ao IPC dispararía o gasto público. Os expertos prevén unha ínfima recadación coa suba das cotizacións que afectará á creación de emprego. Este acordo empeora a chamada cuña fiscal ás empresas, a que parte das empresas das cotizacións sociais, que xa era unha das máis elevadas de Europa e da OCDE, escalará con esta medida aínda máis postos. Obviamente así non se incentiva a contratación nun país que xa ten a maior taxa de paro en xeral e

de paro xuvenil.

Nós, reiteramos, o debate destes temas tense que subscribir ao Pacto de Toledo, alí entre todos chegar a un acordo. E diríalle unha cousa máis, porque eu entendo que a xente que veu hoxe con vostede a escoitar este Pleno estará dicindo “caramba, non me gusta o que nos está dicindo o Partido Popular”. Nós somos un partido con vocación e aspiración de goberno, nós non podemos chegar aquí e facer unha serie de afirmacións que non ten ningún custo mañá dicir o contrario sen ningún tipo de problema. Nós –repito– aspiramos, o noso partido aspira a gobernar en España para mellorar moitas cuestións e non podemos prometer ou falar a política de “betanceiros, que queredes” e despois facer todo o contrario, iso non o imos facer desde o Partido Popular. E hai que pensar nos pensionistas de hoxe evidentemente. A min gustaríame que se subira todo o posible, pero hai que pensar tamén nos pensionistas de mañá. O sistema está en grave risco e entre todos temos que facer o posible para que o sistema sexa sustentable e tamén que sexa sostible.

Nada máis, e se non aceptan a emenda evidentemente, por responsabilidade votaremos en contra da moción.

Grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Eu vou ser breve.

Nós compartimos os puntos de acordo que presenta a moción. Unha das cuestións fundamentais a destacar é que, efectivamente, a existencia da fenda de xénero e tamén territorial no sistema de pensións, lembrar que as pensións galegas son das máis baixas de todo o Estado, entendemos que os puntos que se recollen contribúen á súa eliminación progresiva; e tamén incidir en que resulta, cando menos curioso, que falamos da importancia de incrementar o número de empregos e ao mesmo tempo esteamos falando de medidas como de ampliar a idade de xubilación, o cal supón que un traballador teña que traballar durante máis anos, incluso naqueles postos que son máis penosos, incrementar o número de anos de cotización, etcétera, o cal dificilmente é unha medida que poida contribuír ao acceso laboral tamén da xente máis moza cunhas taxas bastante alarmantes de paro no noso país. Coincidimos co contido e cos acordos que propón a Marea e anunciamos o noso voto a favor.

(Abandona o salón o Sr. Alfonsín Somoza)

Sr. Fernández Piñeiro

É importante subliñar, antes de nada, que se acaba de aprobar a Lei de reforma das pensións, creo que foi en decembro, a finais do pasado ano, co voto a favor de Podemos, do PNV, de ERC e do PSOE. É importante poñelo en valor porque é a primeira gran reforma en 20 anos, que establece ademais que o cálculo das pensións se faga en base ao IPC e non ao modelo anterior do Partido Popular que foi imposto por Mariano Rajoy daquel 0,25, que en moitas ocasións custaba máis a carta que se enviaba aos municipios para comunicalo que o propio incremento que ían

apercebir eses pensionistas. E, polo tanto, nunha situación como na que estamos agora, cunha inflación do 6%, volver a ese modelo sería un retroceso total e absoluto e, sobre todo, unha perda de poder adquisitivo para eses pensionistas brutal, porque estamos dicindo neste caso que estarían a perder neste mesmo ano no que estamos un 5,75% da súa pensión.

É verdade que a proposta de IPC real é importante deixalo claro que procede do Pacto de Toledo, por certo un pacto que establecía, ou que a finalidade era, retirar as pensións da contenda política e do debate político e partidista, que eu creo que debería ser ou seguir sendo así, pero, como digo, esa proposta que está incluída nesta lei que se aprobou recentemente procede do acordo do Pacto de Toledo e do acordo cos axentes sociais, que iso tamén é importante fronte a aquela imposición que fixera Mariano Rajoy, que non tiña ou non contaba con ese acordo.

En todo caso, nós ímonos abster nesta moción; primeiro, porque se acaba de aprobar a lei, como digo, a gran reforma nos últimos 20 anos, hai que deixala que ande. Efectivamente, poderase ir mellorando ao longo do tempo, pero temos que ser tamén realistas coa situación e que as pensións, a fin de contas, para poder pagalas fai falta ter no Estado unha serie de ingresos; por exemplo ao pasar o salario mínimo interprofesional de 1.000 a 1.153 xa coa subida que se acaba de aplicar supón 2.500 millóns de euros esa actualización, e é importante nunha situación na que estamos agora con certas incertezas a nivel económico provocadas, unha pola situación derivada da Covid-19, outra pola invasión de Ucraína –sei que non vai gustar que o diga, pero tamén é verdade– e por outras de carácter internacional que están a afectar, pois tamén é importante adoptar medidas con propostas que saibamos a ciencia certa que imos poder asumir, para non caer naquilo que pasou xa no seu momento con aqueles 64.000 millóns de euros que deixou Rodríguez Zapatero na hucha das pensións e que acabaron en menos de 18.000 cando saíu Mariano Rajoy da Moncloa. Pois para evitar este tipo de problemas e que se poida soste este sistema, é importante que as medidas que se adopten, como digo, sexan rigorosas máis alá de que todos e todas, ninguén se vai opoñer a que os pensionistas cobren máis, faltaría máis, e ogallá puideran cobrar tres veces máis do que cobran; todos e todas estamos de acordo niso, pero loxicamente hai que facelo coas medidas que poidan, como digo, sustentar este sistema. Polo tanto, nós non estamos en contra da moción, pero si cremos que se acaba de aprobar como digo esta nova lei, que hai que deixar que ande e que se poida ir modificando ao longo do tempo, pero sempre dentro do Pacto de Toledo. Polo tanto, neste aspecto ímonos abster.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Nós non imos aceptar a emenda que propón o Partido Popular, en primeiro lugar porque é unha proposta que nos fai o propio colectivo e que nós non nos atrevemos a discutir, e en segundo lugar porque estamos de acordo co contido da proposta. O contido da proposta basicamente o que di é que se actualicen as pensións á suba do custo da vida. Eu creo que facer o contrario é propoñer a súa desvalorización, non hai máis, eu creo que é moi simple, é tan simple como a oferta e a demanda pero esta vez neste caso si que rexe si que é certo, si que se sobe o

custo da vida por encima do que soben as pensións, as pensións automaticamente se desvalorizan, e leva sucedendo isto os últimos dez anos.

Ben, eu está claro que a vía para o financiamento das pensións é a vía impositiva, ben pola recadación do traballo, ben pola vía dos impostos xerais do Estado, creo que tamén para min non deixa de ser ás veces un dogma inútil vincular unicamente as pensións aos ingresos polas contribucións ao traballo, cando o resto, que non deixa de ser ademais unha innovación contable e recente, cando o resto dos gastos do Estado se financian pola vía que cómpre, que é a vía impositiva normal, pola fiscalidade xeral do Estado. Entón, eu creo que non hai que vincular o mantemento das pensións unicamente á suba do traballo ou á taxa de paro, Eu creo que hai que vinculala ao orzamento xeral do Estado, que debe ingresar pola vía ordinaria da fiscalidade que toque.

E, por suposto, que rebaixar a presión fiscal supón perder servizos públicos que o Estado nos presta. A miña pregunta é, en tal caso, que Estado queremos? É dicir, se queremos recadar menos impostos, iso vai supoñer automaticamente que se perda calidade de servizos públicos. Imos ter unha educación peor, imos ter unha sanidade peor, imos ter unhas pensións públicas peores, iso é inevitable. Polo tanto, creo que cando temos o discurso da responsabilidade, sexamos responsables coas consecuencias das nosas propostas porque, se temos un discurso sempre de rebaixa fiscal, haberá que explicar aquí que consecuencias ten iso, a non ser que vaíamos, e lamento que teña que saír aquí de novo neste debate a cuestión madrileña, a unha política de *dumping* fiscal onde unha parte do Estado que acumula, pola súa centralidade e pola súa posición de capitalidade, ingresos e leva para alí a actividade económica do resto do Estado, se permite baixar impostos sistematicamente, pero iso vai en contra nosa, do resto, que non podemos seguir a mesma política.

Polo tanto, por suposto as pensións teñen que manterse pola vía que toque, pola vía dos ingresos do Estado, e o contrario de actualizalas coa suba do IPC é rebaixalas e, por tanto, nós subscribimos cada un dos acordos que aquí se propoñen.

Sr. Ben Otero

Muy brevemente.

Vamos a ver, señor Lema, yo cuando llegue a mi casa, a casa de mi padre mañana, que estará con él o pasado, y me diga: "Oye, pero tú votaste en contra de que nos suban las pensiones". Y dije yo: "Papá", un hombre que es autónomo, que trabajó toda su vida y tiene una pensión muy pequeña, pero supongo que, si hablo con él, lo entenderá. Es decir, aquí hay una cuestión que es la sostenibilidad en el tiempo del sistema. Y eso a día de hoy puede estar en riesgo y eso es lo que nos preocupa.

El señor Fernández, no voy a abrir un debate con él, que igual está ahí provocándolo, no voy a entrar en él. A mí me gustaría saber qué sería de este país si no estuviera comprando el Banco Central Europeo deuda pública, me gustaría saberlo. La famosa prima, que ahora ya no se habla, se empieza a hablar algo, hay anuncios de que posiblemente pronto deje el BCE de comprar deuda pública, y en

ese momento vamos a tener un problema muy serio. La cuestión es el problema de lo que se hace con dinero hoy, el que tenemos, pero la cuestión es qué posibilidades económicas vamos a tener mañana o cómo puede ser el sistema sostenible. Aquí hay una cuestión muy sencilla: ¿los pensionistas tienen un problema? Evidentemente, también las personas que están trabajando con salarios bajos o a medias jornadas, etcétera, efectivamente, el IPC les está complicando seriamente llegar a final de mes y demás, pero también los impuestos, el precio del combustible, porque aplicamos impuestos que van directamente a perjudicar a aquellas personas que tienen menos posibilidades económicas; el precio del diésel, con los impuestos que se le ponen; los costes de producción de nuestros sectores primarios. Esto es importante y ahí es donde radica la cuestión de esto.

Hay muchas formas de hacer política, muchísimas formas de hacer política. A mí evidentemente a los señores pensionistas que están viendo el Pleno o a mi padre, que tiene una pensión muy pequeñita después de trabajar toda su vida, porque igual había un desconocimiento en aquel momento de lo que era cotizar o no un autónomo toda su vida, me costará explicárselo, pero yo tengo que mirar a la cara a la gente y decirle de verdad que hay que actuar con responsabilidad en la vida. No le puedo decir a todo el mundo lo que la gente quiere oír, porque eso no es ser responsable, independientemente de que me gustaría que las pensiones subieran todo lo posible, sin duda ninguna, pero hay que pensar, ya no en nuestras pensiones, en la pensión de nuestros hijos.

Cuando usted salga a la calle, aquí ahora, si quiere, hacemos una encuesta al salir y cogemos a gente que igual no nos conoce, a usted más seguramente porque es concejal en A Coruña, a una persona de mediana edad, de nuestra edad más o menos y le decimos: “¿Tú crees que vas a cobrar la pensión cuando te jubiles?”. Esa es la pregunta que hay que hacer a la gente, y qué nos dice la gente en la calle, o por lo menos lo que yo escucho. La gente tiene un temor, un pánico y un pavor a no poder llegar a cobrar su pensión. Eso es actuar con responsabilidad. Lo demás es aplicar la política de “betanceiros qué queredes?”. Está muy bien, pero de verdad es una invitación a la responsabilidad por parte de todos, y este es un debate que, por responsabilidad, deberíamos apartarlo del debate y de los ataques partidistas.

Nada más y muchas gracias.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 6 deputados/as (4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 12 deputados/as (PP)

Abstéñense: 10 deputados/as (9 do PSOE e 1 do PP, en virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

Decae a moción.

Sr. Presidente

Seguinte moción do Partido Socialista sobre saúde mental.

### **3.Moción que presenta o grupo provincial PSdeG-PSOE sobre saúde mental**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A saúde mental é un dos graves problemas de saúde que está a padecer a nosa sociedade en xeral. De xeito especial é a poboación xoven a que está amosando, dun xeito non percibido ata o de agora, unha maior necesidade de atención por parte dos servizos públicos.

Hai que ter en consideración que Galicia amosa feitos diferenciais negativos e moi preocupantes no padecemento de problemas de saúde mental, como así se evidencia a partir de diversos datos chamativos.

A ratio de profesionais existentes en Galicia en función da poboación coloca a esta Comunidade Autónoma á cola de España en todas as categorías (psiquiatría, psicoloxía, enfermería especialista en saúde mental). O consumo de fármacos orientados á saúde mental sitúase en topos históricos e tamén comparativo co resto de comunidades autónomas de España. Os datos sobre suicidios sitúan a Galicia entre as comunidades autónomas con peores datos porcentuais que a media de España, polo tanto, a situación é moi preocupante, tendo en conta que no ano 2018 o número de suicidios en Galicia foi de 274 e no ano 2019 chegaron a 512.

Despois de varios intentos durante os últimos anos para tratar de orientar os esforzos do Goberno de Galicia en saúde mental, en marzo de 2021 chegouse a un acordo para a votación por unanimidade dunha parte dunha proposición non de lei do Grupo Socialista, e cuxo texto aprobado foi:

1) Desenvolver de maneira efectiva e real o Plan Galego de Saúde Mental comprometéndose, como mínimo, a:

- Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiras especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais que implique a creación de 120 novas prazas antes da fin de 2021 e que se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no SERGAS á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio de 2024.

- Dotar os medios axeitados para o inicio do funcionamento, en 2021, dunha unidade de psicoxeriatria na área sanitaria de Ourense.

2) Asumir o informe do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura e levar a cabo todas as medidas e recomendacións que se indican para reverter os graves problemas sinalados nun prazo de 6 meses, solicitando posteriormente unha nova avaliación ao propio MNP ou auditoría externa independente que valore o cumprimento e a situación do centro e das persoas alí ingresadas.

3) Acordar coa FEGAMP o mecanismo para iniciar o procedemento de incorporar ao SERGAS os profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar a atención e que dependa do organismo.

A realidade da saúde mental segue a ser un grave problema en Galicia, e precísase unha aposta decidida para acompañar unha reivindicación cidadá clara que está a conquistar, sobre todo nos últimos tempos, unha visibilidade que aporta na concienciación colectiva das necesidades.

Resulta imprescindible avaliar o cumprimento das medidas aprobadas, tanto polo beneficio que pode levar á cidadanía como polo respecto parlamentario ao traballo desenvolvido.

Ademáis parece necesario afondar nas medidas estruturais a tomar para ampliar os recursos e os plans asistenciais orientados á saúde mental da cidadanía de Galicia.

Por outra banda, o estigma asociado aos problemas de saúde mental provoca que as persoas que o padecen, sexan etiquetadas baixo estereotipos negativos que poden comportar novas vulnerabilidades: estigma social ou público derivado de cando a sociedade asume ditos estereotipos como verdadeiros; e o autoestigma cando a persoa asimila e se auto atribúe estereotipos negativos asociados a diferentes problemas de saúde mental.

Un bo coñecemento sobre a saúde mental e os trastornos mentais comportará unha mellora nas condicións de vida e na diminución dos factores de risco que afectan á poboación con problemas de saúde mental.

Por iso, os e as profesionais que traballan no ámbito sanitario e educativo, así como no ámbito social, coa axeitada formación e "alfabetización" en saúde mental, poden converterse en pancas que propicien un cambio de dinámicas e de formas de relacionarse socialmente coas problemas de saúde mental.

## ACORDOS

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Dar cumprimento efectivo ao acordo do Pleno do Parlamento de Galicia do 23 de marzo de 2021, promovido polo Grupo Socialista e aprobado por unanimidade.
2. Axilizar os medios e recursos necesarios para o obxectivo de crear unha unidade de hospitalización infanto xuvenil en cada área sanitaria de Galicia.
3. Fixar unha comisión de seguimento que integre ás organizacións sindicais representantes das/os traballadoras/es, así como a representantes dos colexios oficiais implicados nos servizos de saúde mental, así como as asociacións máis representativas en saúde mental en profesionais e pacientes/familiares que avalíe, como mínimo anualmente, a evolución das medidas contempladas no Plan Galego de Saúde Mental.
4. Promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria e coa maior rapidez posible, cos medios humanos e materiais axeitados.
5. Desenvolver de maneira efectiva o Plan Galego contra o Suicidio, tomando como referencia as experiencias profesionais de contrastada efectividade, dotando de

recursos materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento dunha planificación a longo prazo guiada polos profesionais de saúde mental do sistema público de saúde de Galicia.

6. Promover a formación sobre a saúde mental para profesionais dos Servizos Sociais para facilitar a correcta identificación, atención e derivación dos problemas de saúde mental.

7. Promover programas de intervención comunitaria sobre a promoción da saúde mental na poboación en xeral, en coordinación cos centros educativos, asociacións de nais e pais (ANPAS), servizos sociais especializados e movementos asociativos.

### Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo a todos e a todas.

Como comentamos tamén na Xunta de Voceiros, saben vostedes da preocupación deste grupo, e que era compartida polo resto de grupos desta Corporación, pola situación das persoas que teñen algún tipo de problema mental, que se viu agravado ademais nos últimos tempos como consecuencia da pandemia. E cada vez afecta sobre todo á poboación máis nova, algo que está a hipotecar dende logo tamén o futuro deste país. Polo tanto, hai unha serie de iniciativas que se foron poñendo en marcha ao longo dos últimos anos, que foron positivas moitas delas, pero entendemos que hai que seguir apostando por iniciativas que melloren a situación destas persoas ou a súa calidade de vida e a investigación de cara a poder dar unha mellor solución e tamén unha diagnose moito máis acertada en moitos dos casos nos que hai certas dificultades, sobre todo en idades máis temperás para poder facelo.

Polo tanto, esa é a motivación pola que nace esta moción, da que vou dar lectura dos acordos, tendo en conta que todos e todas temos copia dela. Polo tanto, o que solicito é:

Instar a Xunta de Galicia en primeiro lugar a dar cumprimento efectivo ao acordo do Pleno do Parlamento de Galicia do 23 de marzo de 2021 promovido polo Grupo Socialista aprobado por unanimidade.

Segundo, axilizar os medios e recursos necesarios para o obxectivo de crear unha unidade de hospitalización infanto-xuvenil en cada área sanitaria de Galicia.

Terceiro, fixar unha comisión de seguimento que integre as organizacións sindicais representantes dos traballadores, así como representantes dos colexios oficiais implicados no servizo de saúde mental, así como asociacións máis representativas en saúde mental, en profesionais e pacientes familiares, que avalíe como mínimo anualmente a evolución das medidas contempladas no Plan galego de saúde mental.

Cuarto, promover a conexión entre os servizos de saúde mental e atención primaria coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental,



posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria, e coa maior rapidez posible cos medios humanos e materiais axeitados.

Quinto, desenvolver de maneira efectiva o Plan galego contra o suicidio, tomando como referencia as experiencias profesionais de contrastada efectividade, dotando de recursos materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento dunha planificación a longo prazo guiada polos profesionais da saúde mental do sistema público de saúde de Galicia.

Sexto, promover a formación sobre a saúde mental para profesionais dos servizos sociais para facilitar a correcta identificación, atención e derivación dos problemas de saúde mental.

E sétimo, promover programas de intervención comunitaria sobre a promoción da saúde mental da poboación en xeral en coordinación cos centros educativos, asociacións de nais e pais (ANPAS), servizos sociais especializados e movementos asociativos.

Por todos estes motivos, pedimos o apoio do resto de grupos desta Corporación á moción e a estes acordos que acabo de relatar.

Nada máis, moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Tamén de xeito moi breve.

En primeiro lugar, coincidir na importancia que ten o ámbito da saúde mental e especialmente en base ao incremento de diagnósticos e tamén a unha cada vez maior concienciación cara á visibilización da existencia destas problemáticas e das dificultades que implican no día a día das propias persoas coa enfermidade mental, de familiares, etcétera.

Do mesmo xeito incidir na insuficiencia de recursos para unha atención rápida, eficiente e tamén que garanta unha atención pública a todas aquelas persoas para unha atención sostida no tempo realmente eficiente. Daquela, coincidimos en que é urxente e necesario un incremento de recursos dispoñibles e especializados no ámbito hospitalario. Falaba antes o Sr. Fernández das unidades de hospitalización infanto-xuvenil, por primeira vez en anos nalgunha delas hai lista de agarda, froito do incremento de situacións que necesitan de hospitalización e grave. Pero, ademais, consideramos esencial que a saúde mental teña presenza nos centros de atención primaria, primeira porta de acceso, que facilite o diagnóstico, a detección precoz e tamén o seguimento e tratamento do xeito máis cercano posible. É unha cuestión que os datos din que é importante, urxente e que debe estar ao alcance de todo o mundo.

Sr. Castrillón Permuy

Bos días a todos, grazas, señor presidente.

Sobre esta moción que presenta o Grupo Socialista, somos conscientes de que hai que seguir traballando e seguir esforzándose para mellorar este sistema, pero o que é certo é que na exposición de motivos fan unha exposición na que parece que se esqueceron dun paso importante, que é que o Goberno da Xunta de Galicia aprobou un Plan de saúde mental no ano 2020 dotado con 83.000.000 de euros e co compromiso de contratar 241 profesionais. Ese é un feito fundamental e non o acordo. É máis, foi en decembro do ano 2020 cando se deu conta con detalle das medidas do Plan de saúde mental de Galicia poscovid 2020-2024, un plan que, por certo, xa estaba publicado en Internet con total transparencia. E tamén en decembro de 2020 o director xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas compareceu e deu conta dun detalle das medidas do Plan de saúde mental de Galicia postcovid 2020-2024. E o acordo non foi en relación a unha proposición non de lei do Grupo Socialista, senón dunha moción, é un matiz importante porque un motivo fundamental, as mocións veñen precedidas dunha interpelación e nunha intervención do Pleno anterior foi cando o conselleiro fixo ese compromiso da creación de 120 novas prazas, que logo vostedes recollen no texto da moción. Polo tanto, ese compromiso non sae dunha iniciativa socialista, senón dun compromiso da Xunta e sae dun plan aprobado pola Xunta varios meses antes desa iniciativa.

E afortunadamente iso é así porque esa iniciativa socialista probablemente fose máis cativa, xa que no ano 2021 vemos como o Goberno de España presenta un Plan de saúde mental dotado de 100 millóns para toda España. Lembramos que o plan galego contempla 83 millóns para Galicia, e son millóns que se están executando, puidemos velos nos orzamentos, coas 120 prazas dotadas entre 2020 e 2021: 32 de psiquiatría; 31 de psicoloxía clínica; 32 de enfermería especialidade en saúde mental, 11 auxiliares de enfermería, 12 de traballo social e 2 de terapeuta ocupacional. Están nos orzamentos para quen queira velas, pero ademais non só se están a dotar, senón que se están a cubrir coa máxima celeridade posible. A principios do mes de febreiro o señor presidente da Xunta de Galicia confirmou que eran xa cen os profesionais contratados.

Séguese traballando e avanzando no plan, e en maio de 2020ponse en funcionamento en Ordes unha nova unidade especializada en saúde mental, cumprindo os compromisos fixados no Plan de saúde mental. A unidade estará integrada por 5 profesionais e dará asistencia aos concellos de Ordes, Frades, Mesía, Tordoia e Trazo. En xuño de 2021 o Sergas pon en marcha unha nova unidade de saúde mental no centro de saúde da Covada en Oleiros; un servizo optimizaría a atención dos trastornos depresivos e permanentes na atención primaria, ademais de mellorar a prevención de condutas suicidas. Son exemplos que se está avanzando e co compromiso de sacar adiante un plan de saúde mental.

En relación ás unidades de hospitalización, o Plan de Saúde Mental contempla unidades de hospitalización de día infanto-xuvenil en cada área sanitaria, que están funcionando xa en Vigo, en Santiago e en Ourense, e que está previsto que este ano se poñan a funcionar en Lugo e na Coruña.

Respecto á hospitalización de agudos, xa está licitado o proxecto dunha segunda unidade de hospitalización infanto-xuvenil de saúde mental de agudos en Galicia, e estará situada no hospital Álvaro Cunqueiro. Este proxecto do

arquitectónico xa está adxudicado desde finais do mes de novembro e no cal nestas datas finalizan os prazos para a súa entrega e probablemente pronto teñamos a licitación da obra. En consecuencia, vostede pide cousas que é público e notorio que están en marcha e moi avanzadas.

O Plan galego contra o suicidio, é especialmente sorprendente que o PSOE solicite desenvolver de maneira efectiva o Plan galego contra o suicidio. Mire, para desenvolver de maneira efectiva o plan o primeiro hai que telo; a Xunta de Galicia teno. Non pode dicir o mesmo o Goberno de España. Así nas noticias de xaneiro de 2022: "Suicidio, se descarta un plan fóra da Estratexia de Saúde Mental". Nós poderíamos entender esa decisión aínda que non a compartamos, pero é que lle dou outra noticia, esta vez de febreiro de 2020, de que hai xa dous anos o Ministerio apostaba por un plan específico fronte ao suicidio. Teñen que aclararse, que queren un plan específico ou non.

E falando de formación, en referencia á formación, xa se están a levar a cabo iniciativas de formación como por exemplo o programa VIDA, para a formación de profesionais do sistema de protección do menor, dependente da política social, así como reforzo de programas sociosanitarios de atención a dependentes en centros residenciais con problemas de saúde mental. En programas de intervención comunitaria, polo que se refire aos programas de intervención comunitaria, contamos con orde de subvención específica para estes programas que se desenvolven con ONG e participamos coa Consellería de Educación nunha comisión que coabordará estas necesidades.

Así e todo, coincidimos en que é importante intensificar todas estas accións promotoras en saúde para poder chegar a toda a poboación e seguiremos traballando para mellorar día a día para que a xente teña unha sanidade mellor.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Si, nós imos apoiar esta moción que presenta o Grupo Socialista e pensamos que a saúde mental require a mesma atención que a física. Pensamos que existe unha cuestión de estigma social que fai que moitas persoas eviten darlles esa mesma categoría ás doenzas mentais ou anímicas e ás doenzas físicas, creo que deberíamos camiñar cara aí, cara esa equiparación a nivel social entre a importancia das enfermidades mentais e o resto das doenzas. Nun momento e nun país no que a atención ás enfermidades, doenzas mentais, a ninguén se lle escapa que é moi cara, ou sexa, que a cobertura que presta a atención pública neste servizo é moi baixa respecto da demanda, e aqueles polo tanto que se ven obrigados a botar man da asistencia privada, polo tanto da psicoloxía ou dos psiquiatras privados, deben pagar un alto prezo porque, insistimos, a cobertura que se lle dá á sanidade mental desde o ámbito público é moi escasa e non cobre nin de lonxe a demanda, por non dicir ademais que tende a ser un pouco rutineira e protocolaria e non talvez da calidade que merece esta cuestión tan delicada.

Vivimos ademais nun momento no que a crise económica e a situación

provocada pola Covid fixo que houbera un aumento considerable das afeccións relacionadas coa depresión e con outras enfermidades deste tipo, enfermidades anímicas e enfermidades mentais, nun país que padece tamén probablemente por razóns estruturais e por razóns culturais unha taxa de suicidios moi alta, a máis alta do Estado. Polo tanto, pensamos que, si se motiva sobradamente esta petición que se fai desde o grupo propoñente dun maior investimento público cara a este fenómeno, que é o da saúde mental, e dicir que no Concello da Coruña veñen de presentarse os seus orzamentos nos que por primeira vez se inclúe un Plan municipal de saúde mental que, dotado con 50.000 €, pretende tamén desde o ámbito local darlle a ese problema a categoría que merece e a atención que merece.

Nada máis e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente.

Sr. Castrillón, neste caso nós non dicimos que non se fixera nada, nin que o que se está a facer sexa malo, senón que se pode facer e se debe facer máis tendo en conta que as medidas loxicamente, á vista dos datos, os de Galicia, está nos índices de suicidio máis altos Estado: só en 2018 houbo 274 suicidios e en 2019, 512. Polo tanto o que dicimos é que hai que facer máis, tendo en conta que o feito ata o de agora, por todos, porque neste caso xa digo que se aprobou algunha das propostas por unanimidade no Parlamento, é insuficiente. Polo tanto, se a Xunta crea ese plan e dota economicamente, pois que mellor momento para aproveitar eses fondos, os fondos que se poñan a través dese plan e de incrementalos loxicamente, porque si eran necesarios máis para poñer en marcha as propostas que traemos hoxe a través desta moción.

(Abandona o salón o Sr. Pego Sampedro).

É verdade o que comentabas do Estado, pero primeiro hai que lembrar que todos os fondos que se utilizan en sanidade, xa sexa a través das propias convocatorias do Estado ou dos que transfire á Comunidade Autónoma, son estatais. É dicir, non se pode comparar unha convocatoria do Estado de 100 millóns para todo o país, que o que pode investir a Xunta de Galicia, que ten competencias nesa materia e que ademais as sufraga cos fondos que lle transfire o Estado, que non son fondos autonómicos propiamente ditos. Polo tanto, simplemente un pequeno matiz. É importante que entre todos e todas, se compartimos a problemática que pon de manifesto esta moción e cos datos tan alarmantes que nos está a amosar, fagamos o posible para adoptar medidas que sexan tendentes a reducir ou, como digo, o número de suicidios e o número de persoas doentes deste tipo de enfermidades de carácter mental. Polo tanto, pido novamente o apoio a todos os grupos para esta moción.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Castrillón Permuy

Grazas, señor presidente,

Bueno, nós, o noso grupo somos conscientes de que hai que seguir traballando e de feito a Xunta, como dixen, para resumir, ten este plan desde o ano 2020 e estase traballando para cumprir os obxectivos que estaban programados. É certo que a día de hoxe temos 100 profesionais contratados, si, pero si que estaremos a seguir traballando para chegar aos que están prometidos nese plan, que son os 251 profesionais. Pero si é certo que de golpe non se pode chegar porque hai uns procesos de contratación, hai uns procesos que hai que ir facendo como o tempo nolo permita. E si está claro que somos conscientes de que hai que seguir traballando e avanzando nesa dirección, pero tamén somos conscientes dos ingresos que entran. E, polo tanto, o Goberno de España si que pode achegar máis fondos para que este programa se axilice, pois vostedes desde a súa bancada poden tamén traballar nesa dirección para que cheguen máis fondos e nós poidamos axilizar e mobilizar máis rápido este programa. Pero desde logo o interese da Xunta é seguir avanzando e seguilo levando á mellor situación posible para que estea cuberto todo o territorio galego.

Nada máis e moitas grazas.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 11 deputados/as (PP)

Abstéñense: 1 deputado (PP - en virtude do artigo 74.1 do Regulamento orgánico)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

### **"Moción que presenta o grupo provincial PSdeG-PSOE sobre saúde mental"**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A saúde mental é un dos graves problemas de saúde que está a padecer a nosa sociedade en xeral. De xeito especial é a poboación xoven a que está amosando, dun xeito non percibido ata o de agora, unha maior necesidade de atención por parte dos servizos públicos.

Hai que ter en consideración que Galicia amosa feitos diferenciais negativos e moi preocupantes no padecemento de problemas de saúde mental, como así se evidencia a partir de diversos datos chamativos.

A ratio de profesionais existentes en Galicia en función da poboación coloca a esta Comunidade Autónoma á cola de España en todas as categorías (psiquiatría, psicoloxía, enfermería especialista en saúde mental). O consumo de fármacos orientados á saúde mental sitúase en topos históricos e tamén comparativo co resto de comunidades autónomas de España. Os datos sobre suicidios sitúan a Galicia entre as comunidades autónomas con peores datos porcentuais que a media de España, polo tanto, a situación é moi preocupante, tendo en conta que no ano 2018 o

número de suicidios en Galicia foi de 274 e no ano 2019 chegaron a 512.

Despois de varios intentos durante os últimos anos para tratar de orientar os esforzos do Goberno de Galicia en saúde mental, en marzo de 2021 chegouse a un acordo para a votación por unanimidade dunha parte dunha proposición non de lei do Grupo Socialista, e cuxo texto aprobado foi:

1) Desenvolver de maneira efectiva e real o Plan Galego de Saúde Mental comprometéndose, como mínimo, a:

- Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiras especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais que implique a creación de 120 novas prazas antes da fin de 2021 e que se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no SERGAS á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio de 2024.

- Dotar os medios axeitados para o inicio do funcionamento, en 2021, dunha unidade de psicoxeriatría na área sanitaria de Ourense.

2) Asumir o informe do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura e levar a cabo todas as medidas e recomendacións que se indican para reverter os graves problemas sinalados nun prazo de 6 meses, solicitando posteriormente unha nova avaliación ao propio MNP ou auditoría externa independente que valore o cumprimento e a situación do centro e das persoas alí ingresadas.

3) Acordar coa FEGAMP o mecanismo para iniciar o procedemento de incorporar ao SERGAS os profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar a atención e que dependa do organismo.

A realidade da saúde mental segue a ser un grave problema en Galicia, e precísase unha aposta decidida para acompañar unha reivindicación cidadá clara que está a conquistar, sobre todo nos últimos tempos, unha visibilidade que aporta na concienciación colectiva das necesidades.

Resulta imprescindible avaliar o cumprimento das medidas aprobadas, tanto polo beneficio que pode levar á cidadanía como polo respecto parlamentario ao traballo desenvolvido.

Ademáis parece necesario afondar nas medidas estruturais a tomar para ampliar os recursos e os plans asistenciais orientados á saúde mental da cidadanía de Galicia.

Por outra banda, o estigma asociado aos problemas de saúde mental provoca que as persoas que o padecen, sexan etiquetadas baixo estereotipos negativos que poden comportar novas vulnerabilidades: estigma social ou público derivado de cando a sociedade asume ditos estereotipos como verdadeiros; e o autoestigma cando a persoa asimila e se auto atribúe estereotipos negativos asociados a diferentes problemas de saúde mental.

Un bo coñecemento sobre a saúde mental e os trastornos mentais comportará unha mellora nas condicións de vida e na diminución dos factores de risco que afectan á poboación con problemas de saúde mental.

Por iso, os e as profesionais que traballan no ámbito sanitario e educativo, así como no ámbito social, coa axeitada formación e "alfabetización" en saúde mental, poden converterse en pancas que propicien un cambio de dinámicas e de formas de relacionarse socialmente coas problemas de saúde mental.

## ACORDOS

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Dar cumprimento efectivo ao acordo do Pleno do Parlamento de Galicia do 23 de marzo de 2021, promovido polo Grupo Socialista e aprobado por unanimidade.
2. Axilizar os medios e recursos necesarios para o obxectivo de crear unha unidade de hospitalización infanto xuvenil en cada área sanitaria de Galicia.
3. Fixar unha comisión de seguimento que integre ás organizacións sindicais representantes das/os traballadoras/es, así como a representantes dos colexios oficiais implicados nos servizos de saúde mental, así como as asociacións máis representativas en saúde mental en profesionais e pacientes/familiares que avalíe, como mínimo anualmente, a evolución das medidas contempladas no Plan Galego de Saúde Mental.
4. Promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria e coa maior rapidez posible, cos medios humanos e materiais axeitados.
5. Desenvolver de maneira efectiva o Plan Galego contra o Suicidio, tomando como referencia as experiencias profesionais de contrastada efectividade, dotando de recursos materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento dunha planificación a longo prazo guiada polos profesionais de saúde mental do sistema público de saúde de Galicia.
6. Promover a formación sobre a saúde mental para profesionais dos Servizos Sociais para facilitar a correcta identificación, atención e derivación dos problemas de saúde mental.
7. Promover programas de intervención comunitaria sobre a promoción da saúde mental na poboación en xeral, en coordinación cos centros educativos, asociacións de nais e pais (ANPAS), servizos sociais especializados e movementos asociativos."

Sr. Presidente

Seguinte moción presentada polo Grupo Provincial Popular para instar a institución á creación de albergues provinciais para recoller animais abandonados, así como a elaboración de programas de concienciación e protección destes.

**4.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para instar á Institución á creación de albergues provinciais para a recollida de animais abandonados, así como a elaboración de programas de concienciación e protección dos mesmos**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitas as persoas que gozan da compañía do seu animal e non tomarían en consideración a posibilidade do seu abandono. Con todo, a convivencia entre persoas e animais non sempre é un éxito e ás veces fracasa por temas de incompatibilidade, descoñecemento sobre as implicacións prácticas de vivir cun animal e, nalgúns casos, por unhas expectativas equivocadas sobre o comportamento animal.

Aínda que aínda estamos lonxe de erradicar este problema, a sociedade está a adquirir unha maior sensibilización sobre a tenencia responsable dun animal de compañía, dando unha resposta positiva ante o abandono, como é a adopción dos animais que se atopan nos centros de recollida, e poñendo así fin á súa situación. A isto hai que engadir que o abandono dos animais pode orixinar graves problemas de benestar animal, sanidade, seguridade pública e viaria e medio ambiente.

A protección e benestar dos animais de compañía regúlase en Galicia a través da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, e do Decreto 153/1998, do 2 de abril. Esta normativa recolle as mínimas atencións que deben recibir os animais, desde o punto de vista hixiénico-sanitario, co fin de garantirles uns mínimos de bo trato, fixando como principio fundamental de protección o da posesión ou tenencia responsable, así como os requisitos que deben cumprir os animais para a súa adopción, entre eles, que proveñan dun centro de recollida autorizado e que sexan entregados, identificados e esterilizados. Así mesmo, corresponde ás administracións locais a recollida de animais abandonados nos seus respectivos termos municipais, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 4/2017, do 3 de outubro.

De acordo coas cifras ofrecidas pola Fundación Affinity no seu estudo anual sobre o abandono de animais en España, no ano 2021, con datos de 2020, afirma que hai 286.000 animais nas rúas do noso país. É un dato preocupante e que constata que o abandono segue sendo un problema estrutural que precisa unha maior intervención e cooperación para lograr diminuír esta cifra e que se poida asegurar o benestar de cans e gatos na nosa sociedade.

É evidente que na provincia da Coruña, e porque así nolo han manifestados distintos Alcaldes e portavoces en distintos Municipios do Partido Popular, existe unha problemática evidente con este tema, e unha sensibilidade cidadá que nos reclama como administración que interveñamos, motivo polo cal non podemos mirar para outro lado.

Por iso, a provincia da Coruña, necesita un servizo de recollida e albergado de animais perdidos ou abandonados que cubra integralmente as necesidades dos animais e non só para os cans e gatos senón tamén, para outras especies domesticadas que ven afectadas por este lastre social e que con todo, non son contempladas coas mesma importancia.

Nun momento no que tanto a nivel legislativo como social avánzase en prol de outorgar aos animais o dereito á protección benestar, consideramos e propoñemos que dado a nosa Deputación ten medios suficientes e chega a todos os municipios da provincia, entendemos que esta sería a vía necesaria para a cobertura das súas necesidades cunha xestión moito máis alcanzable e segura, é dicir, a disposición dunhas instalacións provinciais cunha xestión profesionalizada cunha liña de traballo



transparente e garante coa protección animal, todo iso complementado coa realización de campañas de sensibilización para divulgar en todos os estratos dos municipios a protección e atención aos animais.

#Ante esta situación e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación, ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular, insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte

#### ACORDO

Á creación de albergues provinciais para a recollida de animais abandonados nos distintos concellos da provincia, así como a elaboración de programas de concienciación e protección dos mesmos.

#### Sr. Ben Otero

Grazas, presidente. De novo bo día a todos outra vez.

Vou ler o acordo que di o seguinte: “A creación de albergues provinciais para a recollida de animais abandonados nos distintos concellos da provincia, así como a elaboración de programas de concienciación e protección destes”.

E nós presentamos esta moción e motivámola por tres palabras: pola necesidade, pola capacidade e pola oportunidade. A necesidade que veñen manifestando os distintos alcaldes ao longo e ancho da provincia con respecto ás dificultades que teñen para dar este servizo. Esta é unha dificultade obvia, é dicir, e máxime as responsabilidades que teñen á hora de que estean chamando ao 112... É unha situación complexa a que nos teñen alertado os alcaldes dos distintos sitios, especialmente eu que formo parte en Santiago da Fundación Refuxio de Animais , que alí se está facendo unha actividade supramunicipal, no que empezou sendo un refuxio de ámbito local que hoxe están dando un servizo a 10 concellos da contorna, realmente asumindo unhas responsabilidades que penso que deberíamos, desde a Deputación, colaborar neste sentido, e desde aquí poderíamos ter a oportunidade de facer algo similar ao longo da provincia e de tal forma solucionar un problema que, repito, que é unha necesidade para os distintos concellos.

A capacidade?, porque é evidente, é obvio que esta institución ten os recursos suficientes e os técnicos suficientes para implementar un sistema que se lle dea o servizo a estes concellos.

E a oportunidade, a terceira palabra é a oportunidade, porque estamos ao comezo do ano, co orzamento entrando en vigor, e nos sucesivos MC que se poidan levar a cabo poderíamos contemplar isto.

Eu repito: necesidade, capacidade e oportunidade. Isto é un tema que os concellos demandan, que os concellos precisan, e que esta institución pode ver a forma de darlle. Se vostedes non o fan, esperamos facelo nós a partir do ano que vén.

Nada máis e grazas.

(Regresa ao salón o Sr. Pego Sampedro)

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, pois unha vez máis estamos ante esa estratexia do Partido Popular á que estamos moi acostumados de que a Xunta legisla e pagan os demais, está moi ben. Neste caso a Xunta aproba unha Lei de seguridade animal en solitario, é dicir, só votada polo Partido Popular; unha competencia que non é municipal cárganola aos concellos e, como vén sendo habitual, non a dota de fondos necesarios para poder desenvolve-la, e como vén sendo habitual agora pide que sexa a Deputación quen pague. Bueno, pois perfecto, se fora así, era marabilloso.

É verdade, dicía o voceiro do PP que esta administración ten fondos suficientes. Si, ten máis a Xunta, que ten 13.000 ou 12.000 millóns de euros, fronte a 200 que temos nós. E, por certo, tamén pagará algo de xuros nos bancos por ter os cartos, porque xa te vexo vir, Sr. Ben.

Dito isto, isto non é unha competencia provincial. De todos os modos, esta institución, sensible ante esta situación, fixo, indagou sobre este tema, estivemos traballando nesta liña para ver como podíamos colaborar. Pero o normal, o lóxico, se de verdade isto preocupa. e tendo en conta que esta situación nace dunha lei aprobada polo Parlamento galego, sería que esta moción que se instase a Xunta de Galicia a convocar neste caso os concellos a través da Fegamp e as distintas deputacións para, entre todos, analizar esta problemática, ver como se poden dar solucións e ver como se pode colaborar.

O que non é moi xusto é que teña que ser a Deputación quen pague e, se non paga a Deputación, que paguen os concellos, pero neste caso a Xunta de Galicia non paga nunca. É curioso que a Xunta acaba de convocar, creo que foi hai poucos días, escasos días, polo que teño por aquí, onte se mal non recordo, unha liña de axudas para concellos e asociacións protectoras no coidado de atención de animais domésticos abandonados, unha liña de axudas de 450.000 euros para toda Galicia. Deses 450.000, 230.000 son para concellos, e imos dividir 230.000 entre 313 concellos que hai en Galicia, tócanos a 734 € por concello. Quere dicir que non damos recollido dous cans, porque aproximadamente sae 400 e pico, daríanos para un can e tres partes doutro. Iso coa axuda da Xunta cun orzamento de 12.000 millóns de euros que ademais é a que provoca esta situación aprobando esa Lei de benestar animal autonómica. Despois repártense outros 220.000 euros para as entidades, neste caso canceiras e entidades relacionadas ou dedicadas á atención aos animais domésticos, etcétera, abandonados. Se dividimos 220.000, imos facelo así *grosso modo*, entre catro provincias, tocaría a 55.000 euros por provincia para estas entidades.

Esta Deputación, que non ten competencias na materia e que ten un orzamento que é a milésima parte do da Xunta de Galicia, só o ano pasado achegou 100.000 euros, é dicir, o dobre que a Xunta de Galicia para estas entidades. Polo tanto, aí vese que estamos concienciados con esta situación, dende logo estamos o dobre de concienciados do que está a Xunta de Galicia en termos absolutos e, se

imos a termos relativos, tendo en conta o orzamento, estaríamos moitísimo máis concienciados, e estamos dispostos a falar desta cuestión, pero para falar desta cuestión teremos que estar sentados todos e todas aquí, porque se non, non é xusto, non sería xusto que ao final esta Deputación, que o que fai con eses fondos é axudar aos concellos, pois teña que detraerlles fondos aos concellos precisamente para dotar este plan, porque isto tense que financiar dalgunha maneira, e aquí os cartos non aparecen por xeración espontánea, polo tanto, se temos que dedicalos a esta tarefa, haberá que quitalos dalgún sitio. Pois estamos dispostos incluso a estudar a posibilidade de colaborar, pero non de que teña que ser a Deputación a que asuma o custo dun servizo, como digo, que se lles impón aos concellos, que non está na Lei de bases de réxime local, non está amparado nesa lei, senón que é unha lei que a Xunta impón porque lle parece moi ben e que ao final acabe como acaba sempre, que se aproba por parte da Xunta e é que o paguen a deputacións, como se aquí tivéssemos a galiña dos ovos de ouro e puideramos xerar fondos e fondos de forma máxica, cousa que desgraciadamente non é así, oxalá puidera ser así.

Polo tanto, nós neste punto terán que entender vostedes que non imos apoiar esta moción porque, primeiro, nos parece que é moi inxusta; porque, segundo, non é solidaria, é dicir, non busca a solidariedade entre as distintas administracións, só pretende que sexan os concellos de forma directa ou indirecta quen pague isto, porque dá igual que a pague o Concello ou que a pague a Deputación, repito, os fondos desta administración son para colaborar polos concellos e, polo tanto, a administración que ten máis competencias ou as competencias na materia e que dispón de moitos máis fondos para poder colaborar queda á marxe, non ten moito sentido. Por tanto nós convidamos a que se abra un debate entre as distintas administracións de caso, como digo, Xunta, Concellos e Deputación, para abordar este tema e atopar entre todos e todas solucións que eviten, efectivamente, o colapso económico dos concellos que non poden asumir xa non só a recollida de cans, senón de gatos e outras moitas especies que abundan desgraciadamente polas nosas rúas e que fan que teñamos unha serie de limitacións económicas bastante considerables como consecuencia desa situación.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Evidentemente, coincidimos coa exposición e argumentos do portavoz do PSOE. Efectivamente, estamos falando dunha competencia municipal que é delegada aos concellos a través dunha lei aprobada no Parlamento galego por parte do Goberno da Xunta, unha lei que en ningún momento contemplou a transferencia de fondos para que os concellos, e de xeito moi especial aqueles máis pequenos, puidesen xestionar esta competencia de xeito eficiente. Estamos falando dunha situación que entendo que, efectivamente, os alcaldes trasladan froito da responsabilidade que recae sobre eles e das dificultades de xestión, e que dalgún xeito se fai unha emenda á súa propia lei a través desta moción, que asuma a Deputación.

Eu creo que a parte de acordo que se concreta na creación de albergues provinciais creo que é lanzar a diagnose, o deseño, a planificación dunha

competencia e un servizo de elevada complexidade polas características do territorio e polas implicacións. Entón, concordo co Sr. Fernández, do que deberíamos falar é dun grupo de traballo no que analizar esta situación, e entendo no que ver cales son as mellores alternativas e cal debería ser o compromiso de financiamento de cada administración con competencias na cuestión, que a día de hoxe a autonómica, creo que así o recolle a lei, é quen as ten.

#### Sr. Lema Suárez

Si, nós concordamos co fondo do asunto da moción que trae aquí o Partido Popular. Pensamos, así e todo, que estamos nunha cuestión semellante á que se debateu aquí anteriormente dos grupos de emerxencia supramunicipal, no que, se hai servizos que se pretenden xestionar que afectan a máis dun concello, entendemos que deba organizarse isto cun trámite previo que busque certa coordinación ou certa concertación, tanto respecto de quen vai prestar o servizo como respecto de quen vai financiarlo. Entendemos que este é un problema que existe, ao que hai que darlle solución. Tamén entendemos que para os concellos pequenos é inasumible o custo que ten e que, por suposto, a Deputación está para prestarlles servizo a estes concellos en cuestións como esta.

O discurso das competencias que se invocou aquí hoxe respecto de se iso é ou non é unha competencia dunha Administración local, aquí téñense asumido competencias que están, desde logo, fóra do ámbito local. Falo, por exemplo, daquilo que ten que ver co financiamento para a colocación de caixeiros que teoricamente presten servizo financeiro naqueles lugares onde se acababan de eliminar; o cal tamén, desde logo, está moi lonxe de ser unha competencia local ou desta administración. Polo tanto, creo que debemos ter moito coidado ás veces con este tipo de discurso das competencias, creo que o ideal nunha administración, acabamos hoxe de aprobar aquí a liquidación do orzamento do ano pasado, sen dúbida unha administración solvente como esta, e que vaia asumir aquel tipo de competencias que, aínda que teñan un custo, pois son, creo, que unha demanda social.

En todo caso pensamos que, si é preciso non facer disto simplemente unha ferramenta, digamos, de regate curto, senón que pensamos que habería que darlle unha categoría maior, como se fixo –insisto– co debate sobre os grupos de emerxencia supramunicipal, indo a unha concertación entre as administracións cos niveis administrativos implicados. Por todo isto, nós ímonos abster nesta moción.

#### Sr. García Seoane

Imos ver, si é un tema grave que teñen os concellos enriba da mesa, porque hai modas, e agora hai unha moda que o que non ten can xa non é ninguén, o que non ten un can non é ninguén. Ter fillos non importa case. Ese é un problema serio; por tanto, o mundo evoluciona ás veces dunhas formas que algúns o poderán entender mellor e outros peor. Eu, desde logo, entendo peor que se lle dea máis preferencia a un can que a un fillo, porque acabamos de ver non só a Lei de Galicia, acábase de ver tamén no Parlamento da nación de falar dunha lei de animais, xa teñen máis dereitos que as persoas. Entón, onde imos?, onde imos? Porque despois é moi fácil dicir este é un problema que é un problema serio. Nós dentro do Consorcio

das Mariñas levamos 15 anos ou máis co servizo montado, e cústanos un diñeiral, en concreto ao Concello de Oleiros cústalle cada ano cento e pico mil euros, que non é unha broma.

E os demais concellos pagan en proporción aos habitantes que teñen, etcétera, etcétera, pero é un problema serio que haberá que tocalo non só, non é cargarlles aos concellos, é dicir, aprobo unha lei, aprobo unha norma, que non é competencia dos concellos, pero aplícollela e obrígoos a facelo, e levar os concellos a unha situación tremenda, porque eu póño-me no lugar dos concellos pequenos que poden ter uns..., que fan?, e xa ocorre agora, veñen aos concellos que temos servizo e soltan os cans por aí. Quérense desfacer do can ou do gato e aparecen colonias a montóns por todos os sitios.

É un problema serio que haberá que abordalo, eu non creo que sexa a Deputación quen teña que substituír, ao mellor, no seu momento, despois dun debate determinado entre Xunta de Galicia, concellos e Deputación, ao mellor dentro da Fegamp, estudar o tema e ver que solucións pode haber porque non se arregla pagando os concellos un tema como este. É un tema gravísimo, en Oleiros hai case 13.000 cans, case 13.000 cans. É dicir, que non é unha broma, hai máis cans que nenos de 1 a 15 anos. Con isto estouno dicindo todo. É unha problemática que está aí, pero que haberá que abordala e, xa digo, eu non vexo que teña que ser a Deputación quen teña que cargar indubidablemente con todo iso. Haberá que falar e haberá que reunirse Deputación, Fegamp, Xunta, quen representa os concellos, tamén a Deputación pero bueno, discutir ese tema porque, desde logo, hai que falar del porque é unha sangría total para os concellos.

#### Sr. Ben Otero

Brevemente. Yo di el otro día palabra de que iba a intentar ser breve y procuro cumplir los compromisos siempre y cuando me es posible.

Vamos a ver, primero, a mí el señor Fernández me llama la atención que para justificar el no a una moción tenga que hablar tanto tiempo. Ya nos vamos conociendo, cuando es difícil justificar el no apoyar una moción pues hay que extenderse mucho en el juego de las palabras y el uso de la dialéctica. Fue más explícita María, porque la señora Muíño vino a coincidir con el señor Fernández pero dijo un par de cuestiones que no son menores: primero, que la competencia es municipal; segundo, que estuvieron analizando, viendo, pero no ven cómo, no quiero decir que haya incapacidad, veo que hay dificultad, y sí la hay. Entonces aquí hay cierta dificultad por este Gobierno para asumir algo que saben que tienen que asumir en algo en que sí que quieren ayudar y no saben cómo hacerlo. No pasa nada, no pasa nada, seguramente no están preguntando en las fuentes o a los técnicos de esta casa, que los hay muy buenos, que seguramente buscarían una solución rápida y clara a este asunto.

Aquí nos arreglamos todos con decir el Plan Único, el otro día se comentaba en la Junta de Portavoces, no que cada uno haga... Pero si no se trata de eso, señores, es que entonces qué hacemos aquí, qué hace el Gobierno aquí, qué hace la oposición aquí. Oiga, tantos ingresos, tanto tal, por cierto presupuesto no de 200

millones, no, 510 este año, 510 millones, 510 millones de euros que tiene esta casa, 510 millones de euros, que hay que repetirlo alto y claro para que todo el mundo lo sepa, 510. Entonces, la pregunta es: oiga, ¿qué hacemos aquí? Démosle los 510 millones al señor Pardellas, hombre serio, hombre trabajador, hombre solvente, que los reparta, que los trocee, con los criterios que da el Plan Único y nos vamos todos para casa y cada Ayuntamiento que haga lo que quiera. Esto no se trata de esto, señores, aquí hay que tomar decisiones. Gobernar es la toma de decisiones y hacer oposición es hacer propuestas a aquellos que gobiernan para que tomen decisiones. Repito: necesidad, capacidad y oportunidad. Y, por cierto, esta moción no la presenta la Xunta de Galicia –se hace aquí alusión a la Xunta– la presenta el Grupo Popular escuchando a nuestros alcaldes, que tienen un problema para dar este servicio, un problema serio para dar este servicio, a nuestros alcaldes y a muchos de sus alcaldes, por cierto. Ustedes no son capaces de hacer esto, es bueno que queden muchas cosas por hacer, muchas cosas por hacer, porque a partir de junio del año que viene nos pondremos a hacerlas.

Nada más y muchas gracias.

Sra. Muíño Filgueira

Imos ver, vou repetir.

Cando me refiro a que na parte do acordo se presenta a creación de albergues provinciais, é dicir, lánzase a pelota da solución dun problema que se crea cando a Xunta de Galicia deriva unha competencia nos concellos, sen achegar ningún tipo de fondo, digo que formular a creación de albergues é lanzar este problema cando todos sabemos, os seus alcaldes que se dirixen a vostedes para que pidan que a Deputación se implique na solución, todos sabemos da complexidade que ten a recollida de cans. Ao que me refiro é, que nun territorio amplo como o da Coruña é unha cuestión, bueno, no da Coruña ou Galicia enteira, esa é a dificultade, a planificación e o deseño. Agora, o que me parece sorprendente é que a Xunta de Galicia delegue esta planificación e non teña que ser parte da solución, a verdade.

Entón, ou o asumimos as deputacións, é dicir, pagan os concellos, que é un pouco o que quería dicir o Sr. Fernández. A Xunta de Galicia crea unha dificultade aos alcaldes e alcaldesas que se dirixen a vostedes, e os nosos tamén, a calquera hora do día ou da noite unha chamada do 112 con dificultades de medios e para xestionar. E entón co diñeiro dos concellos solucionamos o tema. E á parte, a creación de albergues. Eu creo que o que hai que facer é sentar e analizar esta cuestión e que estea quen teña que estar, non só a Deputación da Coruña.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, é curioso, Sr. Ben, como xa nos imos coñecendo, é unha competencia autonómica si, imposta pola Xunta de Galicia nunha lei, aprobada só cos votos do Partido Popular, non fagamos trampas. A Lei de bases de réxime local non establece esta competencia para os concellos, por tanto, eses alcaldes do Partido Popular tan preocupados por esta situación, tiñan que empezar por aí, por exixirlle ao seu partido que non aprobe leis no Parlamento galego que lles impoñen competencias a eses

concellos e que non os dotan economicamente, que é o que estamos a pedir. Se temos que asumir competencias da Xunta de Galicia, como xa asumimos a limpeza dos centros educativos, a desinfección dos centros educativos a raíz da crise sanitaria provocada pola Covid-19. Claro, está moi ben soltar lastre, pero só soltan lastre, porque os fondos para poder asumilo non os soltan. Claro, así despois quedan máis fondos na hucha para poder repartir co criterio ese tan bonito de orde de chegada e convenios nominativos a tutiplén.

E é verdade que por moito que uns insistan en repetir unha mentira 300 veces non se converte nunha verdade. Esta administración ten 500 millóns de euros? Si, nas contas bancarias. A maior parte deles dos concellos que non executan os plans. Se vostede o que propón é que retiremos eses fondos para dedicalos a outros gastos, eu non teño inconveniente, pero dígao claramente, a ver que opinan os seus alcaldes; a ver se cando os seus alcaldes tarden un ano ou dous en adxudicar unha obra ou comezala, en moitas ocasións non por culpa do concello, senón porque hai un montón de permisos e de trámites burocráticos que nesta administración, por desgraza, padecemos e os concellos padecemos porque a lexislación actual está moi afastada da realidade, a ver que lle parece que lle quitemos os cartos para gastar nisto. Seguramente xa non lle pareza tan prioritario.

Entón, xa está ben de dicir que aquí hai non sei cantos cartos nas contas; están nas contas porque os concellos non os gastan, se os gastamos non estarían nas contas da Deputación. Pero o orzamento da Deputación non chega aos 200 millóns de euros, fronte aos 12.000 que ten a Xunta de Galicia, que é a que provoca o problema, como ben acaba de dicir a voceira do BNG, quen provoca este problema é a Xunta de Galicia con esta lei. Aquí ninguén está escorrendo o vulto, o único que escorre o vulto é o Partido Popular e a Xunta de Galicia, que é: eu lexislo, cárgolle a miña competencia a outro, non lle dou o diñeiro e que o paguen eles, ou ben os concellos ou ben a deputación. Home, vir aquí defender as peticións dos alcaldes pois estaría ben que fixeramos o mesmo cando os alcaldes lles pedimos á Xunta que reparta os fondos con criterios obxectivos; aí e casualmente non está o Partido Popular e xa levamos unhas cantas mocións presentadas nesta liña. Xa sei que a vostedes o Plan Único non lles gusta, porque está claro que non lles gusta, non lles gusta pero tampouco devolven os cartos, prefiren o modelo da Xunta, xa o sabemos, se todos coñecemos cal é o modelo da Xunta.

A maioría dos cidadáns de Galicia están gobernados, non polo Partido Popular nos concellos, están gobernados polo Partido Socialista e outras organizacións políticas. Casualmente a maioría dos fondos que reparte a Xunta de Galicia para os concellos entran en concellos do Partido Popular, e pódolle poñer se quere como exemplo a última convocatoria por orde de chegada: 6 minutos, agotados os fondos, o 90% en concellos do Partido Popular, por certo unha convocatoria que se inicia ás 12 da noite. Ou sexa, algo máis absurdo que obrigar unha administración que ten un horario de traballo de mañá a ter alguén alí ás 12 da noite para entrar nunha convocatoria. Home, absurdo por non dicir o que é realmente, que todos sabemos o que é; é tan fácil como levantar o teléfono, avisar os da casa para que preparen todo e así se adiantan e por orde de chegada levan os fondos antes que o resto.

Entón, creo que por ser responsables, se realmente a vostedes lles preocupa

esta situación, non teño ningunha dúbida de que lles preocupe aos seus alcaldes porque os alcaldes o que non queremos é tirar os cartos e miramos ata o último céntimo, todos, os de todos os partidos. Está claro que loxicamente isto é unha sangría económica para os concellos, pero provocada por unha lei aprobada no Parlamento de Galicia. Se realmente preocupa esta situación e queremos dar solución, sentemos todas as administracións que podemos dar para chegar a unha solución e poñer fondos sobre a mesa para poder acometer esta empresa que temos entre mans. Agora, cargarlle o morto á Deputación, sinceramente, paréceme bastante inxusto.

E dicir que se é por unha cuestión de falta de capacidade ou incapacidade, non, é unha cuestión de que nós o que non imos é estar aquí pagando aquilo que ten que pagar a Xunta de Galicia porque lle dea a gana á Xunta de Galicia, dentro desa falta de respecto institucional que ten con outras organizacións e que o imos ver na seguinte moción, na que aquí se fan ofertas de pactos e acordos sen sentar e falalo con ninguén. Xa o vivimos cando foron as axudas á hostalería que de repente a Xunta di non, e as deputacións poñen tantos millóns, sen falar coas deputacións. Aquí parece que somos os paganitos as deputacións e os concellos, que temos que asumir todo o que veña da Xunta de Galicia. Esperemos que en 2024, cando non estean vostedes na Xunta de Galicia sigan opinando o mesmo.

Nada máis moitas grazas.

Iso era para devolver o do ano que vén, de junio, Sr. Ben.

Sr. Ben Otero

No, solo un comentario y, por favor, no quiero abrir debates. Ustedes no son los paganitos son los comprometidos, porque comprometer comprometen todo, ejecutar no ejecutan prácticamente nada.

Nada más y gracias.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 12 deputados/as (PP)

Votan en contra: 14 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

Decaer a moción.

Sr. Presidente

Seguinte moción que presenta o grupo provincial popular para instar o Goberno de España e a Deputación da Coruña a que se adhiran ao Pacto de Estado por Ferrol.



## **5.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para instar ao goberno de España e á Deputación de A Coruña a que se adhiran ao pacto de Estado por Ferrol**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ferrol, Eume e Ortegal son comarcas de grandes fortalezas, que demostraron como facer fronte aos cambios e responder ante as adversidades. A súa localización xeográfica, sitúaaas como un dos corredores de tráfico máis importantes de Europa, as súas capacidades portuarias, o coñecemento e a experiencia acumulada en sectores estratéxicos como as industrias naval ou enerxética, o elevado nivel de internacionalización do seu tecido produtivo e a presenza de destacados axentes de I+D+i, co Campus Universitario de Ferrol ou o CIS ao servizo do desenvolvemento industrial, dotan a este territorio dos instrumentos necesarios para impulsar a recuperación económica e social.

O Pacto de Estado por Ferrol, que nace tras un período de escoita e conta con 100 medidas para a recuperación e transformación industrial de Ferrol, Eume e Ortegal, que foi presentado polo Presidente da Xunta presentado no mes de maio de 2021, constitúe unha proposta que, co firme propósito de poder transformarse nun compromiso colectivo, poida impulsar de maneira efectiva a transformación de Ferrol, Eume e Ortegal de tal maneira que se poida traballar con maior intensidade e coordinadamente por parte de administracións, organismos intermedios e interlocutores socioeconómicos ao redor das grandes prioridades actuais para o devandito territorio, compartindo o desexo común de reverter as circunstancias extremadamente adversas da situación actual e deseñar un novo futuro para os miles de galegos e galegas que viven nestas comarcas.

Trátase, por tanto, dunha formulación que xorde da vontade de consenso e de acordo, a través dun proceso de diálogo orientado a canalizar os esforzos das diferentes institucións e axentes cara aos grandes retos deste territorio, principalmente en termos de crecemento, emprego e benestar. Constitúe un punto de partida para a determinación das necesidades, as oportunidades e as prioridades en torno ao obxectivo de promover un desenvolvemento sólido, integrador e sostible en Ferrol, Eume e Ortegal e as medidas que poden axudar a abordalas, desde o máximo consenso político, económico e social.

O Goberno galego ha incorporado como prioritarias as medidas da súa competencia, especialmente na mellora dos servizos públicos; na mellora de infraestruturas e comunicacións; a recuperación das empresas, autónomos e empregos, e na modernización e mellora competitiva dos principais sectores da área territorial de Ferrol, Eume e Ortegal.

Ademais, o momento excepcional que se está vivindo a nivel xeral, con motivo do impacto da covid-19, e moi especialmente no territorio de Ferrol, Eume e Ortegal, pola incerteza sobre o futuro de certas empresas e a ausencia de carga de traballo en Navantia Ferrol, mentres non se inicie a construción das fragatas F-110, esixe unha resposta tamén excepcional que pode e debe ser colectiva, e que debe tratar de integrar e comprometer a actores tanto públicos como privados ao redor de construír un consenso básico que sirva como enerxía para a suma de esforzos na súa implementación. O desafío é tan extraordinario que esixe unha resposta unida, única

e ambiciosa.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes:

#### ACORDOS

1.- Instar o Goberno central e á Deputación provincial da Coruña, a adherirse ao Pacto de Estado por Ferrol, e que desta forma prioricen os seus investimentos na comarca de Ferrol, Eume e Ortegal, co obxecto de proceder á recuperación e transformación da mesma.

2.- Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, ao Presidente da Xunta de Galicia.

Sr. Galego Feal

Boa tarde.

Primeiro que nada, señor presidente, un saúdo, un saúdo para todos os funcionarios que forman parte da mesa e un saúdo tamén para todos os deputados deste hemiciclo.

Esta intervención ao mellor tería que empezar dicindo para min é un gran orgullo ter que defender esta moción porque son da zona de Ferrolterra, comarca de Ferrol e tal..., pero non vou dicir iso, tampouco vou caer no vitimismo de dicir, bueno pero é que nos tedes abandonados. A verdade é que si, que abandonados estamos. Hai que pensar que cando o Partido Socialista goberna en Madrid, Ferrol tembla, treme, por unha razón, porque non vou facer historia agora xa de todo o que ten pasado, pero no ano 1984 unha reconversión salvaxe, porque aquilo foi moi salvaxe, levada a cabo polo Partido Socialista, deixounos afundidos na miseria. As tres empresas tractoras, que se lles chaman hoxe, que había na comarca, como eran a Marina, a Frota da Marina, empresa Nacional Bazán e Astano, quedaron reducidas á mínima expresión, sempre en beneficio loxicamente naquel momento onde estaban os votos, que era en Andalucía, e a favor de Rota e de todas aquelas empresas tamén do sector naval na zona de Andalucía. Para iso, previamente, xa daquela, no ano 1984 estudáranse xa aqueles sitios onde se podían aplicar medidas que serían impopulares e que, por tanto, a través dos sindicatos se podería ir poñendo un muro de contención.

E iso foi o que pasou e esa reconversión estivo aí. Posteriormente, e como consecuencia diso, perdéronse miles, miles, miles de empregos, e eses miles de empregos pretendeuse malamente, malamente, substituílos coa ZUR, coa ZID, zona de urxente reindustrialización, zona industrial en declive, zona de non sei que e zona e mil zonas que ao final non foi nada, porque o que vive de subvencións vive de subvencións e a comarca o que quere é traballar, traballar. E daquela con iso si montáronse unha serie de empresas, eu anotei aquí polo que me acordei, Quegalsa, Conservas El Cisne, Neumáticos Rubber, Poligal, todas elas pechadas xa, pechadas porque son *ad hoc*, para a ocasión, non son algo que poida saír adiante.

O estaleiro de Astano, situado en Fene, onde eu fun alcalde 6 anos, veto de 25 anos para a construción naval. Ben, rexurdiu porque é unha empresa que sempre rexorde das súas cinzas, e rexurdindo, rexurdindo, meteuse no sector *offshore*. No sector *offshore* fabricou plataformas para todo o mundo, rexurdiu e deu beneficios ata que chegou o señor Zapatero a Madrid, outra reconversión industrial: miles de traballadores para a rúa, desfáanse os cadros das empresas, desfáanse os gremios das empresas e as empresas evidentemente non son competitivas, teñen unha capacidade instalada para facer o que facían, pero, se se lles priva de facer o que facían, evidentemente non serán rendibles nunca na vida.

Por tanto, esa é a situación que hai, situación continuamente agravada, e situación que segue agravada hoxe en día, porque iso si que é o que está pasando hoxe en día, non hai máis que ver os periódicos; non se vén aquí a contar aquí historia ningunha, nin anécdotas.

Señor presidente, no seu concello sen ir máis lonxe, non hai moito que estabamos vostede e eu alí cando empezou todo iso cos camioneiros, e eu tiven unha intervención estando no seu concello e dixeran: aquí o que vai pasar foi o que xa nos pasou a nosoutros, e efectivamente foi así por desgraza, non me equivoquei por desgraza, non me equivoquei e segue sendo así. Aí temos a Alcoa. Os estaleiros vamos..., en fin, as tan cacarexadas fragatas que ían vir e non veñen. Si, xa sei que din que van empezar a cortar chapa para agora para o mes de marzo, vale, pero para facer dous bloques piloto, nada máis; é que non hai máis, cando si presupostariamente se pode levar adiante, por que non se leva adiante e por que non se saca adiante? Bueno, pois iso haberá que preguntarllo ao señor que teñen vostedes de presidente en Madrid, ao señor Pedro Sánchez, e a ver por que non se materializa dunha vez por todas o encargo en firme desas fragatas.

E como iso moito máis, ou sexa, é que agora precisamente cerran Endesa, vale, cerran Endesa. Prexudicados? Alcoa, porque Alcoa está practicamente en Ferrolterra, imos dicir que está na Mariña luguesa, pero está aí moi preto de Mañón, que é o último concello da provincia da Coruña. Cerran Endesa e Alcoa cae igual que cae Megasa ou caerá Megasa no futuro como non se tomen medidas. Claro, vostedes déronse conta do erro, dixeran: imos volver a acender a cheminea porque, se non, si que vai haber problema. Aí a transición ecolóxica xa non a levaron moi ben, pero vale. Pero en fin, xa non o deberon de facer así, cando sabemos que Alemaña vai aguantar as térmicas ata o ano 2040 pois na comarca de Ferrol, e concretamente no seu concello, non lle viña nada mal seguir mantendo a térmica, creo que era o razoable ata que a enerxía eólica, da que tanto se falaba antes aquí nesa moción, pois ata que esa enerxía eólica sexa capaz de cubrir as necesidades que temos precisamente para as empresas da comarca de Ferrol e para as empresas que reciben esa enerxía tamén desa comarca.

E estíbese falando, e volvo dicir outra vez, Astano rexurdiu por primeira vez co *offshore* e hoxe está outra vez rexurdindo coa fabricación das famosas *jackets*. Hai agora un proxecto que está aí, que se vai facer en Astano, estase desmantelando todo o que era o parque de chapas e todo iso, é dicir, hai que mentalizarse, que eu si estou mentalizado, que Astano non vai volver a construír un barco na súa vida, iso

está claro, pero polo menos o que hai, déixeno crecer e déannos medios suficientes para que se poida crecer e poñan os medios necesarios para que se poida crecer.

Vaise montar agora unha fábrica de monopiles, é dicir, que incluso para o que se estaba falando antes do tema da navegación, evidentemente, si nos parques vai estar, pero desde logo máis accesibilidade, os monopiles ao lado das *jackets* de 4 pés ou de 3 pés, evidentemente non hai tanto impacto visual e, ao mesmo tempo, permiten tamén sacar unha boa potencia dos seus xeradores.

Por tanto, iso é algo que está aí. E as potencialidades que ten Ferrol, Ferrol e comarca refírome, son moitas, déixennolas aproveitar, déixennos traballar, pero en determinadas cousas téñennos que poñer os medios. Hai unha empresa que vai empezar a reparar barcos agora no porto exterior de Ferrol; pero, imos ver, se veñen a Astano, e non lles queren alugar o dique, e o dique baleiro. Pero, señor mío!, deixen traballar, pero deixen traballar. Se Navantia non ten capacidade nese momento xa para utilizar o dique, alúgueno, porque as empresas auxiliares irán traballar con esa outra empresa. Non reteñan a xente na casa ou que se teña que emigrar a prestar os seus traballos fóra. Non, é que “non temos xefe de buque”, ah, pero xefe de buque xa o pon a empresa. “Non, non, non, non se pode, non se pode, dános moito traballo, nunha palabra”. Que acabaron? Funcionarizando, con perdón, con iso non quero dicir que iso sexa así, a xente, os traballadores que estaban no seu momento á fronte desas empresas, co cal ben, pois mira, a ver, non hai unha lata que levar á grada, non hai unha lata que levar á grada. Móvense os sindicatos? Alí non se move ninguén, curiosamente ata a CIG non se move. Pero digo eu, pero que contubernio é este? Se cando nosoutros estabamos alí e había máis traballo nos estaleiros, moitísimos máis, Jose Manuel Rey e máis eu estivemos encerrados en Astano, encerrados en Bazán, encerrados no Concello de Ferrol, encerrados no Concello de Fene, e hoxe aquí non hai onde dar pau á auga e non se move ninguén. Iso é marabilloso, marabilloso, marabilloso.

Dábame pena ver hoxe, como vin precisamente nos diarios dixitais, que a provincia de Lugo, grazas aos investimentos da Xunta, aos investimentos da Deputación e aos investimentos dos concellos da provincia de Lugo, ten neste momento licitados 300 millóns de euros, licitados xa, das distintas administracións que se puxeron de acordo en sacar adiante determinadas obras. Pois máis ou menos iso é o que vimos pedindo, e entón son consciente de que hai presentada unha emenda a esta moción do Plan Ferrol, e esa emenda xa vou dicir que me parece a min que quen propón esa emenda pois como sempre é a Presidencia da Xunta, xa sabemos que teñen ganas da Presidencia da Xunta, pero non se gaña así polas boas, e que concretamente din que sente o presidente da Xunta para un texto novo realista e pactado. Ben, e ao mesmo tempo no punto segundo que se lle dea traslado a todos os alcaldes da zona de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

Miren, respecto do texto, direi agora, os alcaldes xa todos teñen nos seus concellos as mocións suficientes para ter coñecemento do que é o Plan Ferrol, e por tanto, como vostedes din na súa moción que é un texto novo, realista e pactado, para que se sente o presidente a facer un novo texto realista e pactado, este é o texto do Plan Ferrol, evidentemente non lles vou dar a chapa agora con todo isto a estas horas e neste Pleno, pero eu si os invitaría a que o colleran, porque está colgado nas

páxinas, está en Internet, simplemente vos invitaría a que lle deran unha visual, unha visual rápida, que parece moito tocho, pero lese moi rápido, porque é de moi fácil comprensión, porque non a fixo a Xunta de Galicia, nin a fixo ninguén tal, senón que a fixo unha empresa consultora especializada en situacións e que, tomando referencias doutros sitios onde tamén pasaron cousas similares, plasmou neste Plan Ferrol, perdón neste Pacto de Estado por Ferrol... –digo que me confundo cos plans porque como foron tantos plans, Decide, Zuid, e tal, igual se me vai, pero é Pacto por Ferrol– e neste pacto o que se fai é analizar as potencialidades da comarca, por suposto facer referencia a todo o que se sufriu e ao coñecemento que se ten de épocas anteriores e do que pasou con anterioridade, e non nos quedar cruzados de brazos nin botando salvos ao ceo; a facer algo, a facer algo. Aí recoñécense unha serie de potencialidades. Hai que chegar aos fondos Next Generation eses e témonos que poñer a traballar, e hai aquí proxectos e hai base para facelo. Hai potencialidades moi grandes. Por que? Porque, aínda dándonos conta de que moita man de obra emigrou, porque estamos falando de que a comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal tiña 225.000 habitantes; e estamos na actualidade en 185.000, a caída é brutal. Fillos de xente prexubilada no seu día que se foron e que nunca máis volveron, que constituíron a súa vida noutros lados. Entón, Ferrol o que ten que facer, ao mesmo tempo, é atraer poboación. Porque se está falando da despoboación do rural; non, a despoboación a que estamos vivindo alí, e, se non, para iso están as estatísticas aí.

E hai potencialidades, por que? Porque hai industrias fortes, hai empresas tractoras fortes que tiran e que poden tirar do traballo das auxiliares. Ao mesmo tempo hai capacidades, hai portos, hai liñas de atraque, hai capacidades de elevación. Lo tiene todo, lo tiene todo.

Ao mesmo tempo, na zona das Pontes, é unha zona de produción enerxética, de produción enerxética sexa o que sexa, mirando ás enerxías verdes ou ao que sexa. Porque de feito todos os parques eólicos que nos queren mandar desde Madrid e que non se van cinxir ás ADE, ás áreas de desenvolvemento eólico, todos eses que nos queren mandar, precisamente todas as liñas de evacuación deses parques eólicos van para As Pontes, onde vai estar ese centro de distribución. E ao mesmo tempo aí tamén se está pensando a instalación dunha planta de hidróxeno verde. Entón, a todo iso o único que hai que facer é darlle facilidades. E logo despois ata temos no sector primario tamén bastante potencialidade. E tamén a pesca, portos de Cariño, portos de Cedeira, en fin. E sen olvidarnos do sector madeireiro, do sector madeireiro, que, se cerran ENCE, non sei se non teremos que traer koalas para comer o eucalipto.

Entón, eu creo que, pensando un pouquiño nesas cousas, este plan analiza todas estas potencialidades, e este plan ao mesmo tempo atribúe a cada unha das administracións as súas competencias porque, evidentemente, a Administración do Estado, a Administración autonómica, Deputación provincial e concellos, coas súas competencias cada un, que están aquí recoñecidas, e estase dicindo o que, ou propoñendo, o que debe facer cada unha desas administracións, independentemente de que se senten e que naquelas competencias que poden ser concorrentes se poñan de acordo.

Pero hai 100 medidas para cada unha desas administracións que están aquí

perfectamente diferenciadas, e non me vou poñer agora evidentemente a lelas, pero están moi, moi, moi documentadas. Entón, antes de dicir que queren un novo realista, non sei que..., non, séntense todas as administracións e doten economicamente, que é o que hai que facer. E, unha vez que senten e doten economicamente, sobre todo en materia de infraestruturas, infraestruturas, que é moi necesario, pero moi, moi necesario. E á parte diso da construción das novas fragatas, estamos falando de que se estaba falando do estaleiro 4.0, que iso non o falabamos nosoutros, que iso viña de alá, que se ía cubrir o dique para que se puidera traballar no dique, que se ía facer un dique de construción para non ter que construír en grada. Onde está todo iso? Eses son salvos ao aire que manda Madrid, o señor Pedro Sánchez, pero aquí diso non vemos nada.

Por iso só lles digo que reflexionen, reflexionen, ou lean, porque hai que ter coñecemento do que hai para poder falar del. Eu lino e non me levou tanto tempo porque, analizando con todo iso non me levou máis dunha hora. Entón, eu si lles agradecía que o leran, que unha vez que estea lido, que votasen en consecuencia, supoño que non o fixeron e votarán en consecuencia igual, pero bueno. E non vou ler a moción porque creo que sobra xa a lectura da moción, e si vou ler os acordos para pedir o voto.

Instar o Goberno central, a Deputación Provincial da Coruña a adherirse ao Pacto de Estado por Ferrol e que desta forma prioricen os seus investimentos na comarca de Ferrol, Eume e Ortegal ao obxecto de proceder á recuperación e transformación desta.

Instar a Deputación da Coruña a que se adhira ao Pacto de Estado por Ferrol para dar ese paso definitivo, necesario, oportuno e proporcional á importancia de Ferrolterra na economía e na poboación galega e tamén no impacto social desa zona.

Dar traslado deste acordo ao presidente do Goberno, ao presidente da Xunta de Galicia, e ao presidente da Deputación non porque, evidentemente, está presidindo este acto.

Por iso pedimos ese voto favorable para este plan.

Grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Hai unha emenda presentada polo noso grupo precisamente tendo en conta que a situación de Ferrol, Sr. Galego, se non te coñecese pensaría que eras doutro sitio, dígoos pola túa intervención. A situación de Ferrol depende de moitísimas administracións, non só do Estado, a verdade que ti te centras no Estado. É curioso tamén que minusvalores un contrato, que é o máis grande da historia da Armada Española cun estaleiro estatal, de 4.370 millóns de euros, que digas que “bueno, agora se di, xa veremos...”. Non, está nos orzamentos do Estado e vaise empezar a cortar chapa. Xa sei que non vos gusta, porque iso non vos gusta no fondo, pero é curioso que iso o minusvalores, 4.730 millóns de euros, que é o maior investimento do Estado en Ferrol na súa historia. Pero é curioso, falaremos máis a miúdo deste

tema.

Loxicamente nós, sendo conscientes de que hai que exixirles a todas as administracións, non só a unha. É curioso que non fales doutra Administración que tamén ten moitas competencias das que logo falarei, pero sendo conscientes de que hai outras institucións que teñen competencias que afectan á nosa bisbarra desde o punto de vista económico, de infraestruturas etcétera, nós somos máis ambiciosos coa nosa moción, que non é exixir só ao Goberno do Estado, hai que exixir a todas.

Polo tanto, o primeiro que hai que deixar claro é que un pacto, páctase, non se impón, por tanto, chamarlle pacto a algo que non está pactado é unha trampa. Que Pacto por Ferrol de que?, con quen se pactou?, con quen se falou deste tema? Por iso pedimos e aí vai a nosa emenda, substituír o punto 1, instar o presidente da Xunta, por que se insta o presidente da Xunta?, porque sae del a proposta de pacto por Ferrol, non sae de Joe Biden, sae do presidente da Xunta, por iso o instamos a el. Instar o presidente da Xunta de Galicia a sentarse co resto de administracións públicas implicadas, implicadas, co obxectivo de acordar un texto novo, realista e pactado no que tanto a Xunta de Galicia como o resto de administracións, e isto é o máis importante, definan compromisos concretos e os doten orzamentariamente.

Segundo, propónse engadir ao final do apartado 2 a proposta de acordo "aos alcaldes de Ferrol, Eume e Ortegal". Por que dicimos o de dotalos economicamente? Porque xa estamos cansados na nosa bisbarra de ver 300.000 papeis e promesas que nunca chegan. E, home, a verdade é que, Sr. Galego, que digas ti iso, que representas aquí o Partido Popular, que gobernou, se mal non recordo 15 anos este país, eu non sei se nas épocas de José María Aznar e de Mariano Rajoy na nosa comarca nos foi de marabilla, se se xeraba emprego a caldeiros, se había unha carga de traballo espectacular, se se facían fragatas por ducias, se afloraban empresas en calquera esquina. É curioso que naquela época eu non lembro tal cousa, porque esta comarca, como ben dicías, leva en crise décadas, pero entre esas décadas que leva en crise gobernou o Partido Popular, no Estado, e con maiorías absolutas, que puido facer moitísimas cousas por esa comarca. Porque a vía férrea que ten 100 anos é a mesma que cando se inaugurou a principios do século XX, era igual de mala cando gobernaba Rajoy, entre o 2011 e o 2018, e igual de mala cando gobernaba Aznar. Porque a carga de traballo dos estaleiros, home, minusvalorar, como digo, un contrato de 4.300 millóns de euros, que o propio sector di que vai dar emprego ou manter emprego de 7.000 persoas, e resulta que dicimos, ben, din que van crear uns bloques, non, parece que no fondo molesta. É dicir, aí é onde perdedes a credibilidade. En vez de recoñecer pois benvido sexa, pero non é suficiente, por que? Porque queremos tamén un dique cuberto para facer máis competitivo o estaleiro. Iso sería a forma de facer as cousas de forma responsable e non vir aquí a negar a maior, porque negar iso é tan absurdo como negar que a auga molla, porque está nos orzamentos xerais do Estado e está o contrato firmado, está firmado un contrato que iso ata é obriga. Non é... non son os floteis, porque o milagre económico daqueles floteis xa sabemos onde está, que está no mesmo sitio que o milagre económico do PP, como dicía a ministra de administracións públicas e economía non hai moito tempo, que é no cárcere. Todos sabiamos aquel anuncio de Feijóo dos floteis que se ían fabricar e que ían dar unha cantidade de traballo na nosa bisbarra e en Vigo espectacular, "Todos a la cárcel", como aquela película de Berlanga. É curioso, é

curioso, é curioso como temos unha memoria moi selectiva.

E eu que son alcalde desa bisbarra reclamo sempre, reclamaba cando gobernaba Rajoy e reclamaba cando governa Pedro Sánchez. Eu xa me fun manifestar contra o Goberno de Pedro Sánchez, na miña bisbarra, nesta cidade e en Madrid, non vin moitos compañeiros do seu partido manifestarse cando gobernaba Rajoy pola nosa bisbarra, nin dicir moitas das cousas que acaba de dicir vostede agora. Moi ben, paréceme moi ben, igual vostede estaba, outro moitos non os vin, e o seu partido dende logo non o vin nin o escoitei. A diferenza é que algúns defendemos a nosa bisbarra governe quen governe e outros só defenden a súa bisbarra cando gobernan outros. Esa é a diferenza, e ás probas me remito, é dicir, “cando governa o PSOE en Madrid a nosa comarca treme”. Bueno, pois non sei se treme; ogallá todas as veces que treme sexa porque hai un contrato de 4.300 millóns de euros.

Agora ben, voulle ler unha cousa que é importante tamén, porque ás veces falando de ler, que dicía que é importante ler, pois si eu que son un gran lector é importante ler, e á parte de ler eses brindes ao sol tan bonitos que nos preparan dende a Xunta de Galicia, como neste caso, hai que ler outras cousas tamén de moita substancia e que son importantes e que son normas que establecen como funciona este país. Entre elas o Estatuto de autonomía de Galicia, e voulle ler o que di o artigo 30 do Estatuto de Autonomía de Galicia, vale?, que di: “De acuerdo con las bases y la ordenación de la actuación económica general y la política monetaria del Estado, corresponde a la comunidad autónoma gallega en los términos de lo dispuesto en los artículos 38, 131 y 149, 1, 11 y 13 de la Constitución, la competencia exclusiva en las siguientes materias”, e entre elas tres, dúas perdón: Industria: “Sin perjuicio de lo que determinen las normas del Estado por razones de seguridad sanitaria o de interés militar y las normas relacionadas con las industrias que estén sujetas a la legislación de minas, hidrocarburos y energía nuclear, queda reservada esta competencia exclusiva al Estado”. É dicir, as competencias en materia de industria son da Xunta de Galicia, son da Autonomía de Galicia. E xa que imos falar de pechar empresas, porque podemos falar efectivamente de Endesa As Pontes, que é verdade, unha empresa enerxética que depende dunha decisión do Estado e doutras moitas cuestións que non, pero podemos falar de Poligal, the Rubber, de Siemens Gamesa, de IMOSA, de Insa na súa vertente Eumesa, de Turmoil, de Cachaza, de LM Composites... Todas estas son empresas que pecharon na nosa comarca e en todas elas, guste ou non lle guste a vostede, a competencia é autonómica, porque as competencias en materia industrial son da autonomía. Que pasa? Que, claro, o Partido Popular e neste caso o presidente da Xunta, só ven as empresas de nosa comarca cando abren, a inaugurala que queda moi bonito, aínda que sexa con fondos estatais, hai que estar alí. Este día acabamos de ver no Centro de Investigación da Industria Naval, unha placa do señor Feijóo inaugurando ese centro, un centro financiado con fondos estatais por certo, non da Xunta de Galicia. Para iso estamos, pero cando pechan non estamos, aí non aparecemos, aí que dicimos? Que a culpa é do Goberno, ollo só se goberna o PSOE, se goberna o PP a culpa non é do Goberno, a culpa é pois non sei, como dixó vostede, por que cerrou Rubber?, porque había unha subvención e foise ao tacho despois de que llas quitaron. Iso non é así, o que pasa é que hai que facer un seguimento tamén. Temos un problema de solo industrial na nosa bisbarra inmenso, que fai a Xunta de Galicia? Hai algunha ampliación prevista de solo industrial?



Falaba tamén vostede curiosamente, dicíao literal, "hai que dar facilidades", si, era ben que empezara vostede a falar con patrimonio, con Augas de Galicia e con todos estes organismos que dependen da Xunta de Galicia que precisamente, se por algo se caracterizan, non é por dar facilidades.

E hai moitos proxectos industriais na nosa comarca, algún deles de centenaes de millóns de euros que están pendentes dun fío polas autorizacións dalgún destes organismos tan facilitadores, pero iso parece ser que tampouco, debe ser tamén culpa de Pedro Sánchez, non sei se Pedro Sánchez tamén neste caso xestiona Augas de Galicia, Patrimonio ou outros moitos que poida haber por aí adiante. Se é que Pedro Sánchez tamén ten que ampliar o solo industrial, que levamos reclamando na nosa bisbarra moitísimos anos á Xunta de Galicia, tampouco ten competencias a Xunta de Galicia parece ser, parece ser, na ampliación e na dotación de solo industrial, é unha cousa bastante curiosa.

Dicía antes que é importante que teñamos en conta que hai moitas administracións que teñen competencias, efectivamente, nós reclamamos ao Estado o dique cuberto, reclamamos ao Estado a mellora da infraestrutura ferroviaria, non vale só con conectar o porto exterior coa conexión ferroviaria, senón que esa conexión ten que permitir que nun día, día e medio, poidamos ter calquera mercadoría en calquera país europeo, cousa que coa actual rede que temos non serve para nada.

Pero é que hai outras moitas necesidades que dependen doutras administracións: a Intermodal de Adif e a Xunta, a Intermodal de Ferrol, 75.000 euros o ano pasado, aí quedou, ata o día de hoxe non sei se hai algo máis. Como dicía antes, ademais do solo industrial, incentivos para a implantación de empresas, que os houbo en Ferrol naquel Plan Ferrol, si que xa sei que non che gusta que o digamos, pero aquel plan Ferrol que trouxo 650 millóns para a nosa bisbarra, e que xerou moitas empresas que, desgraciadamente, a maioría acabáronas de pechar 20 anos despois, dos cales a maioría deles gobernados no Estado polo Partido Popular. Pero parece que diso tampouco falamos, pero aquí houbo un Goberno socialista que puxo un plan Ferrol con 650 millóns de euros e con incentivos para a implantación de empresas. A día de hoxe non coñezo ningún programa con incentivos para a implantación de empresas na nosa bisbarra posto en marcha pola Xunta de Galicia, e moito menos xa, e moito menos dotado economicamente.

Podemos seguir falando se queres das infraestruturas, como a autovía da costa. O primeiro tramo fíxose gobernando Touriño, o primeiro tramo gobernando Touriño; 13 anos despois aínda imos polo segundo, 13 anos. É dicir, o bipartito este que era tan malo e tan nefasto para Galicia en 4 anos o primeiro tramo; en 13 anos de Goberno do señor Feijóo o segundo tramo, unha comarca como é Ortegaleira e a Mariña Lucense, que están totalmente abandonadas desde o punto de vista de infraestruturas, porque leva o mesmo chegar a San Sadurniño, xa non digo ao Vicedo ou ao Barqueiro, que ir practicamente a Pontevedra. Pero, claro, aí como iso é competencia da Xunta pois non, dá igual, iso tamén será culpa de Pedro Sánchez, terá que vir facer unha autovía autonómica Pedro Sánchez tamén, pois seguramente, como Pedro Sánchez é culpable ata da morte de Manolete, pois seguramente tamén

teña que vir Pedro Sánchez a facer esa autovía.

Transporte metropolitano en voga nos últimos tempos. Non direi nada do que dicía a señora conselleira no Parlamento estes días, que todo o que fixo a Xunta está marabillosamente ben. Eu convidoos a vostedes a que se acheguen ás paradas de autobús dese transporte metropolitano que une a cidade da Coruña coa de Ferrol e lles pregunten aos usuarios que están alí sentados, a ver que lles parece. Por certo a conselleira que utilizou no Parlamento unha carta remitida desde o meu Concello dicindo que era miña, por certo, non era miña, que era do tenente alcalde, manipulando o que poñía nesa carta, collendo só un parágrafo e non lendo o seguinte. Porque nun, efectivamente agradecemos as medidas que anunciaron que ían adoptar, que nos parecían ben, pero abaixo dicíamos que nos parecían insuficientes outras, diso non falan. Por certo que anunciaron que ían implantar e que non implantaron, porque aos tres días a xente que saíu de traballar do hospital na Coruña ás dez da noite quedou tirada na cidade porque se suprimiu esa liña sen avisar.

Non sei se vostede no seu concello pregunta porque me parece que é o seu concello tamén está afectado por este tema; se pregunta aos seus veciños e veciñas non creo que estean moi contentos co novo transporte metropolitano da Xunta de Galicia, que iso tamén inflúe nunha bisbarra, ter boas comunicacións, pero tamén ter un sistema de transporte público. Non coñezo moitos veciños de Fene que estean contentos, e cóñzome que coñezo a uns cantos, pero iso tamén é competencia autonómica. Diso non imos falar?

Poderíamos falar tamén, se quere vostede, da dotación de máis persoal para os centros de saúde porque, cando a xente escapa dunha zona, tamén é por motivos económicos pero tamén de servizos. Todos sabemos como está a atención primaria, que á parte se deriva a consultas telefónicas nas que están tardando 14-15 días en atender a xente, por teléfono eh, xa non digo presencial. Tamén será culpa do señor Pedro Sánchez.

Podemos falar tamén dos servizos de dependencia, como a Xunta nos carga aos concellos os custos derivados destes, e temos que detraer fondos dos nosos propios recursos e dedicalos a aquilo que é competencia autonómica, acabámolo de ver hai pouco coas cancelas. Iso tamén afecta á nosa bisbarra, imos falar diso tamén? Non vin nese documento, que si que o lin, claro, pero a min o que me gustaría ver nese documento é o mesmo que vexo coas fragatas, que é o contrato cunha firma e os cartos. Cando vexa nese documento o mesmo que vexo nesas fragatas que vostede agora mesmo desdeña, dicindo que si que tal; non, non, pero aí hai un contrato firmado e hai unha dotación orzamentaria nos orzamentos xerais do Estado, no Pacto por Ferrol que vostedes propoñen non vin nada diso; é curioso, é curiosa a distinta vara de medir que temos. A única medida cun compromiso presupostario que puxo en marcha a Xunta de Galicia, sabe cal foi? A Delegación Territorial por Ferrol da Xunta de Galicia, esa si que ten dotación económica; gastaron medio millón de euros en comprar un local anexo ao edificio, máis o persoal que vai traballar nesa delegación cun cometido, que non o digo eu, cun cometido que di o señor Feijóo, que é “vixiar que a Xunta e o resto de administracións cumpren con Ferrolterra”. Ben, pois benvidos sexan, home. O que pasa é que é importante que, para poder vixiar, haxa

algo que vixiar, haxa compromisos concretos dotados orzamentariamente, máis alá de crear unha oficina que, por certo, eu aínda lembro aquela época do PP en que había que suprimir delegacións porque custaban moito, se coñece que agora xa deben de ser baratas. Non sei se medio millón de euros para comprar un local máis o persoal que se vai adscribir a esa delegación é algo económico. Eu de todos os modos vou ser moi exixente no funcionamento desa delegación, e augúrolle, augúrolle non, deséxolle todos os éxitos porque, dende logo, se funciona ben e atrae investimentos e melloras para nosa bisbarra, eu estarei totalmente de acordo coa súa creación e estarei moi contento. Desgraciadamente píntame mal a cousa, porque empezamos a casa polo tellado, poñemos a vixiar algo que non hai para vixiar. É como se eu contrato unha empresa de seguridade para vixiar a miña casa cando aínda teño un soar; bueno, pois é unha cousa parecida. Aínda temos o soar, non temos planos, non temos proxecto, non temos autorizacións sectoriais, para iso teño o vixiante para que vixie a casa. Pois é importante deixar claro tamén iso sobre a mesa.

Por iso cando se trata da nosa bisbarra, e eu aquí falo como alcalde e non como militante socialista, eu non acepto leccións de ninguén na defensa dos meus veciños e veciñas, así o teño amosado ao longo de moito tempo e seguramente por iso teño unha maioría absoluta tan ampla e por iso o señor presidente tamén a ten no seu Concello, porque se algo amosou é que defende aos seus veciños e veciñas por enriba de calquera outra cuestión, incluso as cuestións de partido. Outros seguramente non poden dicir o mesmo, por iso tamén colleitan os resultados que colleitan. Dende logo na nosa comarca todos e todas nos coñecemos, a min non me acusarán xamais de non defender os intereses dos meus veciños e veciñas; do que me poderán acusar é de que non permito que me tomen o pelo, nin a min nin ao meu Concello, nin aos veciños e veciñas desa bisbarra aos que agora presentamos unha cousa, que non se fala con ninguén, que pretende impoñerse e que, sobre todo, e o máis importante, non está dotada economicamente. Cando teñan vostedes este pacto no mesmo nivel en que está ese contrato das fragatas que vostede desdeña a partir de aí empezaremos a falar do que vostedes consideren. Polo de pronto nós facemos unha emenda que cremos que á parte non vai contra ninguén, é unha emenda na que se pide ao presidente da Xunta que convoque o Estado e os concellos e calquera outro organismo ou institución que el considere que ten competencias e que poida achegar nesta materia a sentar. Non sei que ten de malo isto. Sobre todo, se levamos tantas, tantas décadas mal, pois, oe, por tardar un mes máis tampouco imos perder nada, se o importante é que poida haber un compromiso por parte das administracións de achega e de mollarse pola nosa bisbarra, eu son o primeiro que o vai aplaudir. E dende logo se hai un proxecto que aproba a Xunta de Galicia, sexa máis grande ou máis pequeno, eu nunca lle quitarei ferro dicindo que se isto pouco máis que se isto pouco menos, non, non o farei, non caerei niso no que quere vostede co contrato das fragatas, que desgraciadamente o tempo, e vai ser relativamente pronto, vaino deixar a vostede en evidencia con esa afirmación. Eu alégrome de que haxa ese contrato, oxalá houbera moitísimos máis contratos para a nosa bisbarra no sector naval e noutros moitos sectores, porque igual tamén é importante que empecemos a facer fincapé en que hai que diversificar o tecido industrial da nosa bisbarra e que non dependa dun sector tan volátil como é a construción naval.

Pero tamén, por certo, falaba vostede antes da Armada. Lémbrolle que o caso da Armada, dende o punto de vista de persoal que se afincaba na nosa bisbarra, empezou sobre todo cando se eliminou o servizo militar obrigatorio, e non foi o Partido Socialista, foi o Partido Popular; non quero dicir que eu estea a favor del, de feito eu era obxector de conciencia. Pero en todo caso, se pregunta vostede en Ferrol cando deixaron de ver moitos mariñeiros pola rúa, foi a raíz desa decisión do Goberno do Partido Popular nese caso.

Nada máis, moitas grazas.

Sra. Muiño Filgueira

Realmente é un destes debates, agradezo ao Sr. Fernández que fora tan extenso na argumentación da emenda presentada e entendo que ademais pola vinculación coa comarca devecía por intervir de primeiro, quero pensar.

Logo de escoitar as dúas intervencións, a verdade eu tiña pensado intervir en relación á proposta –proposta, que non pacto– pero dáme un pouco de pena dicir que creo que todos e todas as que estamos aquí e que temos coñecemento coincidimos na situación de emerxencia económica, demográfica e social da comarca de Ferrolterra.

Polo que escoito e polo que vexo, e polo que sabemos todas e todos, pois tamén é verdade que a situación non é unha cuestión casual nin da xente da comarca, que se deriva de decisións políticas, de inacción política e noutras cuestións de non ter tomado as decisións que se debían efectivamente.

O que me dá lástima é que teñamos que debater sobre unha proposta e que acabemos falando de a ver quen o fixo peor e quen lle fixo máis mal á comarca, que é o que acaba de suceder agora, e a verdade teño que recoñecer que non o esperaba. Eu son da comarca de Ferrolterra, igual que outros compañeiros de aquí e, a verdade, creo que a xente da comarca de Ferrolterra merece un pouco máis, merece algo máis de altura de miras. E, en todo caso, temos todo o dereito do mundo para discrepar dun documento que non deixa de ser unha proposta que lanza unha serie de medidas sobre as que, efectivamente, coincido co Sr. Fernández, habería que sentarse, analizar e supoño que un pacto deriva dun proceso de negociación e que debería de ter recollido cando menos actuacións, que non obxectivos, e investimentos comprometidos e un prazo de tempo para investir na comarca.

A min gustaríame que foramos propositivos, discrepásemos e puxeramos enriba da mesa aquelas cuestións que entendemos que, cando menos nun espazo curto de tempo se deberían facer na comarca para a súa dinamización económica, para reverter o drama demográfico; a nosa mocidade emigra, baleiramos a comarca, non vemos futuro, unha comarca envellecida. E, dende logo, agradezo esa chamada á mobilización sindical, que curioso, dende a bancada do Partido Popular, pois tamén o digo, cansada e sen ilusión, de estafas, promesas e mentiras. Entón, creo que o que tiña que pasar hoxe tiña que ter un chisco máis de empatía e de compromiso.

Aquí falamos do mal que o fixo o Partido Popular, falamos do mal que o fai o

Partido Socialista, vale, chegamos aquí por algo, e eu si que coincido, mal. Deámoslle a volta, sexamos capaces de poñer enriba da mesa alternativas.

Falamos da construción naval civil, de reactivar a área de reparacións ou de permitir que Navantia Fene faga barcos. É que non hai acordo, vostedes logo votan que non en bloque. Entón, non fagamos trampas ao solitario, sexamos honestos.

Falamos de vincular os parques eólicos a proxectos industriais, a poder falar dunha tarifa eléctrica que realmente sexa a que vai permitir que Megasa decida continuar ou non, porque non é pola cantidade de enerxía que lle entra, é a como a ten que pagar. Pois tampouco estamos de acordo, acabamos de falar antes diso e tampouco estamos de acordo.

Entón, temos un patrimonio natural, patrimonio histórico que pode ser un motor de iniciativas. Temos unha ría que necesita un estudo que permita saber cales son as causas que inciden na baixada de produtividade e que permita saber exactamente cales son as intervencións necesarias para facer, para que esa ría viva e produza, e sexa motor económico. Un estudo, que non é de tanto investimento, pois tampouco vai adiante.

Entón eu o que si que lles pediría, por favor, é que non veñamos hoxe aquí a este Pleno a rirse dunha comarca; que está mal?, que se fixeron mal as cousas? Este documento na súa fase de diagnose, que hai que dicir que nalgunha cousa a empresa que o fixo non se esmerou demasiado e utiliza unha información un tanto desfasada, xa recalca que diversas intervencións na comarca non deron o seu froito. Vale, queremos un pacto? Eu digo que si ao pacto, o BNG di que si ao pacto, pero un pacto no que se concreten medidas, diñeiro e prazos. E isto non deixa de ser unha lista de obxectivos redactados en forma de obxectivos que se redactan en infinitivo: alcanzar, promover, dirixir, que non se concretan en nada, que distribúen tarefas a outras administracións sen o diálogo previo pertinente. Isto non é un pacto, é unha promesa, facer que se fai, e non se concreta nada.

E si, a situación de Ferrolterra é de emerxencia, precisa de accións concretas, de pactos, dun pouco de humildade na que non queiramos demostrar canto de mal ou máis peor o fixo o outro. Evidentemente, o Partido Popular non pasaba por aquí na situación de Ferrolterra dende a súa presenza como Goberno na Xunta e a súa presenza como Goberno do Estado, e o Partido Socialista tampouco. Entón, fagamos unha parada, sexamos humildes, sexamos honestos, e poñamos a vontade real de achegar as solucións que a comarca espera.

#### Sr. Lema Suárez

A verdade, señor Gumersindo Galego, nunca o escoitara falar, foi hoxe a primeira vez. Felicítooo, gustoume tanto o seu discurso que estiven por convidalo a integrarse na Marea Atlántica, porque a verdade é que case, case que o seu discurso pode ser asumido por nós ao 100%. Estou seguro de que vostede rexeitaría o meu convite a entrar na Marea Atlántica, estou segurísimo diso, pero cando menos propoño que o seu partido, agora que pode haber unha vacante na presidencia da Xunta, pois que faga o xesto de propoñelo a vostede porque, sen dúbida, ten vostede

claras certas cuestións.

Eu creo que o único problema no seu discurso é que fala vostede desde un partido, caramba, que é o Partido Popular; é dicir, vostede acusaba o Partido Socialista de privatizar o sector público industrial, vostedes fixeron a súa parte tamén, fixeron a súa parte. Así a bote pronto, Endesa, que vostede citou, completaron vostedes a privatización; Telefónica; Iberia; Inespal, actual Alcoa. Ou sexa, entón, caramba, aí hai un problema de base de credibilidade que é o propio pedigree, a propia historia do seu partido, que desde logo non se concorda a súa liña de crítica, que insisto que podo subscribir eu perfectamente, cos feitos do seu partido e co seu historial, que desde logo ten vostede nese sentido un problema de lexitimidade para a crítica. A lexitimidade danlla os seus feitos e o histórico do seu partido, que non lle permiten a vostede establecer unha crítica tan dura, sinceramente.

Falouse aquí dalgunhas cuestións relevantes, bueno, pois está no expediente recente do seu partido o caso de Barreras, non? Eu creo que non loce demasiado poñerse tan farruco agora a criticar o que deixa de facer, ou fixo, ou deixou de facer o Partido Socialista no seu momento, pois con estes feitos sobre a mesa que desde logo non son moi lucidos.

Entón, eu creo que, e tamén subscribo as palabras da compañeira do BNG cando dicía que non contribúe tampouco para nada ao desenvolvemento futuro do noso país seguir apostando, por exemplo, na moción que se debateu sobre a eólica mariña, pola instalación dun sector que pode provocar sen dúbida a destrución de postos de traballo, pero que non sabemos, temos a certeza de que non vai crear outros novos nin vai supoñer para nós unha mellora na nosa competitividade, vía un abaratamento do custo da enerxía para as empresas que se establecen en Galicia. É dicir, vostedes están acusándose mutuamente un ao outro, o Partido Socialista e o Partido Popular, de ter compartido o mesmo crime, que é basicamente a privatización do sector público industrial estatal, no que eu diría que, francamente, o Partido Popular fixo moito máis polo seu peche, os anos 95 e 97 do Goberno de Aznar son case, case insuperables, francamente, aínda que desde logo o Partido Socialista iniciou ese camiño tamén, e iso –insisto– supón unha quebra da súa credibilidade e da lexitimidade do seu partido para establecer ese tipo de críticas tan tan duras.

Polo tanto, nós o que pensamos é que o que se precisa é realmente tomar en serio este problema, pasar dunha dinámica do simple combate, da simple dialéctica electoral e partidista, a tomar en serio este problema, empezando penso por unha oferta de diálogo real, non por case, case un menú precociñado que se presenta sobre a mesa para que os outros participen del. Eu creo que francamente non é serio, non amosa a necesaria sensibilidade co tema. Non dubido, desde logo, a nivel particular como alcalde que vostede a teña, digo que o seu partido para min non a amosa. Tamén comparto desde logo a crítica o feito de que esta superdelegación da Xunta en Ferrol tampouco parece que vaia polo camiño de solucionar os problemas de Ferrol a longo prazo, senón tamén máis ben por lóxicas internas do Partido Popular, polo tanto nós ímonos abster tamén nesta moción do Partido Popular.

Nada máis e grazas.

Sr. Galego Feal

Ben, en favor da brevidade, non vou entrar en determinadas cuestións que creo que a verdade neste caso é confundir as churras coas merinas e que non veñen ao caso.

Imos ver, imos ver: esa emenda, evidentemente, o que pretende é subirse ao carro, nin máis nin menos, é subirse a este carro, porque en que cabeciña cabe que o presidente da Xunta vai impoñer este pacto ao resto das administracións. Pero, miren, iso non ten sentido ningún, iso tamén o sabemos nosoutros. Outra cousa é que se denomine pacto e diga non, debeu de denominarse proxecto de pacto de Estado. Ben, vale, pois póñalle proxecto de pacto de Estado se quere. Evidentemente o presidente da Xunta non é quen de impoñerlle ao presidente do Goberno de España que asuma ningunha destas competencias que relacionan aí, como tampouco é quen de dicirlllo ao presidente da Deputación, pero é que tampouco é quen de dicirlllo a vostede no seu Concello. Entón, a que xogamos?, a que xogamos? Vostedes teñen algunha proposta? Ben, pois isto é unha proposta seria, estudada, reflexiva e importante para a comarca, por iso lles dicía eu que me gustaría moito que a miraran, e non vou empezar a tirar pedras para un lado nin tirar pedras para outro, pero o que pasou no naval en Ferrol sábeo todo o mundo, e quen foi o culpable tamén o sabe, e iso na comarca sábese. E fastídiame moito que precisamente incluso o presidente desta institución, que supoño que nalgún momento aspirará, ao mellor non, non o sei, porque lle saen competidores, tampouco o sei, e diga que isto é unha carta aos Reis Magos que escribe o señor Feijóo. Non, mire, cartas aos Reis Magos escribenas vostedes a Madrid e non teñen contestación, evidentemente, tanto a alcaldesa da Coruña, e digo calquera dos alcaldes, alcaldesa da Coruña, alcalde de Vigo e todos os alcaldes dos concellos máis pequenos, non menos importantes, nin a esta Deputación. Entón, eu creo que isto, e digamos que as posturas ou as posicións que se teñan respecto disto si deberían interesar a quen de verdade nalgún momento queira aspirar á Xunta de Galicia, porque os votos de Ferrolterra tamén son importantes, tamén son bastante importantes.

Entón, se isto é un brinde ao sol e se isto é, pois iso, unha carta aos Reis Magos, igual chego eu antes á lúa antes que algúns á presidencia da Xunta, e para chegar eu á lúa teño que facerme astronauta, así que fíxese vostede o tempo que me queda aínda por diante.

Por tanto, sexamos razoables e sexamos lóxicos. Isto é unha proposta, isto é unha proposta, que evidentemente quen está á cabeza desta proposta e quen xa asumiu esta proposta e xa deu os primeiros pasos para que esta proposta vaia adiante, claro que ten que poñerse en contacto co resto das administracións. Iso sábeo el mellor que ninguén porque eu considéroo máis listo ca min, entón iso sábeo, pero o documento está aí. E a miña pregunta é: e que problema hai por traballar sobre este documento? Iso é o que non entendo, porque entre as 100 materias nas que que é competente cada unha das catro administracións hai algunha trabucada? Hai algunha que non lle corresponda? Entón, habería que falar de todo iso. E logo non me veña dicindo, “ah, é que a competencia de industria é da Xunta de Galicia”. Mire, vostede sabe que é unha empresa pública que depende da SEPI, o mesmo que os polígonos, hai polígonos que dependen da Xunta e outros polígonos, pois está a

súa compañeira de partido dona Beatriz Sestayoy, que é a que está levando o tema do solo industrial, ou non? Equivócome? Entón, vale. Entón vostedes terán que poñer os medios suficientes nas empresas públicas que sexan de titularidade estatal e a Xunta terá que poñer nas que sexan de titularidade autonómica, o mesmo que nos parques empresariais. Unha cousa non é contraditoria coa outra.

Claro, diciame, non é que incluso agora que o transporte metropolitano fastidiaron a comarca, ah, e logo o tren que o ten que traer, a Xunta?, nun tacatá, teno que traer a Xunta? Home, non! Estamos illados totalmente, pero totalmente illados, e iso non é unha competencia da Xunta; Puertos del Estado tampouco é competencia da Xunta.

Entón, creo que o que falta é sentarse seriamente e con serenidade a examinar unha proposta, porque volvo dicir e volvo repetir, aquí non se trata de impoñer nada a ninguén porque todos somos maiorciños e sabemos as competencias que ten cada un, vale? Entón, se isto non vale como proposta, fagan vostedes unha, fágana, fagan unha contraproposta. Porque, mire, eu xa sei que a moción que traemos nosoutros é moi sinxela, moi aséptica e non se mete absolutamente con ninguén, e se cre que todo este tocho do Pacto por Ferrol se resume facendo unha emenda, sen prexuízo das intervencións que faga eu e das intervencións que faga vostede, que tampouco van saír de aquí nin van ter maior publicidade nin transcendencia, eu creo que a transcendencia non é o que nosoutros esteamos agora aquí discutindo e falando; a transcendencia é este documento. Que nos vale? Pois cando sentemos todos e esteamos de acordo todos en sentar, faremolo. Pero vostedes, e refírome a vostedes, ao Partido Socialista, nalgúns sitios abstéñense, noutros sitios votan a favor e cando chega a Madrid votan en contra. Dirán, e vostedes fan o mesmo? Pois probablemente si, pero ao mellor entoamos o *mea culpa*.

Grazas.

Sr. Presidente

A seguinte proposta é un pacto de Estado polos tempos no Pleno.

Sra. Muíño Filgueira

Nada, eu quería facer unha simple puntualización: manteño a valoración sobre o texto da proposta ou como se lle queira chamar. Non se trata de pacto e, se houbera vontade real de avanzar na negociación e na concreción de medidas, paréceme que quen o propuxo dende o 31 de maio do ano pasado, pasaron meses e houbo tempo de concretar, achegar posturas ou ser proactivos para que realmente houbera pacto. Non foi así. Si que é verdade que curiosamente, coincidindo con esa presentación da delegación da Xunta de Galicia en Ferrol, que si que é unha das medidas que se concretaron, volve saír para refrescarnos a memoria ,a existencia deste documento e do non pacto de medidas que realmente dean solución a unha situación que, insisto, é dramática e urxente, dende o 31 de maio do ano pasado.



Sr. Presidente

Breve, por favor.

Sr Fernández Piñeiro

Para rematar, moi brevemente.

Ben, alégrame Sr. Galego, que ao final case asumiras o meu discurso sen dicilo, sei que non o vas recoñecer, pero está ben que empezaras a falar doutras cuestións que tamén son competencia da Xunta. E o do transporte metropolitano é verdade, e o do ferrocarril é verdade. A diferenza é que eu puxen os dous de manifesto, e vós só poñedes un sempre. Falades do ferrocarril, do outro non falabas, se non o saco eu, non terías falado dese tema. Polo tanto, por iso hai unha diferenza entre cando defendemos algúns a bisbarra e outros, que nós a defendemos independentemente de quen governe en calquera institución e outros non.

Orzamento da Xunta para Ferrolterra no ano 2009: 33.445.000 euros, o último ano dese bipartito tan malo; orzamento para a comarca de Ferrolterra do ano 2022: 22.120.000 euros; é dicir, que 13 anos despois hai once millóns e medio de euros menos para a nosa bisbarra. Bueno, pois é un exemplo de que non sempre cando goberna o socialista é malo para a bisbarra de Ferrol.

Sr. Lema, a eólica mariña si que xera postos de traballo e en Navantia Fene temos un exemplo cos iates que constrúe. Se se implantan máis parques haberá máis carga de traballo, porque é un estaleiro competitivo nese sector e de aí que moitas empresas, e entre elas Windar, para distintos plans sobre todo de Iberdrola nos distintos parques que está a implantar en todo o mundo, constrúen as súas *jackets* en Navantia; non é para facernos un favor, é porque é competitiva. Polo tanto, aí si se xera emprego, e o sustento do saneamento do emprego agora mesmo nese estaleiro de Navantia Fene, como ben sabe o Sr. Galego, en gran medida é grazas a esas *jackets*. Por tanto si que xera emprego. Iso non quere dicir que, se hai algún estudo que despois poida, como dicíamos antes, acreditar que o destrúe noutros sectores haberá que valoralo.

E, Sra. Muíño, só unha pequena cousa: non é cuestión só de PSOE-PP, o BNG tamén gobernou a Xunta e a súa proposta era privatizar Navantia Fene; de feito, houbo unha moción presentada no Congreso dos Deputados para a súa privatización polo naquel momento deputado do BNG e respaldada polo conselleiro Fernando Blanco. Polo tanto, non é tanto unha cuestión de tirarnos dos pelos os uns aos outros sobre quen fixo máis e quen fixo menos, todos ao final fixemos pouco ou moito, pero dende logo o que non foi, foi eficiente porque a situación da bisbarra é a que é e todos tivemos responsabilidades na Xunta, naquel momento as competencias de Industria tamén eran autonómicas e polo tanto tamén temos certa responsabilidade. É verdade que con menor espazo de tempo que o Partido Popular.

Pero, por tanto, como se trata de que poidamos facer todos aquí un mea culpa que seguramente teñamos que entoar, eu entóoo, espero que outros fagan o mesmo, e a partir de aí que poñamos solucións sobre a mesa. Pero como dixen ao principio

os pactos non se impoñen, páctanse. Sentemos, que é o que propoño nesta moción. É verdade que a moción non vai contra ninguén, é verdade que a emenda tampouco; de feito ao contrario, o que está é dándolle certa relevancia ao presidente da Xunta pedíndolle que convoque el o Estado e as distintas administracións para poder falar dese tema, e iso é o que hai que facer, e sentemos todos nunha mesa sen ningún tipo de problema para poder chegar a un acordo.

E, por último, o contrato das fragatas foi asinado o 23 de abril de 2019, indicando que en 2022 daría comezo a súa construción, como así vai ser. Espero que todos e todas entendamos que esa é unha boa nova para a nosa bisbarra, pero insuficiente. Polo tanto, sumemos esforzos para conquistar máis carga de traballo e máis investimentos para unha comarca que os demanda a berros.

Moitas grazas.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 12 deputados/as (PP)

Votan en contra: 14 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica).

Decaer a moción.

### **Sr. Presidente**

Hai unha última moción que presenta o Grupo Provincial Socialista sobre a abolición da prostitución.

### **6.Moción que presenta o grupo provincial do PSdeG-PSOE sobre a abolición da prostitución**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A prostitución e a trata para a explotación sexual de mulleres son as manifestacións máis crueis e violentas da desigualdade. Ambas, son parte da mesma estrutura de dominación e violencia que ten a súa orixe na desigualdade estrutural entre mulleres e homes: o racismo, a feminización da pobreza e o aumento da demanda de mulleres e nenas para ser prostituídas.

A abordaxe da trata con fins de explotación sexual, por tanto, non pode desligarse do fenómeno da prostitución, porque é a demanda de prostitución a principal causa do aumento da trata de mulleres e nenas. A trata de mulleres e nenas para a explotación sexual existe porque hai homes que demandan prostitución. A trata de persoas con fins de explotación sexual é unha das principais formas de escravitude contemporánea e unha flagrante violación dos Dereitos Humanos. A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual é tamén un dos negocios máis lucrativos, despois do tráfico de armas e o tráfico de estupefacientes.

A Convención Internacional contra a Trata de Persoas e a Explotación da Prostitución Allea de Nacións Unidas, é o instrumento legal que expresa a vontade política de combater a explotación sexual que sofren as mulleres e as distintas formas, en que esta se presenta. No seu preámbulo considera que "a prostitución e o mal que a acompaña, a trata de persoas para fins de prostitución, son incompatibles coa dignidade e o valor da persoa humana..."

O Convenio de Varsovia, do 16 de maio de 2005, asinado por España en xullo de 2008, sinala que o principal valor engadido do devandito Convenio en relación con outros instrumentos internacionais, é a súa perspectiva de Dereitos Humanos e o seu enfoque baseado na protección das vítimas. O Convenio de Varsovia sinala entre os seus obxectivos:

- a) previr e combater a trata de seres humanos, garantindo a igualdade entre as mulleres e os homes;
- b) protexer os dereitos das persoas vítimas da trata, crear un marco completo de protección e de asistencia ás vítimas e as testemuñas, garantindo a igualdade entre as mulleres e os homes, así como garantir unha investigación e unhas accións xudiciais eficaces,
- c) promover a cooperación internacional no campo da loita contra a trata de seres humanos.

A Resolución do Parlamento Europeo, do 26 de febreiro de 2014, sobre explotación sexual e prostitución e o seu impacto na igualdade de xénero, indica que a prostitución, xa sexa forzada ou non, representa formas de escravitude incompatibles coa dignidade da persoa e cos seus dereitos fundamentais. A prostitución e a explotación sexual das mulleres e nenas son formas de violencia e, como tales, supoñen un obstáculo á igualdade entre mulleres e homes. A explotación na industria do sexo é causa e consecuencia da desigualdade de xénero e perpetúa a idea de que os corpos das mulleres e as nenas está en venda.

Os últimos datos publicados pola Oficina das Nacións Unidas sobre a Droga e o Delito e a Unión Europea indican que as mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas detectadas en todo o mundo e o 80% das vítimas identificadas en Europa occidental. O 95% delas acaban explotadas na prostitución, o que pon de manifesto a moi estreita relación que hai entre a trata e a prostitución.

España é un dos países onde máis mulleres e nenas son prostituídas. Segundo datos achegados pola ONU, España encabeza a lista dos países da Unión Europea cun 39% dos homes que acudiron á prostitución polo menos unha vez na súa vida, con moita distancia respecto a os demais países que se sitúan preto do 19%, a media europea. A estreita relación cos procesos migratorios converteu ao noso país en porta de entrada a Europa e, ao mesmo tempo, país de destino e de tránsito para as vítimas de trata. A prostitución é unha vulneración dos Dereitos Humanos que está relacionada case sempre coa violencia, a marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

É necesaria unha resposta máis contundente por parte de todas as administracións fronte a trata de seres humanos e, especialmente á contra aquela que se realiza con fins de explotación sexual. Este 8 de marzo é necesario facer un chamamento sobre a

necesidade dun gran consenso político e social dirixido á abolición da prostitución no noso país, e o papel que todas as Administracións teñen neste proceso. A abolición da prostitución é un proceso longo e complexo que debe estar marcado por iniciativas lexislativas en todos os niveis da Administración pública, e de políticas públicas adecuadamente financiadas, á vez que require de grandes cambios na nosa sociedade, especialmente aínda que non so- entre os homes. Neste camiño cara á abolición da prostitución o compromiso das e dos socialistas é impulsar políticas públicas en materia laboral, de xustiza e de política social que ofrezan unha resposta eficaz e unha saída a estas mulleres.

Por todo iso, o Grupo Provincial do PSdeG na Deputación Provincial da Coruña, presenta para a súa aprobación polo Pleno, os seguintes

#### ACORDOS:

1 Instar ao Goberno de España a que elabore unha Lei Contra a Trata de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual que teña como obxectivo a abolición da prostitución no noso país.

2 Impulsar no marco das competencias autonómicas/municipais medidas de sensibilización e formación sobre a vulneración de Dereitos Humanos que supón a trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a favor da abolición da prostitución.

3 Instar a todas as administracións a que no ámbito das súas competencias, traballen de forma efectiva polo desaparición dos espazos onde se promova a prostitución, e poñan en marcha programas de protección e apoio integral para as mulleres prostituídas.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Con esta moción faise unha proposta para instar o Goberno de España a elaborar unha lei para abolir a prostitución, esa lacra que afecta a unha parte importantísima da nosa sociedade, como son esas mulleres. Unha lacra que obriga a moitas delas a manter relacións sexuais con mafias que hai detrás; é dicir, penso que non fai falta que poña sobre a mesa moitos argumentos a favor desa abolición, tendo en conta que a maioría dos grupos que estamos aquí sentados nos declaramos abertamente abolicionistas. De feito, o Partido Popular fíxoo non hai moito e o Partido Socialista tamén, e así me consta que algún membro doutros partidos tal cal como fixeron saber estes días e mo trasladaron opinan exactamente o mesmo. Polo tanto, os acordos desta moción “instan o Goberno de España a que elabore unha lei contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual que teña como obxectivo a abolición da prostitución no noso país”.

O segundo punto “insta a impulsar no marco das competencias autonómicas municipais medidas de sensibilización e formación sobre a vulneración de dereitos humanos que supón a trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a favor da abolición da prostitución”.

E “instar tamén –no terceiro punto– todas as administracións a que no ámbito

das súas competencias traballen de forma efectiva pola desaparición dos espazos onde se promova a prostitución e poñan en marcha programas de protección e apoio integral para as mulleres prostituídas”.

Penso que todos e todas seguramente compartiremos o que é o fondo e o espírito desta moción e, polo tanto, solicito o apoio de todos os grupos para que sexa aprobada esta.

#### Sr. Lema Suárez

Nós presentamos unha emenda a esta moción que creo que o Partido Socialista aceptou, unha parte de substitución onde se inclúe a Deputación da Coruña entre as administracións obrigadas e chamadas a actuar ante esta cuestión; e unha emenda de engadido que di o seguinte: “instar a Deputación da Coruña a que elabore e implemente dende a área de Igualdade un novo programa de sensibilización e educación en igualdade e masculinidades que poña o foco no consumo e a demanda da prostitución”.

Ben, creo que ninguén ten dúbidas respecto de que a prostitución simboliza como a institución na que mellor se pode visibilizar todo o contido e a violencia estrutural que supón o patriarcado. É evidente que a obriga na que se ven as mulleres de vender os seus corpos para poder sobrevivir corrobora todas as teses e todo o que ordena esa división violenta da relación entre os xéneros, entre o xénero masculino e o xénero feminino. E que cómpre loitar contra ela, pensamos nós, focalizando os esforzos no consumo e na demanda. Eu creo que é relevante que haxa medidas que faciliten que as mulleres que se ven na obriga de exercer a prostitución poidan deixar esta actividade, pero tamén hai que focalizalo na parte dos consumidores e na parte da demanda, que son os que finalmente sustentan este negocio, que non deixa de ser tamén unha actividade económica ilícita. Entón, comunicóusenos desde o Partido Socialista que se aceptaba esta emenda á súa moción e nós imos votar favorablemente.

Nada máis e grazas.

#### Sr. García Seoane

Hai cousas que non se combaten só coas leis, porque as leis existen. O tráfico de mulleres está penalizado nas leis do Estado, ah, pero ninguén actúa; ás veces hai incluso xente das forzas de seguridade nos concellos e nas cidades que ás veces teñen ligazóns con esas casas e cando interesa se fai unha redada un día e logo déixase para toda a vida, 3 ou 4 anos. É dicir, é tremenda a situación. Esa situación non se arranxa simplemente con leis, esa situación arránxase tomando medidas desde os concellos onde están situadas. Un métese polas estradas de aquí da comarca sen ir máis lonxe, pero se vas máis lonxe peor aínda, por toda Galicia, como fun eu este día, e non hai máis que casas de prostitución. Por certo, case todas elas sen licenza, case todas elas sen licenza, feitas daquela maneira, como lle dá a gana ao elemento, sen permiso, sen nada de nada. Non hai máis que casas de putas por toda Galicia consentidas polos concellos.

Eu recoméndolles unha solución. O concello de Oleiros tiñamos algunha casa desas, eu tireinas, unha de baixo e 3 plantas, outra de baixo e 2, e dous de... E logo cerrei todos os tugurios que había de explotación de mulleres. En Oleiros que eu saiba, que eu saiba, non hai ningunha casa de citas nin de prostitución aberta ao público sen máis. Hai casas privadas indubidablemente nas que se fará prostitución, tamén estamos detrás de todo iso, eses pisos agora de verán, eses pisos de alugueiro de verán que agora son tamén casas de prostitución, consentidas polos concellos sabendo o que hai en cada casa.

Por tanto, aquí o que teñen que facer os alcaldes é tomar as medidas que hai que tomar. Primeiro, prohibir obras ilegais; segundo, autorizar servizos sen ningún tipo de licenza, e tomar as medidas contundentes contra toda esta delincuencia, que é unha delincuencia os que explotan esas mulleres, tomar medidas contra eles que os metan dunha puñetera vez no cárcere, e que se atrevan valentemente a tomar as medidas, porque, claro, que hai detrás de todo isto?, unha covardía. Por que? porque ameazan. Eu fun tres veces aos tribunais e ameazan aos alcaldes. Pasoulle a Julio Sacristán no seu día, sacáronlle unha pistola nun portal. A min sacáronme unha pistola varias veces; tiveron que ir eu con outra pistola e dicirlle “saque vostede e a ver quen dispara antes”, como foi na nacional VI. Entón, deixémonos de rolos, deixémonos de rolos, hai fórmulas para eliminar todo isto. O que hai que ter é va-len-tía.

Nada máis.

Sr. Presidente

Estabas de ....., non?, Sr. García Seoane. O da pistola era en serio?

Sr. García Seoane

Fomos tirar o edificio e saíu o tío cunha escopeta de cartuchos, e púxose na escaleira. Chámanme os servizos que ían tirar o edificio: “alcalde, no podemos entrar que no nos deixa”. Fun eu alí coa policía, xa estaba a policía alí pero fun coa persoa que me acompañaba e levaba unha pistola aquí no cinto. Entón, cando o tío sacou a escopeta de cartuchos eu sáqueille a pistola ao policía, cargueina e dixen “baja o sube”. E tiramos o edificio.

Sr. Galego Feal

A ver, o Partido Popular a esta moción ten unha emenda e esa emenda di que como texto alternativo no punto 1: “instar o Goberno de España a que se impulse a aprobación dunha lei orgánica contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual tal e como establece a medida 257 do Pacto de Estado contra a violencia de xénero no ano 2017”. Entón, nosoutros cremos que esta é unha emenda xustificada, porque non se fai referencia absolutamente para nada a este Pacto de Estado, e cremos que é xusto que esta moción nese punto primeiro estea recollida. Ademais, xa sabemos que a lei da trata foi unha promesa electoral do Goberno central e que está a piques de levarse a cabo polo visto alá en xaneiro do ano 2022, pois o Ministerio do Interior presentou o Plan estratéxico nacional contra a trata e

explotación de seres humanos 21-23. Entón, se se acepta esta emenda, o Partido Popular vai votar a favor, e, se non se acepta, vaise abster.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, nós aceptamos ambas as dúas emendas.

Sra. Muíño Filgueira

Xa para finalizar, e acolléndome ao compromiso que tomamos o outro día na Xunta de Voceiros, prometo ser breve.

Nós imos votar a favor da moción, xa queda recollido que a proposta de Lei orgánica se corresponde coa medida 257 recollida no Pacto de Estado. Celebramos que se inste o Goberno a que dea cumprimento a este compromiso. Consideramos que a importancia de poñer o foco nos proxenetas, nas persoas que someten a situación de prostitución a mulleres e tamén naquelas persoas que consomen, e reafirmámonos na importancia de poñer tamén o foco no dereito das mulleres prostituídas e na necesidade de incidir nas medidas e recursos necesarios para facilitar a súa saída desta situación. A día de hoxe non podemos esquecer que as organizacións que se están encargando deste traballo son ONG e daquela mirar de garantir os recursos necesarios para o seu funcionamento e tamén reclamar a implementación por parte da Administración da Xunta de Galicia de recursos de titularidade pública que permitan dar esta atención tan necesaria.

En relación á emenda presentada pola Marea, non quería deixar pasar o feito de que na diagnose e no Plan de acción de igualdade da Deputación aparece recollido na súa medida 6, punto 3, apartado 4, a inclusión na convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para políticas de igualdade dunha liña para o desenvolvemento de programas para a sensibilización ou intervención no ámbito da trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, e así queda recollido, que mediante a nosa liña de subvencións para entidades que traballan no ámbito de prevención e intervención no ámbito de violencia de xénero e igualdade, financiamos ás dúas entidades que traballan co colectivo de mulleres prostituídas na provincia da Coruña e que no ano anterior desenvolvimos unha acción que versaba concretamente sobre a sensibilización e visibilización da realidade sobre a trata dirixida a informar e á prevención.

Por outra banda, estamos neste momento en proceso de elaboración dun prego técnico para a contratación dun programa coeducativo en toda a provincia que pretende chegar a todos os centros educativos, que é nos seus contidos un plan ambicioso e de contido e intensidade que conta nos aspectos a traballar con cuestións relativas ao consumo de pornografía, á realidade da trata e da prostitución no país. Máis nada.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados/as (12 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea)

Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Ó Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

**"Moción que presenta o grupo provincial do PSdeG-PSOE sobre a abolición da prostitución"**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A prostitución e a trata para a explotación sexual de mulleres son as manifestacións máis crueis e violentas da desigualdade. Ambas, son parte da mesma estrutura de dominación e violencia que ten a súa orixe na desigualdade estrutural entre mulleres e homes: o racismo, a feminización da pobreza e o aumento da demanda de mulleres e nenas para ser prostituídas.

A abordaxe da trata con fins de explotación sexual, por tanto, non pode desligarse do fenómeno da prostitución, porque é a demanda de prostitución a principal causa do aumento da trata de mulleres e nenas. A trata de mulleres e nenas para a explotación sexual existe porque hai homes que demandan prostitución. A trata de persoas con fins de explotación sexual é unha das principais formas de escravitude contemporánea e unha flagrante violación dos Dereitos Humanos. A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual é tamén un dos negocios máis lucrativos, despois do tráfico de armas e o tráfico de estupefacientes.

A Convención Internacional contra a Trata de Persoas e a Explotación da Prostitución Allea de Nacións Unidas, é o instrumento legal que expresa a vontade política de combater a explotación sexual que sofren as mulleres e as distintas formas, en que esta se presenta. No seu preámbulo considera que "a prostitución e o mal que a acompaña, a trata de persoas para fins de prostitución, son incompatibles coa dignidade e o valor da persoa humana..."

O Convenio de Varsovia, do 16 de maio de 2005, asinado por España en xullo de 2008, sinala que o principal valor engadido do devandito Convenio en relación con outros instrumentos internacionais, é a súa perspectiva de Dereitos Humanos e o seu enfoque baseado na protección das vítimas. O Convenio de Varsovia sinala entre os seus obxectivos:

- a) prever e combater a trata de seres humanos, garantindo a igualdade entre as mulleres e os homes;
- b) protexer os dereitos das persoas vítimas da trata, crear un marco completo de protección e de asistencia ás vítimas e as testemuñas, garantindo a igualdade entre as mulleres e os homes, así como garantir unha investigación e unhas accións xudiciais eficaces,
- c) promover a cooperación internacional no campo da loita contra a trata de seres humanos.

A Resolución do Parlamento Europeo, do 26 de febreiro de 2014, sobre explotación sexual e prostitución e o seu impacto na igualdade de xénero, indica que a



prostitución, xa sexa forzada ou non, representa formas de escravitude incompatibles coa dignidade da persoa e cos seus dereitos fundamentais. A prostitución e a explotación sexual das mulleres e nenas son formas de violencia e, como tales, supoñen un obstáculo á igualdade entre mulleres e homes. A explotación na industria do sexo é causa e consecuencia da desigualdade de xénero e perpetúa a idea de que os corpos das mulleres e as nenas está en venda.

Os últimos datos publicados pola Oficina das Nacións Unidas sobre a Droga e o Delito e a Unión Europea indican que as mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas detectadas en todo o mundo e o 80% das vítimas identificadas en Europa occidental. O 95% delas acaban explotadas na prostitución, o que pon de manifesto a moi estreita relación que hai entre a trata e a prostitución.

España é un dos países onde máis mulleres e nenas son prostituídas. Segundo datos achegados pola ONU, España encabeza a lista dos países da Unión Europea cun 39% dos homes que acudiron á prostitución polo menos unha vez na súa vida, con moita distancia respecto a os demais países que se sitúan preto do 19%, a media europea. A estreita relación cos procesos migratorios converteu ao noso país en porta de entrada a Europa e, ao mesmo tempo, país de destino e de tránsito para as vítimas de trata. A prostitución é unha vulneración dos Dereitos Humanos que está relacionada case sempre coa violencia, a marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

É necesaria unha resposta máis contundente por parte de todas as administracións fronte a trata de seres humanos e, especialmente á contra aquela que se realiza con fins de explotación sexual. Este 8 de marzo é necesario facer un chamamento sobre a necesidade dun gran consenso político e social dirixido á abolición da prostitución no noso país, e o papel que todas as Administracións teñen neste proceso. A abolición da prostitución é un proceso longo e complexo que debe estar marcado por iniciativas legislativas en todos os niveis da Administración pública, e de políticas públicas adecuadamente financiadas, á vez que require de grandes cambios na nosa sociedade, especialmente aínda que non so- entre os homes. Neste camiño cara á abolición da prostitución o compromiso das e dos socialistas é impulsar políticas públicas en materia laboral, de xustiza e de política social que ofrezan unha resposta eficaz e unha saída a estas mulleres.

Por todo iso, o Grupo Provincial do PSdeG na Deputación Provincial da Coruña, presenta para a súa aprobación polo Pleno, os seguintes

#### ACORDOS:

- 1 Instar ao Goberno de España a que impulse a aprobación dunha Lei Orgánica Contra a Trata de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual tal e como establece a medida 257 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (ano 2017)
- 2 Impulsar no marco das competencias autonómicas/provinciais/municipais medidas de sensibilización e formación sobre a vulneración de Dereitos Humanos que supón a trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a favor da abolición da prostitución.
- 3 Instar a todas as administracións a que no ámbito das súas competencias,

traballen de forma efectiva polo desaparición dos espazos onde se promova a prostitución, e poñan en marcha programas de protección e apoio integral para as mulleres prostituídas.

4.-Instar á Deputación da Coruña a que elabore e implemente dende a área de igualdade un novo programa de sensibilización e educación en igualdade e masculinidades que poña o foco no consumo e demanda da prostitución."

## ROGOS E PREGUNTAS

### Sr. Ben Otero

Un rogo moi brevemente. Espero que non lle pareza mal ao Sr. García Seoane pola hora, e agora que está desarmado, vou aproveitar para formular o rogo. Era unha broma.

Era unha cuestión de Carballo onde me trasladan os compañeiros do Partido de Carballo unha necesidade para a DP 1902, que une a estrada de Carballo a Razo. Na zona de praias os veciños da parroquia de Oza pediron varias veces ao Goberno local e tamén ao vicepresidente, señor Regueira, que se execute unha senda peonil que una a senda peonil e ciclista da avenida de Razo co Concello de Carballo no núcleo da parroquia de Oza, na marxe dereita da nacional DP-1902. Isto uniría peatonalmente unha das parroquias importantes de Carballo co núcleo urbano. Entón, no que puidera vostede como vicepresidente falar co seu compañeiro o señor Pequeño sería unha obra interesante, demandada e necesaria.

Máis nada e grazas.

### Sr. Presidente

Pois moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión ás 15:34 horas.